

ACTA NÚM. 18 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2016.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **17 de novembro de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes, ás sesións ordinaria do 18 de febreiro (núm. 3) e á extraordinaria do 14 de outubro (núm. 16), do ano 2016.

2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PsdeG-PSOE).

3. Solicitude de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do PXOM nas áreas de planeamento incorporado.

4. Ampliación de usos dotacionais autorizados na reserva de equipamento DOC-28 (Escola Unitaria de San Marcos).

5. Adhesión á Rede Estatal de Entidades Locais pola compostaxe doméstica e comunitaria.

6. Aprobación inicial da modificación do artigo 80.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno, para levar a cabo a confección das actas do pleno.

7. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a regularización e posta a disposición das prazas municipais no aparcadoiro subterráneo da Praza Marcial Villamor Varela, colindante coa rúa do Olvido.

8. Proposición do grupo municipal do BNG, para a creación dun programa integral de actividades extraescolares e de conciliación.

9. Proposición do grupo municipal Socialista, relativa ao desenvolvemento do vial de conexión co novo enlace da AP-9 e a Cidade da Cultura, entre a avenida de Manuel Fraga Iribarne e a rúa do Sandino.

10. Dar conta dos reparos efectuados pola intervención municipal ao primeiro semestre do exercicio de 2016.

11. Dar conta do informe de intervención xeral de execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre do exercicio de 2016.

12. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

13. Declaración institucional en relación a compromiso de adopción de medidas propostas por Greenpeace para a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro causadas pola mobilidade urbana.

14. Comparecencia da concelleira delegada de igualdade, desenvolvemento económico e turismo, acordada na sesión plenaria ordinaria do 20 de outubro de 2016.

15. Rogos e preguntas.

16. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para dicir que antes de dar comezo cos asuntos da sesión plenaria ordinaria e cos acordos acadados na xunta de portavoces, vaise proceder a gardar un minuto de silencio, polas vítimas durante este mes de violencia machista.

Seguidamente, o Sr. Alcalde, pasa a transmitir o acordo da Xunta de Portavoces diante do falecemento de Fran Pérez, coñecido como Narf, músico e compositor galego finado este 15 de novembro de 2016, polo que a Corporación do Concello de Santiago acorda expresar o seu máis sentido pésame.

O Pleno da Corporación, aprobou por unanimidade dos presentes, a seguinte Declaración Institucional, que foi pactada no día de hoxe en Xunta de Portavoces, e asinada polos mesmos, en reivindicación da demanda unánime dun Xulgado do Social para a cidade de Santiago de Compostela, e que ten o seguinte contido:

“Reunidos os voceiros e voceiras dos catro grupos municipais da Corporación de Santiago de Compostela, á vista da decisión de non incluír un novo Xulgado do Social para Santiago no marco do último reparto de novos xulgados en Galicia, e tendo en conta que as cifras e o volume de traballo nos xulgados de Santiago están a acumular un retraso na resolución dos expedientes que supera os 3 anos no Xulgado do Social, así como, a sobrada importancia de contar con unha xurisdición social axeitada para

atender os dereitos da cidadanía, os grupos asinantes da presente declaración institucional propoñen ao Pleno do Concello de Santiago:

Lamentan a mencionada decisión e instan a administración competente para que amplíe esta distribución cun novo Xulgado do Social na nosa cidade no menor tempo posible.”

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES, ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO 18 DE FEBREIRO (NÚM. 3) E Á EXTRAORDINARIA DO 14 DE OUTUBRO (NÚM. 16), DO ANO 2016.

Apróbanse por unanimidade dos/as presentes, as actas correspondentes ás sesións plenarias ordinaria do 18 de febreiro de 2016, acta núm. 3/16, e á extraordinaria do 14 de outubro de 2016, acta núm. 16/16.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

3. SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NAS ÁREAS DE PLANEAMENTO INCORPORADO.

O informe emitido pola xefa de sección de xestión urbanística de data 7 de outubro de 2016, que trae o conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“O proxecto fórmase de oficio polos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión co fin de clarificar e harmonizar a aplicación de aspectos puntuais do planeamento incorporado ao vixente Plan xeral de ordenación municipal.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través das disposicións transitorias e finais da súa normativa, remite a ordenación pormenorizada de varios ámbitos da cidade a concretos instrumentos de planeamento urbanístico -plans parciais ou de sectorización e plans especiais- aprobados con anterioridade, os cales adquiren así a consideración de planeamento incorporado ou integradopolo novo Plan xeral.

Este planeamento incorporado segue a desenvolverse e aplicarse segundo as súas determinacións, agás as modificacións que expresamente se relacionan nas respectivas disposicións do PXOM.

2.XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende solventar as discrepancias que se puxeron de manifesto polos técnicos do Servizo Municipal de Licenzas en canto á aplicación práctica de aspectos puntuais da normativa do planeamento incorporado na zona de Fontiñas (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Outeiro e Vieiro).

Se ben os problemas foron detectados nos citados ámbitos de planeamento, óptase por engadir na normativa do PXOM unha disposición de alcance xeral para todos os planeamentos incorporados, que clarifique os criterios para determinar a superficie edificable permitida e para a utilización dos espazos baixo cuberta, coa finalidade principal de harmonizar a súa regulación co marco legal vixente e coas condicións xerais do PXOM.

Por outra banda, e na marxe do anterior, tamén se estimou conveniente clarificar o procedemento a seguir cando se pretenda modificar ou reformar puntualmente concretas determinacións do planeamento incorporado.

3.CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

Cos obxectivos anteriormente sinalados, a Modificación proxectada integra varios aspectos, segundo se describen no apartado 5 do borrador que acompaña ao expediente:

a) Utilización dos espazos baixo cuberta

Neste punto, e en aras dunha maior uniformidade e homoxeneización de criterios, propónse aplicar con carácter xeral o establecido no segundo parágrafo do artigo 125.6 do PXOM vixente (Construcións por riba da altura), que permite a utilización dos espazos baixo cuberta con destino a usos complementarios da edificación como trasteiros ou a usos dos permitidos na planta inmediata inferior, sempre que a súa utilización estea vinculada á mesma, mediante escaleira interior.

b) Superficie edificable permitida no solo urbano consolidado e non consolidado

Nos terreos que teñen a condición de solo urbano consolidado, a lei establece a aplicación directa das determinacións do plan sobre a parcela (artigo 22.a da LSG) para a materialización do volume edificable, que se atopa perfectamente definido nas ordenanzas ou nos planos de ordenación mediante o sinalamento de liñas de edificación e alturas (sólido capaz). En consecuencia, nesta categoría de solo, a superficie edificable en cada parcela será a que resulte de aplicar as condicións de edificación que no plan se establezan (altura, fondo, ocupación, etc.), as cales definen

un volume edificable ou aproveitamento real, que é o permitido pola ordenación urbanística, con independencia da súa medición ou cómputo.

Nos ámbitos de solo urbano non consolidado (polígonos ou unidades de execución), tamén será autorizable o volume edificable permitido polo respectivo plan, sempre que non exceda o índice legalmente establecido para o solo urbano non consolidado (hoxe definido polo artigo 41.1 da LSG), o que haberá de xustificarse sobre o ámbito do respectivo polígono ou, de ser o caso, sobre o conxunto do solo urbano non consolidado da respectiva área de planeamento ou do distrito (artigo 42.4 da LSG).

c) Procedemento aplicable para a modificación puntual do planeamento incorporado

Por motivos de seguridade xurídica, clarifícase o procedemento a seguir para a modificación ou reforma puntual das determinacións do planeamento incorporado.

Así, e na medida en que o PXOM remite a ordenación detallada destes ámbitos a plans de desenvolvemento aprobados con anterioridade, considérase axeitado que a alteración do seu contido sexa o mesmo procedemento aplicable para a aprobación do planeamento de desenvolvemento -plan parcial, de sectorización, ou especial, segundo proceda-, agás se a modificación proposta afecta a determinacións ou contidos legalmente reservados ao planeamento xeral (determinacións básicas ou estruturantes, non susceptibles de modificación ou reaxuste polo planeamento de desenvolvemento).*

Para clarificar as cuestións apuntadas proponse engadir unha nova disposición final 18ª á normativa do PXOM.

4.SOLICITUDE DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

A Modificación, en canto supón a inclusión dunha nova disposición final na normativa do PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)*, sendo agora competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da dita Lei e 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

Artigo 123.1.i) da LBRL:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, ao se tratar dunha modificación menor do plan xeral vixente, resulta aplicable o **procedemento de avaliación ambiental simplificada**, debendo o Concello trasladar ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- Solicitud de inicio da avaliación ambiental simplificada
- Borrador da Modificación proposta
- Documento ambiental estratéxico (DAE), co contido mínimo que de seguido se describe:

a) Los objetivos de la planificación.

b) El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.

c) El desarrollo previsible del plan o programa.

d) Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.

e) Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.

f) Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.

g) La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.

h) Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.

i) Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.

j) Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan.

Segundo dispón o artigo 18.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA), o órgano substantivo -isto é, o da administración pública competente para aprobar o plan- comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación

sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

Para os plans cuxa aprobación corresponda ás entidades locais, o artigo 11.3 da LAA dispón que as funcións atribuídas po resta lei ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

Perante a falta de norma autonómica expresa que regule esta cuestión, é preciso acudir aos títulos competencias da Lei de bases do réxime local. Nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da dita Lei, atribúese ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral, así como para a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e instrumentos de ordenación urbanística (artigo 123.1.i)-.

En consecuencia, parece lóxico que tratándose dunha modificación do Plan xeral, o acordo de remisión de documentación ao órgano ambiental se adopte polo Pleno Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAE, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental, pero non prexulga nin vincula a que, de ser o caso, haxa de adoptar para a aprobación inicial do planeamento.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que pola Sección Municipal de Planeamento se elaborou, en outubro de 2016, o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador** da Modificación puntual do PXOM nas áreas de planeamento incorporado.
2. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA)*, segundo consta no informe asinado pola que subscribe o 7 de outubro de 2016.
3. Que o proxecto elaborado polos Servizos Técnicos Municipais ten o carácter de *borrador* ou avance de planeamento, habendo de confeccionarse con posterioridade, e á vista da resolución que se adopte polo órgano ambiental, o documento de planeamento que haxa de someterse á aprobación do órgano competente.

4. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral, polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da avaliación ambiental.

Con fundamento nas anteriores consideracións, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal nas áreas de planeamento incorporado, promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en outubro de 2016.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola LAA e polo artigo 60 (apartados 3 e 4) da LSG.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Don Jorge Duarte Vázquez, fai defensa do presente punto, e comeza a súa intervención dicindo que o que hoxe traen é o inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do PXOM, relativa a clarificación da ordenanza de baixo cuberta, nas áreas de planeamento incorporado.

É unha petición efectuada polos servizos técnicos municipais, en concreto do departamento de licenzas, da necesidade de clarificar o alcance do Plan xeral de ordenación municipal, aprobado no ano 2008, no referido á forma de utilización dos espazos baixo cuberta.

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través das disposicións transitorias e finais da súa normativa, remite a ordenación pormenorizada de distintos ámbitos da cidade, ámbitos que están regulados a través de plans parciais e plans especiais, e que foron aprobados antes da aprobación do Plan xeral no ano 2008, remite nas súas consideracións, á normativa específica dos mesmos.

O Plan Xeral no ano 2008 unifica o criterio na fórmula de utilización do espazo baixo cuberta, estes planeamentos incorporados ao PXOM e anteriores ao mesmo, tiñan diferentes formas de computar este espazo.

A modificación pretende solventar as discrepancias que se puxeron de manifesto polos servizos técnicos de licenzas, en canto á aplicación práctica de aspectos puntuais da normativa de planeamento na zona de Fontiñas, en especial no plan parcial de Fontiñas, e nos PERIS de Concheiros, Outeiro e Vieiro (aprobados con anterioridade ao plan xeral).

Se ben os problemas foron detectados nos citados ámbitos de planeamento, óptase por engadir na normativa do PXOM unha disposición de alcance xeral para todos os planeamentos incorporados, que clarifique os criterios para determinar a superficie edificada permitida, para utilización dos espazos baixo cuberta, coa finalidade principal de harmonizar a súa regulación co marco legal vixente e coas condicións xerais do PXOM.

Polo tanto, o planeamento que xa estaba aprobado con anterioridade, incorpore nas súas determinacións o mesmo que fixou no ano 2008 o plan xeral para todo o que é solo urbano consolidado.

O contido da modificación supón unha disposición adicional que vira a dicir, basicamente no referente á utilización dos espazos baixo-cuberta:

“Neste punto, e en aras dunha maior uniformidade e homoxeneización de criterios, propónse aplicar con carácter xeral o establecido no segundo parágrafo do artigo 125.6 do PXOM (construcións por riba da altura), que permite a utilización dos espazos baixo cuberta con destino a usos complementarios da edificación como trasteiros ou a usos dos permitidos na planta inmediata inferior, sempre que a súa utilización estea vinculada á mesma, mediante escaleira interior.

Seguidamente os puntos b) e c) falan da forma de cómputo da superficie edificable permitida e do procedemento para a modificación puntual do planeamento incorporado.

En resumo, o que hoxe se trae, é o inicio da avaliación ambiental dunha modificación que propón que o cómputo do espazo baixo cuberta, que modificou no ano 2008 o PXOM e que naquel momento afectada a todo o que era solo urbano consolidado, aqueles ámbitos da cidade que viñan a ser solo urbano, a través de figuras de planeamento diferentes quedaban excluídas, o que pasa a ser con esta modificación, é que todo o solo urbano consolidado teña a mesma forma de computar e de regular os usos permitidos no espazo baixo cuberta.

Esta modificación ten que ser sometida a avaliación ambiental estratéxica, polo que se remite xunto coa proposta de disposición adicional que se incorpora e terá que ser informada positivamente pola Secretaría Xeral de Urbanismo antes da súa aprobación por parte do pleno municipal.

A tramitación dunha modificación do Plan Xeral supón primeiro o inicio do trámite de avaliación ambiental e unha vez emitido informe por parte da Xunta, aprobación inicial polo Pleno, e despois de todos os informes preceptivos, a aprobación definitiva.

Don Rubén Cela Díaz, manifesta na súa intervención, que certamente como ven de comentar o concelleiro, o Plan Xeral remite en varios ámbitos da cidade a plans parciais ou de sectorización e plans especiais aprobados con anterioridade, e iso ten provocado algunha incongruencia en ámbitos como a regulación dos espazos baixo-cuberta, aos que acaba de referirse o concelleiro, e como se veu non fai demasiado tempo nun caso concreto no Polígono das Fontiñas.

Aclara o señor Cela, que a solución proposta e que se trae a debate para a posterior aprobación ao pleno, responde a un criterio técnico, non a unha iniciativa política nin do grupo de goberno, nin de ningún outro, que polo menos, inicialmente solventa posibles contradicións e posibles trato discriminatorio da veciñanza de Santiago, pode contribuír a clarificar e a regularizar tanto o volume edificable como a utilización deses espazos, baixo-cuberta, e que en teoría, quere recalcar o de “en teoría”, esta revisión en ningún caso empeora a situación dos posibles afectados e afectadas.

Engade que para o BNG, non quedou de todo claro na Comisión informativa previa ao pleno, son as consecuencias prácticas da aplicación desta modificación, e tampouco lles quedou excesivamente claro na primeira quenda do señor Duarte, porque non foi abordada, polo que agardan que na segunda quenda se poida afondar máis nesta cuestión.

Don Francisco Reyes Santiás, toma a palabra e comeza indicando que se propón por parte do goberno a modificación puntual do PXOM nas áreas de planeamento incorporado, e motívase na incongruencia que existe na regulación dos espazos baixo-cuberta do plan especial e dos PERIS de Fontiñas, entre estes e o PXOM.

Proponse, polo tanto, a modificación destes plans co obxecto de homoxeneizar criterios e unificar o tratamento xurídico dos distintos ámbitos.

Parece acadado modificar a normativa vixente para solventar as contradicións detectadas e clarificar a regulación que afecta a utilización dos espazos baixo-cuberta.

A modificación afectará ao plan parcial de Fontiñas e aos PERIS do solo urbano de Outeiro, Vieiro e Concheiros-Cotaredo-San Lázaro.

O informe de licenzas indica que esta modificación evitará a aparición de plantas baixo cubertas, destinadas a locais sen uso, e que unha vez obtidas as licenzas de primeira ocupación de forma legal se transformen en vivendas.

Engade o señor Santiás, que ao grupo municipal Socialista, a motivación dada parécelle válida, pero non suficiente, xa que consideran que sería necesario que se informase tamén respecto dos efectos ou consecuencias que vai ter nos propietarios actuais esta proposta de regulación.

Esperan que o concelleiro na segunda intervención lles aclare isto.

Dona Teresa Gutiérrez López, comeza a súa intervención dicindo que se atopan hoxe ante o primeiro asunto da área de urbanismo que trae ao pleno o goberno por propia iniciativa, ata agora viñeron iniciativas do goberno anterior nas que se seguiu o seu trámite.

Di, que se se ten en conta que pasaron dezoito meses dende que se iniciou o mandato deste goberno, isto resulta bastante indicativo do que esta a ocorrer na cidade e do proceder do goberno.

Tamén lles resulta bastante sorprendente, este primeiro asunto é unha modificación de calado para ámbitos extensos da cidade, que terá como efecto inmediato o aumento dos metros cadrados edificables previstos no Plan Xeral, e unha posible regularización de situacións irregulares.

A introdución deste asunto na Comisión de Urbanismo o mes pasado, atopáronse con ilo, e a reflexión do grupo popular foi, que se este goberno xa que era o seu primeiro asunto, era isto o que tiña previsto para a cidade, e para non faltar a verdade na comisión coñeceron que o concelleiro había introducido o asunto sen coñecelo, de feito dixo textualmente “que se enterara o luns anterior”, cando a sesión da comisión era o xoves, e ao seu grupo pareceulle preocupante, que un asunto desta envergadura se leve a pleno sen unha reflexión do concelleiro e do grupo de goberno.

Insiste que ao grupo Popular o que lle preocupa é que non haxa unha dirección nas políticas de Compostela Aberta, e que non se analizan a transversalidade dos asuntos, especialmente en asuntos como este que teñen consecuencias noutras áreas.

Intentou o seu grupo, coñecer a motivación desta modificación, e conseguiron finalmente, o informe do servizo de licenzas de 18 de setembro de 2015, no que tras

unha breve descrición da situación na que se atopan os planeamentos, concretamente o parcial de Fontiñas e os PERIS das zonas limítrofes, propón a súa modificación no que respecta ao uso baixo-cuberta, adoptando para estes planeamentos o que se prevé para o resto da cidade o PXOM.

Facilitan, ademais, un informe do servizo de licenzas do 14 de novembro de 2006, que en relación aos plans especiais de reforma interior, di que son asimilables ao solo urbano consolidado, e que polo tanto, o seu aproveitamento debe ser o efectivo atribuído polo planeamento segundo o volume definido no plan.

O Plan Xeral remitiu a ordenación destas áreas ao seu planeamento propio, que non se adaptaba nin a LOUGA nin a Lei do Solo.

Polo tanto, esta é unha modificación que é posible, pero non obrigada.

A modificación ten as seguintes consecuencias:

Os propietarios dos solares edificables do solo urbano consolidado, van poder obter a edificabilidade corresponde ao volume aplicable, non a edificabilidade que tiñan definida, senón a que lle da o volume, e como consecuencia poden aproveitar o baixo cuberta como vivenda.

Os propietarios de solares edificables en solo urbano non consolidado, o mesmo, agás cunha salvidade que teñen que xustificar que non exceden a intensidade establecida na súa categoría do solo. Obteñen maior edificabilidade.

E en terceiro lugar, no ámbito da aplicación da modificación os baixo cuberta que xa existen poderán dedicarse a usos complementarios, como trasteiros ou usos permitidos na planta inferior, sempre que se comuniquen con esta mediante escaleira (duplex).

Trátase dunha modificación técnica, polo tanto, que non dará lugar a novos, nin maiores volumes e que iguala o planeamento ao plan xeral.

No solo urbano consolidado, polo tanto dende o punto de vista do planeamento técnico ningún problema.

No solo urbano non consolidado tampouco ven problema, sempre que se garanta a condición que se pon, que se xustifique a intensidade, que non sexa superado o límite de intensidade, e aquí atópanse coa primeira carencia non se define como vai ser esta xustificación nin como se vai realizar o cómputo, pero considera o grupo Popular, necesario ir máis aló do plano puramente urbanístico, analizar as consecuencias para a cidade e para os diferentes actores implicados, isto é evidente que ten como

beneficiarios aos propietarios de solares destes ámbitos, xa que van obter maior edificabilidade para poder facer vivendas baixo-cuberta e tamén aos propietarios de trasteiros en baixo-cuberta, que van poder unilos a súa vivenda se é inmediatamente inferior ou ben vendelos para aos que teñan unha vivenda inmediatamente inferior, os poidan unir.

En Fontiñas isto non debería ter efecto, posto que en Fontiñas non estaban permitidos os usos privativos baixo-cuberta, só estaban permitidos os usos comúns, pero non ignoran que se dan situacións co planeamento vixente que resultan irregulares.

Qué consecuencia ten isto para o resto da cidade, para os que non están directamente implicados:

Unha clara, aumenta a superficie de vivendas, e aquí aparece a primeira preocupación do Partido Popular e pregunta, calculouse o efecto disto?, sábese cantos metros cadrados máis van ter?

Unha das deficiencias que atopan, é que non se cuantificou o seu impacto, non se aporta ningún estudo de metros cadrados de vivenda a maiores.

No punto 5 do documento ambiental, indica: “efectos previsibles sobre o medio ambiente. Como se pode deducir dos apartados anteriores, as modificacións que se van introducir carecen de relevancia medio ambiental, polo que non cabe esperar efectos significativos sobre o medio ambiente”.

Ao grupo Popular a afirmación anterior, parécelle un pouco aventurar ao afirmar sen saber cantos son os metros cadrados engadidos, di isto a concelleira, porque en función dos metros cadrados engadidos hai máis ocupación, polo tanto, poden ter maior consumo de auga, maior incremento de saneamento, maior incremento de recollida de residuos, etc.

Tampouco lle consta ao Partido Popular que se tivera consultado aos provedores dos servizos se este incremento de superficie de vivenda é asumible.

Calquera ampliación da previsión de metros cadrados de vivenda do PXOM require estes informes.

Continúa a dicir dona Teresa, que tamén pode ter consecuencias positivas, un incremento de metros cadrados de vivenda se traduce en maiores contribucións para o concello (IBI), o que ten un efecto positivo para a cidade.

Bota de menos, así mesmo o grupo municipal do Partido Popular, un análise do que pasa coas situacións preexistentes, cando na primeira comisión de urbanismo que se levou este asunto, o grupo popular preguntou se isto unicamente se aplicaba a novas licenzas ou ben se tería efectos sobre os edificios xa construídos, elaborouse o informe no que se dicía que sería de aplicación para os edificios construídos.

Dende o punto de vista urbanístico isto debería de vir acompañado dun procedemento de regularización destas situacións irregulares, a fin de que os propietarios poidan recoñecer estes espazos como vivendas se teñen interese, e no seu caso, rexístralos, e que esta situación dea lugar a unha modificación catastral que supoña un incremento da superficie de vivenda e polo tanto, unha regularización da mesma, e un aumento da súa contribución.

De todos xeitos engade dona Teresa, que non ven inconveniente na modificación puntual proposta, aínda que consideran que durante a súa tramitación será necesario un estudo do impacto, e un deseño do procedemento, polo que se permite aos propietarios regularizar os baixos-cubertas xa construídos, ou unilos as súas vivendas con seguridade xurídica, e con beneficio para o conxunto da cidadanía.

Remata anunciando o voto favorable do seu grupo.

Don Jorge Duarte Vázquez, agradece o apoio a esta proposta, engade que lle gustaría aclarar que non é a primeira proposta que trae este goberno, o punto seguinte é unha modificación de usos para un equipamento, e ao igual que esa viñeron outras con anterioridade para modificación do plan xeral en usos, como puido ser a parcela asistencial de Conxo, ou tamén, unha modificación no que afecta ao hospital xeral.

Aclara de novo o señor Duarte, que esta proposta ven de parte dos servizos técnicos de licenzas, que solicitan unha maior claridade xurídica e polo tanto, decídese abordar esta modificación do Plan Xeral.

Unha modificación que ven a igualar os dereitos dos solos desenvolvidos anteriormente ao Plan Xeral no 2008, co resto do solo urbano que xa no 2008, ten esa consideración de permitir o aproveitamento do uso baixo cuberta, con uso de vivenda ou trasteiro, deixando sempre claro que se é para uso de vivenda será vinculado á planta inferior, polo tanto, non haberá un maior número de vivendas, si pode existir unha maior superficie edificable, o que se pretende é aclarar, e a súa repercusión terá que ser comprobada ao longo da petición de licenzas, non é algo que vaia supoñer un gran número de metros cadrados edificables a maiores, aínda que é certo que na proposta non están cuantificados.

A cuantificación é difícil, de feito a proposta era unicamente para facelo nos ámbitos aos que se fai referencia na mesma, a dificultade de notificación que supoñía notificar a todos/as interesados/as, máis de 5000, e tamén as diferenzas que poderían incluír aos que non estiveran incluídos nestes tres ámbitos, fai que a proposta sexa por extensión igualar a todos os ámbitos da cidade, e non unicamente a onde apareceron estes problemas que foron puntuais.

Polo tanto, non se está a falar dunha casuística que vaia xerar un gran número de aproveitamento a maiores, é certo que non está cuantificado, e no caso de que na tramitación ambiental sexan necesarios informes ou aclaracións, evidentemente, por parte do concello haberá que complementar ditos informes.

Engade o señor Duarte, que o que hoxe se fai é traer para aprobación o trámite de avaliación ambiental no cal se terán en conta todos os criterios, como se pode supoñer un maior número de metros cadrados con uso de vivenda cal sería o impacto, o que xa se sabe é que de entrada non permite vivenda en baixo-cuberta exclusiva, polo que non permite maior número de vivendas, e con respecto as pregunta que formulaban por parte do grupo Socialista e do BNG, contesta que os efectos non se poden determinar na actualidade, o que si saben que as persoas que solicitaron que licenza e que se atopaba nestes momentos con dificultades de interpretación xurídica, de si ese aproveitamento era como vivenda, se quedaba vinculado á planta inferior ou non, dáselles unha seguridade xurídica, porque da interpretación dos distintos plans parciais, plans especiais incorporados había diferenzas.

Engade don Jorge que o goberno intenta poñerse do lado da seguridade xurídica, se hai unha petición por parte do departamento de licenzas e de planeamento, de modificar o plan xeral para dar unha maior seguridade aos propietarios, cren que é unha solución que interesa e que convén levar adiante para seguridade dos cidadáns, non existe un interese de crear maior número de vivendas, non hai interese de beneficiar aos propietarios xenericamente, o que hai é interese de darlle maior seguridade xurídica aos propietarios.

O efecto queda por determinar, pero si é certo, que trasteiros que se poidan unir e vincular a vivenda inferior, farían que esas vivendas aumentasen a súa superficie, ese é o único efecto que se contempla, porque son as peticións que estaban agora mesmo pendentes de resolución.

Remata o concelleiro, agradecendo o apoio porque se necesita que esta aprobación sexa por maioría absoluta, e considera que con esta proposta o que se vai aportar é unha maior seguridade xurídica aos cidadáns.

Don Rubén Cela Díaz, indica que vai ser breve, e engade que como dicía o concelleiro don Jorge Duarte, dos motivos que ao BNG lle condiciona a posición de voto, dende logo esta o que sexa unha iniciativa do servizo técnico.

Facía referencia o señor Duarte a complicacións, como por exemplo, como a comunicación postal aos veciños, os técnicos do departamento explicaban como no caso de Fontiñas formalmente terían que mandar unha comunicación certificada a todos e a cada un dos/as veciños/as do barrio de Fontiñas.

Considera, polo tanto, que cando se formula isto non é por capricho sen por necesidade imperiosa de poder dar un trato igualitario e ter unha claridade tamén no marco normativo a aplicar, e que non se entre en contradicións que poidan supor un trato discriminatorio aos/as veciños/as de Santiago.

En segundo lugar, unha cuestión importante dende o punto de vista do señor Cela, é que certamente non hai ningún veciño/a que con esta aprobación empeore a súa situación, como comentaba dona Teresa Gutiérrez, haberá determinadas cuestións que sexan legalizables, pero ao mesmo tempo e no sentido que marcaba actualmente o propio PXOM e polo tanto dan un trato, nese sentido, igualitario.

Remata dicindo o señor Cela, que nese sentido e no sentido de que un cambio deste tipo require dunha maioría cualificada, o voto do BNG vai ser favorable.

Don Francisco Reyes Santiás, di que efectivamente están diante dunha regularización que non vai supor segundo as manifestacións do señor Duarte, efectos negativos aos propietarios e polo tanto o grupo Socialista vai votar a favor.

Dona Teresa Gutiérrez López, di que non está de acordo con algunhas das afirmacións.

Insiste en que non será moito o impacto, e en que non existirán máis vivendas, pero si máis metros cadrados de vivendas é o estándar que se utiliza para calcular os servizos no plan xeral, non o número de vivendas, entón si que considera dona Teresa que é importante e que hai que cuantificalo, e verdadeiramente, non é fácil pero tampouco tan difícil.

E dona Teresa, di que non está de acordo, en absoluto, en que isto dea seguridade xurídica, non había ningunha dúbida xurídica os planeamentos estaban claros, dicían que non se podían ter usos privativos de ningún tipo en baixo-cuberta en Fontiñas, e nos PERIS dicía que nos baixo-cubertas non podería existir vivenda.

Cousa distinta, considera dona Teresa, é que sexa mellor, e as vantaxes e inconvenientes que teña, pero non existía ningunha dúbida xurídica, entende de todas maneiras que houbera certa presión por parte dos propietarios para aproveitar ese espazo.

Insiste a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, nos dous temas, parécelle que isto debe acompañarse primeiro dunha valoración e segundo, dun procedemento de regularización, e sobre todo, clarificar no tema do non consolidado da intensidade, hai que ver moi ben como se fai o cómputo, porque senón as primeiras licenzas poderían ter vantaxe sobre as demais.

Remata dicindo, que considera que antes de dar licenza, hai que xustificar a intensidade para todos os ámbitos.

Rematado o debate e de conformidade co informe transcrito, e máis co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria de 10 de novembro de 2016, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, polo tanto covotoda maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co que dispón o artigo 123.2 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, acorda:

Primeiro: Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal nas áreas de planeamento incorporado, promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en outubro de 2016.

Segundo: Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola LAA e polo artigo 60 (apartados 3 e 4) da LSG.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

4. AMPLIACIÓN DE USOS DOTACIONAIS AUTORIZADOS NA RESERVA DE EQUIPAMENTO DOC-28 (ESCOLA UNITARIA DE SAN MARCOS).

A proposta do concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, de data 7 de novembro, ten o seguinte contido:

“A xefa da sección de xestión urbanística, con data 7 de novembro de 2016, emitiu o seguinte informe que trae o conforme do secretario xeral do pleno:

“O presente informe emítese a resultas da proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, de data 7 de novembro de 2016, dentro do procedemento tramitado pola Sección Municipal de Patrimonio (PTM 97/2016).

1. Antecedentes

Primeiro. Con data 12 de agosto de 2016, a *Asociación de Persoas Sordas de Santiago* solicitou ao Concello a cesión de uso do inmovible da Escola unitaria de San Marcos, con destino á realización de actividades relacionadas co obxecto social da Asociación.

Segundo. O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) cualifica o inmovible como **equipamento docente de sistema local e de carácter público**.

O artigo 136.2.a) da normativa do PXOM relaciona os usos autorizables no sistema de equipamento docente como de seguido se transcribe:

Docente. Centros para a educación infantil, primaria, secundaria, ensino especial, ensino profesional, ensino técnico e superior con instalacións anexas deportivas, culturais e de investigación e servizos.

Segundo indica o informe emitido por esta Sección con data 7 de novembro de 2016, a implantación do uso pretendido pola *Asociación de Persoas Sordas de Santiago*, dado o seu carácter asistencial e/ou administrativo, requiriría a previa modificación ou ampliación dos usos dotacionais asignados á parcela no planeamento vixente, o que podería efectuarse a través do procedemento especial regulado para o efecto polo artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Así mesmo, consta no expediente informe asinado o 23 de setembro de 2016 polo xefe do Departamento de Educación e Cidadanía, no que indica que o inmovible non ten uso docente dende hai varios anos, e que non ve inconveniente para iniciar o proceso de desafectación do equipamento.

O Concelleiro delegado propuxo, con data 7 de novembro de 2016, iniciar o procedemento que corresponda a fin de ampliar os usos dotacionais autorizables na reserva de equipamento DOC-28.

2. Fundamentos xurídicos

A lei 2/2016 do solo de Galicia, dispón, no seu artigo 42.3, que “o plan efectuará as reservas de solo para dotacións urbanísticas nos lugares máis axeitados para satisfacer as necesidades da poboación”, sendo unha das facultades inherentes á potestade de

planeamento a de sinalar a localización e características dos equipamentos e dotacións públicas (artigo 4.1.h).

Neste contexto, o *ius variandi* administración xustifica a posibilidade de alterar ou ampliar os usos inicialmente previstos polo planeamento, co obxecto de adaptalos ás esixencias, sempre cambiantes, do interese público e da demanda da poboación e demais administracións implicadas.

O artigo 42.5 da LSG, habilita ao Concello para *acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública*, a través dun acordo plenario adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan.

Trátase dunha norma flexibilizadora do uso das reservas de equipamento comunitario, que permite acomodar a súa concreta utilización ás necesidades que en cada momento demande o interese público, e que entronca directamente coa discrecionalidade do planeamento urbanístico á hora de concretar o destino dos das reservas de equipamento comunitario.

Con base en todo o exposto, e ao abeiro do disposto polo artigo 42.5 da LSG, é posible a ampliación dos usos dotacionais autorizados na reserva de equipamento DOC-28, previo acordo que haberá de adoptar o Pleno Municipal, por maioría absoluta, e co asesoramento legal preceptivo do Secretario xeral.”

3.Conclusión

Con base no informe transcrito, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

Ao abeiro do previsto polo artigo 42.5 da LSG, ampliar os usos permitidos na reserva de equipamento DOC-28 (Escola Unitaria de San Marcos), a fin de permitir, ademais do DOCENTE asignado polo vixente Plan xeral, os seguintes: ASISTENCIAL, ADMINISTRATIVO E SOCIOCULTURAL, que poderán desenvolverse de forma exclusiva ou compartida.

O acordo haberá de adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.”

Don Jorge Duarte Vázquez, comeza a súa intervención neste punto manifestando que despois das conversas coa asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela ao longo deste último ano, o día 12 de agosto de este ano, solicitan formalmente a cesión

de uso do inmovible da escola unitaria de San Marcos, que están a utilizar en precario actualmente.

A súa petición é para destinalo á realización das actividades relacionadas co obxectivo social da asociación.

Segundo o vixente plan xeral de ordenación municipal, o inmovible esta cualificado como equipamento docente de sistema local e de carácter público.

Para poder proceder á implantación do uso pretendido pola asociación e dado o carácter asistencial do inmovible, sería necesario unha modificación ou ampliación dos usos dotacionais asinados a devandita parcela, para poder incluír este uso asistencial ou administrativo que sería necesario para cumprir co obxectivo que pretenden.

O goberno municipal despois das consultas coa Consellería de Educación para desafectación do centro, e despois das consultas tamén co departamento de educación acerca das necesidades de destino deste local a uso educativo, pretende levar adiante esa cesión á asociación de persoas xordas, para cederlles este local.

Antes de proceder a elaboración dese convenio para a cesión, é preciso proceder a esta modificación do planeamento para poder incorporar este uso.

Don Rubén Cela Díaz, soamente quere explicar o voto afirmativo do BNG a esta iniciativa.

Engade que como comentaba o señor Duarte, o BNG nas diferentes interlocucións que levaron adiante coa asociación de persoas xordas de Santiago, tamén se lles ten trasladado esta petición, cre que fai un uso moi correcto desa escola unitaria, que por outra banda non tería un uso, aínda que tivo no seu día usos por parte do Protección Civil.

Considera o señor Cela que é un uso perfectamente correcto, por parte da asociación o que pretenden é facer unha serie de reformas que lles permita realizar as súas actividades nunhas condicións máis dignas, e parece absolutamente razoable que unha entidade sen ánimo de lucro antes de facer un investimento nunha instalación que non é da súa propiedade, cando menos teña garantía dunha concesión por un tempo prolongado.

Así mesmo, tamén parece lóxico, que por parte dunha administración que vai facer unha cesión de uso por tanto tempo, pois esixa uns investimentos mínimos que repercutan nunha mellora da instalación para cando haxa que devolvela.

Anuncia o señor Cela o voto favorable do BNG.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza dicindo que o primeiro que quere facer o seu grupo, é por en valor as actividades e o compromiso da asociación de persoas xordas de Santiago, por todo o que están a facer no día a día.

O grupo Socialista está de acordo con esta proposta, que ademais está informada favorablemente polos técnicos do concello, pero engade que lles gustaría, sería coñecer con exactitude o tempo de cesión, e tamén existindo obras de acondicionamento, por parte de quen se van realizar.

Dona Teresa Gutiérrez López, aclara que o que se vai votar é a ampliación de usos, e polo tanto, o grupo municipal do Partido Popular está de acordo coa ampliación de usos.

Don Jorge Duarte Vázquez, agradece o apoio dos demais grupos da Corporación, engade que como dicía a señora Gutiérrez hoxe tráese a ampliación de uso da parcela.

Engade, que si lle gustaría avanzar, que se está na actualidade facendo unha valoración do estado do inmovible, para ver cales son as obras necesarias para poder acondicionalo, e o convenio que se formalizaría sería aquel que permita acometer esas obras por parte da asociación e que puidera ser por un período de tempo que permitira ou que fixera viable por parte da asociación acometer todas esas obras e con seguridade xurídica a través dun convenio de cesión e que habería que valorara o estudo das necesidades de obra dese centro.

Polo tanto, nestes momentos, non se pode adiantar agora mesmo cal sería o período de tempo, nin cales serían exactamente as obras necesarias ou contraprestación que tería que facer a asociación.

Rematado o debate e de conformidade coa proposta transcrita, e co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria de 10 de novembro de 2016, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acadando o votoda maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación,acorda ao abeiro do previsto polo artigo 42.5 da LSG, ampliar os usos permitidos na reserva de equipamento DOC-28 (Escola Unitaria de San Marcos), a fin de permitir, ademais do docente asignado polo vixente Plan Xeral, os seguintes: asistencial, administrativo e sociocultural, que poderán desenvolverse de forma exclusiva ou compartida.

5. ADHESIÓN Á REDE ESTATAL DE ENTIDADES LOCAIS POLA COMPOSTAXE DOMÉSTICA E COMUNITARIA.

A proposta do concelleiro de medio ambiente e convivencia para a adhesión á Rede Estatal de entidades locais pola compostaxe doméstica, de data 7 de novembro de 2016, ten o seguinte contido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A directiva 2008/98 do Parlamento Europeo de 19 de novembro de 2008 sobre os residuos, transposta na lei estatal 22/2011 de 28 de xullo, marcaba como obxectivo “a preparación para reutilización e reciclaxe dun mínimo do 50% dos residuos domésticos e comerciais” ata 2020. Este obxectivo foi actualizado polo paquete de economía circular aprobado pola Comisión Europea o 2 de decembro do 2015, elevando ao 65% o reciclado de residuos municipais ata 2030.

2.- Segundo datos de 2015, a recollida selectiva baixo o actual modelo de catro fraccións implantado no Concello de Santiago de Compostela, reflectían resultados moi alonxados dos obxectivos fixados por lei: so un 12,09% foi recollido de forma selectiva nos contedores de papel-cartón, vidro e envases lixeiros, mentres o restante 87,91% foi depositado no contedor de resto e orgánica para ser tratado por SOGAMA, nunha planta por riba da súa capacidade que envía anualmente máis de 200.000Tm de residuos sen tratar ao vertedoiro de Areosa -equivalente ao total producido por cinco cidades como Santiago-.

3.- O modelo de SOGAMA mostrouse ineficaz e ineficiente para acadar os obxectivos marcados pola Unión Europea. O tratamento de residuos nunha gran planta centralizada no territorio máis descentralizado e con máis núcleos de poboación do Estado, causa que centos de miles de toneladas deban viaxar ducias ou centos de quilómetros -inda con dúas plantas, o argumento sería igualmente válido-. Mais aínda, se ben o Plan de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020, na súa actualización de 2014, elevaba o número de plantas de compostaxe locais a implantar por todo o País, o Goberno da Xunta concentrou o investimento na ampliación das plantas de SOGAMA, insistindo así no erróneo modelo centralizado.

4.- A citada lei estatal de residuos insiste ás autoridades ambientais, no seu artigo “24. Biorresiduos”, a que promovan “a) a recollida separada de biorresiduos” e “b) a compostaxe doméstica e comunitaria”.

5.- O Concello de Santiago levou a cabo durante anos o reparto de centos de composteiros individuais, unha práctica positiva, mais sen control posterior da utilización ou análise do impacto na xeración de residuos, sen unha estratexia e obxectivos definidos.

6.- En contraste, os proxectos de compostaxe individual e comunitaria do Concello de

Allariz -24 illas de compostaxe comunitaria por toda a vila- e a Deputación de Pontevedra -"Revitaliza. Plan Compost"- demostran a idoneidade do tratamento descentralizado de residuos como unha fórmula sustentable desde o punto de vista social, económico e medioambiental:

a) Social: Xera emprego local, xa que a compostaxe implica ata 10 veces máis emprego que a valorización enerxética (incineración).

b) Económico: Reduce a factura de tratamento de residuos dos concellos -3M€/ano en Compostela-, ao tempo que recolle os beneficios da maior actividade de emprego local.

c) Medioambiental: Reduce as emisións de gases causantes do efecto invernadoiro, tanto pola recollida e transporte dos residuos como polo seu verquido, no que se produce metano e dióxido de osíxeno.

En xuño de 2008 constituíse a "Rede Estatal de Entidades Locais pola Compostaxe Doméstica e Comunitaria", una asociación de municipios, mancomunidades e provincias aunadas polo desenvolvemento de actuacións de redución de residuos a través da compostaxe descentralizada. O Concello de Allariz e a Deputación de Pontevedra son socios da mesma.

Por todo isto, dáse conta á Xunta de Goberno para a súa aprobación no pleno da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1. Adhesión do Concello de Santiago á "Rede Estatal de Entidades Locais pola Compostaxe Doméstica e Comunitaria" (a "Rede"), con data efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2017.

2. Compromiso de cumprir e facer cumprir os obxectivos da Rede, desenvolvendo políticas locais que impulsen a compostaxe doméstica e comunitaria utilizando todos os medios posibles, a través de: campañas educativas, informativas e divulgativas; experiencias piloto e desenvolvemento de programas de investigación; e programas de implantación directa entre a poboación; programas de axuda, apoio e asesoramento...

3. Compromiso de incrementar as experiencias de compostaxe doméstica e comunitaria na política local de residuos.

4. Aceptación das normas de funcionamento da Rede e abono das cuotas anuais correspondentes pola pertenza á mesma -a cuota no 2016 para municipios de 50.000 a 100.000 habitantes foi de 700€/ano-, condicionado á existencia de crédito no orzamento de 2017.

5.Designar como representante legal na Rede a D. Xan Duro, concelleiro de medio ambiente e convivencia.”

Con respecto a este asunto, emitiu informe o Secretario xeral do pleno con data 24 de outubro de 2016.

Así mesmo, deuse conta do devandito asunto na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que tivo lugar o pasado día 4 de novembro de 2016.

Don Xan Duro Fernández, toma a palabra e di que como xa se acordou na moción que se aprobou por unanimidade no pasado pleno do día 20 de outubro, na que se asumía a aposta do conxunto do concello pola compostaxe de residuos e a redución da factura de SOGAMA, e seguindo as indicacións da directiva 98/2008 do Parlamento Europeo sobre residuos, trasposta na lei estatal 22/2011 no que se esixe que se chegue a unha reutilización e reciclaxe dun mínimo do 50% dos residuos domésticos ata 2020.

Propón o grupo de goberno sumarse á Rede Estatal de Entidades Locais pola compostaxe doméstica e comunitaria que leva funcionando dende o ano 2008, e que une municipios, mancomunidades e provincias para desenvolver actuacións na redución de residuos a través da compostaxe descentralizada, mesmo en Galicia o Concello de Allariz e a Deputación de Pontevedra xa son socios da mesma, a adhesión á Rede, o compromiso de cumprir e facer cumprir os obxectivos da mesma, e o compromiso que xa se adoptou en función desa moción aprobada.

Aceptar as normas de funcionamento da Rede e abono das cotas anuais, que no ano 2016 para municipios de entre 50.000 a 100.000 habitantes son 700€/ano.

Designar como representante legal na Rede a súa persoa como concelleiro de medio ambiente e convivencia.

Dona Goretti Sanmartín Rei, anuncia que o Bloque Nacionalista Galego vai votar a favor da proposta.

Unha proposta que como todas as relacionadas co medio que para o seu grupo son absolutamente fundamentais, e nas que se debería de traballar máis intensamente, intentando correr máis porque as veces véñense quedando un pouco atrás, por cuestións de débeda con determinados temas que non foron tratados e desenvolvidos suficientemente ben ou que se viron paralizados, e para o BNG, é o momento para darlles un grande impulso.

Comeza lembrando Dona Goretti, en relación coas cuestións do medio, que hoxe coñeceuse que a Comisión Europea vai levar ao Estado Español ao Tribunal de Xustiza,

por incumprimento de normas, sobre recollida e tratamento de augas residuais, e un dos concellos que incumpre iso, é o de Santiago de Compostela.

Parécelle ao BNG absolutamente importante, que se poida nestes momentos asumir todo o que signifique compromiso coa compostaxe doméstica e comunitaria, pero quere facer, algunha pregunta e observación, porque o punto núm. 3 da proposta, de incrementar as experiencias de compostaxe doméstica e comunitaria na política local de residuos é un compromiso moi vago, no que falta por explicitar a que se refire, e a onde vai chegar ese compromiso, qué significa, cal é o modelo, qué pensa facer o goberno nos próximos tempos. Todo dentro desa coincidencia total e absoluta do Bloque Nacionalista Galego sobre as valoracións que se fan sobre SOGAMA, o que significa, xa non unicamente desa planta que esta por riba da súa capacidade e que envía esas duascientas mil toneladas de residuos sen tratar ao vertedoiro da Areosa, senón que tamén practicamente o resto dos residuos son eliminados mediante a incineración, e que segundo os propios datos de Sogama só se recuperan para a reciclase o 3,3% dos residuos entrantes, algo que ao BNG lle parece máis que preocupante.

Tamén manifesta, dona Goretti, que ao BNG lle parece axeitada a posta en valor de concellos nos que se está a facer un traballo importante dende a perspectiva da compostaxe individual e comunitaria, casos como Allariz e Pontevedra.

Engade que xustamente nunhas xornadas organizadas en Pontevedra en outubro o que se poñía enriba da mesa é que algúns elementos que son fundamentais para que a compostaxe sexa exitosa, por un lado os modelos que se ofrezan sexan os axeitados, aos barrios, vilas, lugares, onde se vaian desenvolver, a calidade da materia orgánica, algo moi importante, e para iso é fundamental información, concienciación, facer que a xente saiba que esa calidade de materia orgánica que se deposita nos composteiros é moi relevante.

Segundo a concelleira, iso é moi importante, por iso queren coñecer o modelo que hai detrás desa instalación, desas tres illas de compostaxes, se van ser máis, e como van ser, e se o modelo de illa intelixente onde aparecen medidores de temperatura, etc.

Remata dicindo a señora Sanmartín, que lle gustaría facer unha reflexión sobre o que aparece como número 5 na exposición de motivos, onde se fala que o Concello de Santiago levou a cabo durante anos o reparto de centos de composteiros individuais, e unha práctica positiva, pero sen control posterior da utilización e análise, e o BNG quere deixar claro que durante os anos nos que o BNG tivo responsabilidades nesta materia e cando se implantaron 500 composteiros individuais, cuns obxectivos clarísimos, reducir claramente a case o 50% o lixo que se enviaba SOGAMA e que proviña desa materia orgánica das vivendas, e facíase un seguimento, seguimento a través dun programa, e que foi aprobada unha ordenanza fiscal como é ben sabido que rebaixa a taxa do lixo ás

vivendas que realicen esta compostaxe individual, e unha ordenanza que igual durante un tempo non tivo seguimento, o certo é que está en vigor, e o lóxico e que se faga cumprir, que se sega con ese esquema, sería de xustiza recoñecer que esta práctica foi positiva, e foi negativo que se deixase de facer o seguimento, que debería ter continuado xa que hai 500 composteiros instalados.

Gustaríalle saber ao BNG como foron feitos os cálculos económicos a respecto da redución da factura do tratamento de residuos, cal é o modelo que se pretende implantar na cidade e no rural, ou se vai a ser exposta a planificación aquí no pleno, se se pretende ou non a creación dunha planta de compostaxe propia, e cal é o modelo de xestión de residuos en xeral.

Dona Milagros Castro Sánchez, quere dicir que efectivamente a normativa e a lexislación vixente recolle como obxectivos acadar no ano 2020 o 50% de preparación para a reutilización e a reciclaxe, proponendo entre outras medidas para poder acadalo, algunhas que xa se dixo aquí no pleno anterior, como unha implantación progresiva e gradual da recollida separada de bioresiduos, e reforzar e fomentar a autocompostaxe, naqueles lugares onde sexa facilmente practicable. Neste sentido e tendo en conta a relevancia que teñen as entidades locais na consecución destes obxectivos, son as entidades as competentes na prestación do servizo de recollida e tratamento, así como tamén do seguimento e vixilancia.

Remata dicindo a señora Castro, que ao grupo municipal Socialista parécelle acaído formar parte desta rede estatal de entidades locais pola compostaxe doméstica e comunitaria, e o voto do grupo será favorable.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, comeza dicindo que se podería falar de modelos, debate interesante sobre a recollida de residuos sólidos urbanos, e do cumprimento da normativa Europea, etc.

Engade que neste caso o que se está a debater é a incorporación nunha determinada Asociación.

A verdade que os concelleiros do goberno municipal, e o resto dos/as concelleiros/as poderían estar cualificados en función de diferentes condicións e circunstancias, pero sen embargo da a sensación que aquí os/as concelleiros/as do goberno pretenden cumprir entre eles pola adhesión a diferentes clubs de amigos.

Hai adoptado un acordo de adhesión do concello ao denominado Pacto pola auga, co voto en contra do Partido Popular; a adhesión do concello á campaña BDS Global, coa abstención do Partido Popular; adhesión ao manifesto para promoción da saúde e sanidade pública universal, coa abstención do Partido Popular; a adhesión ao Pacto dos

alcaldes polas enerxías sostibles, coa abstención do Partido Popular; inscrición do concello na Rede de cidades amigables coas persoas maiores, como se houbera algunha cidade que non fora amigable coas persoas maiores, por unanimidade; adhesión do concello á Rede de cidades españolas polo clima, por unanimidade; e coa abstención do Partido Popular o Pacto estatal pola soberanía alimentaria; tamén a adhesión á Rede de Internacional de cidades da infancia, etc., e tamén a adhesión do concello a membro observador da Unión de cidades capitais da lingua portuguesa, este foi un acordo por unanimidade en función dos beneficios, da utilidade, da necesidade e do interese estratéxico para Santiago de Compostela por adherirse a esa rede.

Continúa o señor Hernández a dicir, que se está ante unha proposta que non coñecen en que consiste, que beneficios reporta a cidade, se é redundante, se é contraditoria, se é paralela a algunha que poida ter a FEMP ou a FEGAMP, en definitiva, considera o concelleiro, que se están a incorporar a un clube de amigos do señor Duro.

Dos estatutos cos que conta esta asociación que conta de trinta e catro artigos, unicamente nos números 3 e 4 fala de actividade e obxectivos. Actividade e obxectivos que na opinión do concelleiro que está a intervir, non xustifican a pertenza a esa rede, especialmente senón se coñecen cales son os beneficios.

Utilizan para xustificar esta incorporación pondo como exemplos Allariz, como exemplo a Deputación de Pontevedra, e que tanto Allariz como todos os concellos de Pontevedra, están adheridos de forma voluntaria a SOGAMA.

Critican o modelo que utiliza SOGAMA, probablemente, por descoñecemento, a verdade é que inventaría a todos/as a coñecer SOGAMA, porque cre o señor Hernández, que hai moitas afirmacións que manifestan o tremendo descoñecemento da realidade da recollida e da historia da recollida dos residuos sólidos urbanos en Galicia.

Critican, considera que cun estilo cando menos cuestionable, o que fixo o BNG en Santiago de Compostela, porque esta proposta parece que nace coa idea de que en Santiago de Compostela non había vida antes de Compostela Aberta. Existía unha iniciativa do BNG que cre o señor Hernández que debe ser recoñecida, valorada e aplaudida.

Remata a súa intervención dicindo que descoñecen cales son os beneficios para Santiago, cal é a utilidade, e cren que esta iniciativa parte dun descoñecemento profundo do plan de residuos da Xunta de Galicia, que por certo, deixa aberto ese plan de residuos a posibilidade de executar plantas de compostaxe espalladas por Galicia, e cre o señor Hernández, que unha podería ser perfectamente en Santiago.

Considera o Partido Popular que queda moito por facer no ámbito da recollida de residuos, no tratamento do lixo, pero cren que é absolutamente innecesario a adhesión a este clube, e polo tanto o voto do grupo municipal do Partido Popular vai ser en contra.

Don Xan Duro Fernández, cre que igual non é o momento, pero considera que este concello debería pensar en ter un profundo debate, efectivamente, sobre SOGAMA e a xestión dos residuos, o vertedoiro de Areosa, sobre os vertidos dos medicamentos dos IGRE que se ciscaron no vertedoiro en vez de ser tratados correctamente.

Lembra o señor Duro que neste concello, e pídella a voceira do BNG que lle corrixa se se equivoca, alá polos anos 2003, 2005, se trouxo aquí a iniciativa de facer unha planta comarcal de compostaxe promovida polo BNG, correctamente promovida, e apoiada pola asociación que el naquel momento presidía, que era ADEGA, recorda a campaña feita naquel momento que era “en Compostela compostaxe”, apoiando esa iniciativa e que el lembre, e vólvelle pedir a voceira do BNG que lle corrixa de novo, pero que tanto o PSdeG-PSOE como o PP votaron en contra.

Polo tanto alédase o señor Duro, que se acollan á comunidade da compostaxe, e que cambiaran os criterios.

Remata que en relación ás preguntas, quere dicir, que xa informou cando presentou o BNG a moción no pasado pleno, que o concello está a traballar, xa ten unha comisión técnica traballando nun novo modelo de recollida de residuos, que evidentemente será incorporado á compostaxe individual, á comunitaria, e ao quinto contedor, en función das características de cada zona da cidade.

Vaise desenvolver no momento en que cheguen os composteiros, a tecnoloxía ao proxecto piloto das tres illas de compostaxe de Santa Marta, Salgueiriños e Galeras, para comprobar as posibles eivas ou correccións que necesiten antes da súa extensión polo resto da cidade.

En definitiva, cre o señor Duro, que se está a traballar con responsabilidade, con criterio correcto, na liña na que deberían camiñar todos os concellos de Galicia.

Remata dicindo o señor Duro, que despois da relación de abstencións que acaba de ler o voceiro do Partido Popular, eles manteñen que colaborar sempre enriquece, e por iso, van seguir a apostar por traballar en rede naqueles eidos que consideran que benefician a cidade.

Rematado o debate, consonte coa proposta transcrita, e máis co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria de 10 de novembro de 2016, o

Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- A adhesión do Concello de Santiago á “Rede Estatal de Entidades Locais pola Compostaxe Doméstica e Comunitaria” (a “Rede”), con data efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2017.

2.- Compromiso de cumprir e facer cumprir os obxectivos da Rede, desenvolvendo políticas locais que impulsen a compostaxe doméstica e comunitaria utilizando todos os medios posibles, a través de: campañas educativas, informativas e divulgativas; experiencias piloto e desenvolvemento de programas de investigación; e programas de implantación directa entre a poboación; programas de axuda, apoio e asesoramento, etc.

3.- Compromiso de incrementar as experiencias de compostaxe doméstica e comunitaria na política local de residuos.

4.- Aceptación das normas de funcionamento da Rede e abono das cotas anuais correspondentes pola pertenza á mesma -a cota no 2016 para municipios de 50.000 a 100.000 habitantes foi de 700€/ano-, condicionado á existencia de crédito no orzamento de 2017.

5.- Designar como representante legal na Rede a D. Xan Duro, concelleiro de medio ambiente e convivencia.

6. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 80.2 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO PLENO, PARA LEVAR A CABO A CONFECCIÓN DAS ACTAS DO PLENO.

O Sr. Alcalde, di que despois do falado hoxe en Xunta de Portavoces vai ser retirado da orde do día, entendendo que o debate deste punto ten que subscribirse ao traballo que se está a facer de modificación do Regulamento Orgánico Municipal e incluílo nese regulamento orgánico.

Tamén facer constar e mentres iso non acontece e para aliviar de carga de traballo ao departamento, facer a redaccións das actas máis baseadas no concreto, agás, que haxa unha petición de parte nalgún dos asuntos.

Retírase o presente asunto.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A REGULARIZACIÓN E POSTA A DISPOSICIÓN DAS PRAZAS MUNICIPAIS NO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA PRAZA MARCIAL VILLAMOR VARELA, COLINDANTE COA RÚA DO OLVIDO.

O texto da proposición que tivo entrada o día 7 de novembro de 2016, núm. 316, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urbanización no contorno da rúa do Olvido foi unha actuación de gran transcendencia desenvolvida desde o ano 2007 cando, mediante un convenio urbanístico, se iniciou a recuperación de boa parte de terreo de propiedade privada e tamén a posterior recuperación da calidade ambiental e a calidade de vida da veciñanza, creando unha praza pública nunha zona abandonada que era obxecto de reiteradas demandas de arranxo.

A través dun proxecto financiado polo Fondo Estatal de Investimento Local, cun investimento estimado de un millón de euros, levouse a cabo a renovación deste ámbito, mantendo o seu carácter propio, incorporando limitación de acceso a través da rúa do Olvido, a peonalización na praza central creada, a apertura dunha nova vía lateral, a dotación de equipamentos e a renovación de servizos, potenciando as zonas verdes.

A nova praza, denominada Marcial Villamor Varela, incorporou no seu subsolo un aparcamento con prazas de titularidade pública e outras de propiedade municipal, ás que se accede a través dunha entrada común. A pesar do tempo transcorrido desde o remate desta actuación, o aparcadoiro subterráneo mantén aínda algúns aspectos por resolver. Entre eles, o reparto do custos entre os propietarios das prazas privadas e as públicas, xa que -segundo a información de que dispoñemos- o Concello ata o día de hoxe non ten contribuído nos gastos xerados por esta instalación, a pesar da súa condición de copropietario.

Desde o remate das obras en 2010, a trintena de prazas municipais existentes permanecen sen uso. Unha situación que cómpre regularizar en beneficio dos actuais usuarios destas instalacións, polo que supón de xusto reparto na participación do seu mantemento, e do conxunto da veciñanza, que poderían ter a oportunidade de acceder a unhas prazas ata agora inutilizadas.

No tempo transcorrido desde a apertura do aparcadoiro, e en particular durante o pasado mandato municipal, téñense dado algúns pasos imprescindibles na dirección de avanzar na resolución desta situación. Así, tramitouse a inscrición da obra do aparcamento no catastro ata a súa conclusión; tramitouse a inscrición no Rexistro da Propiedade, atopándose na súa fase final, tal e como quedou recollido no informe do traspaso de asuntos de Goberno na sección de Patrimonio; e comezáronse os traballos preliminares para a redacción do prego que permitiría sacar a oferta pública o aluguer das 27 prazas de aparcamento de turismo e 3 de motocicleta, que forman parte do patrimonio municipal.

En relación coa oferta pública destas prazas de aparcamento cómpre lembrar que a base sobre que se estaba a traballar contemplaba a asignación de cotas reducidas, pero que permitiran sufragar os gastos comunitarios xerados, e tamén se prevía que na adxudicación se tiveran en conta criterios de proximidade e de renda, favorecendo as rendas máis reducidas con dificultades para acceder a un alugueiro no mercado libre.

A xestión destas prazas contemplaba facerse a través da empresa municipal Tussa, cuestión que na actualidade estaría resolta logo da modificación estatutaria acordada na Xunta Extraordinaria desta empresa celebrada no pasado 21 de xaneiro de 2016.

Tendo en conta todas estas consideracións, o Grupo Popular presenta para o seu debate e consideración no Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a regularizar á maior brevidade posible a situación do aparcamento subterráneo da praza Marcial Villamor Varela, nas inmediacións da rúa do Olvido, procedendo a rematar a redacción do prego para a concesión e a posterior adxudicación do uso das prazas de titularidade municipal, atendendo a criterios de proximidade e de renda.”

Dona Teresa Gutiérrez López, explica o contido da proposición presentada polo seu grupo.

Comeza dicindo, que a proposición que traen trata de avanzar nunha situación que se mantén dende fai bastante tempo e que é preciso culminar polo ben dos veciños da zona.

Trátase de completar a actuación desenvolvida desde o ano 2007 no contorno da rúa Olvido, que levou á creación dunha nova praza e a mellorar o enlace entre o parque de Belvis co casco histórico, por un lado a través dos Pexegos, e co Ensanche a través da rúa Curros Enríquez.

Actuación que se levou a cabo mediante un convenio urbanístico, que permitiu recuperar para o uso público terreos de propiedade privada.

Posteriormente foi posible, a recuperación da calidade ambiental e a calidade de vida da veciñanza, creando unha praza pública nunha zona que era un descampado onde estacionaban os vehículos, e que foi obxecto de varias demandas por parte dos veciños.

A través dun proxecto financiado polo Fondo Estatal de Investimento Local, levouse a cabo a renovación deste ámbito, mantendo o seu carácter propio, de espazo de tránsito entre o Parque de Belvís con limitación de acceso a través da rúa do Olvido, o acondicionamento da praza central, potenciando as zonas verdes, e a apertura dunha nova vía lateral, a dotación de equipamentos e a renovación de servizos.

A nova praza, que pasou a denominarse Marcial Villamor Varela, en memoria dun sindicalista veciño desa rúa, incorporou no seu subsolo un aparcamento con prazas de titularidade municipal que comparten entrada con outras de propiedade privada.

A pesares do tempo transcorrido dende o remate da actuación, aproximadamente seis anos, o aparcadoiro subterráneo mantén aínda algúns aspectos por resolver, entre eles, o reparto do custos entre os propietarios das prazas privadas e as públicas, xa que -segundo a información de que dispón o Partido Popular, o Concello, polo menos mentres o seu grupo estivo no goberno, non contribuíra nos gastos xerais desta instalación, a pesar da súa condición de copropietario.

Desde o remate das obras en 2010, a trintena de prazas municipais existentes, 27 de turismos e 3 de motos, permanecen sen uso. Unha situación que cómpre regularizar en beneficio dos actuais usuarios destas instalacións, polo que supón, de xusto reparto na participación do seu mantemento, e tamén para o conxunto das persoas residentes e traballadoras desa zona, que poderían ter a oportunidade de acceder a unhas prazas ata agora inutilizadas.

Especialmente faise urxente, agora que si finalmente, se consegue sacar adiante, a reurbanización do Castrón D'Ouro acabáranse eliminando prazas de aparcamento en superficie.

Tal e como se sinala no texto da proposta, durante o tempo transcorrido desde a apertura do aparcadoiro, e en particular durante o pasado mandato municipal, téñense dado algúns pasos imprescindibles na dirección de avanzar na resolución desta situación. Así, procedeuse a tramitar a inscrición da obra do aparcamento no catastro ata a súa conclusión; tramitouse a inscrición no Rexistro da Propiedade, ata a súa fase final, tal e como quedou recollido no informe do traspaso de poderes, e tamén se iniciaron os

traballos preliminares para a redacción do prego que permitiría sacar a oferta pública o aluguer das 30 prazas de aparcamento, que forman parte do patrimonio municipal.

En relación coa oferta pública destas prazas de aparcamento cómpre lembrar que a base sobre que se estaba a traballar contemplaba a asignación de cotas reducidas, pero que permitisen polo menos sufragar os gastos comunitarios xerados, e tamén se prevía que na adxudicación se tiveran en conta criterios de proximidade e de renda, favorecendo as rendas máis reducidas con dificultades para acceder a un alugueiro no mercado libre.

A xestión destas prazas estaba previsto que se fixera a través da empresa municipal Tussa, había un cuestión pendente, para poder levalo a cabo, pero que tras a modificación estatutaria acordada na Xunta Extraordinaria desta empresa celebrada en xaneiro deste ano, solucionouse o problema.

Tendo en conta todas estas consideracións, o Grupo Popular presenta para o seu debate e consideración no Pleno municipal a adopción do acordo que aparece transcrito na proposición.

Don Rubén Cela Díaz, comeza a súa intervención dicindo que esta actuación a que fai referencia a proposición do Partido Popular, tal e como comentaba a señora Gutiérrez, está enmarcada en obras de rexeneración urbana na cidade histórica de Santiago e a súa contorna, que alcanzaban no seu día sete millóns de euros, e que se realizaron cando o Bloque Nacionalista Galego tiña responsabilidade no goberno municipal, da man de Olga Pedreira ao fronte da concellaría de casco histórico.

Esa cifra de sete millóns de euros, por certo, supuxo o maior esforzo orzamentario aplicado na zona histórica en décadas, actuando principalmente en zonas periféricas no ámbito delimitado no propio Plan Especial.

Actuouse en zonas como a da rúa do Olvido, moi necesitadas de intervencións, e que na maioría de casos, pois non se tiñan beneficiado de ningunha reforma urbana dende facía cando menos corenta ou cincuenta anos, e que polo tanto, mostraban necesidades nos servizos básicos.

Con esta actuación, en concreto, o que se conseguía era recuperar este espazo para a veciñanza, e a creación dun aparcadoiro soterrado.

Pasaron os anos, tres alcaldes do Partido Popular, e agora o Alcalde de Compostela Aberta, e vese que se avanzou minimamente na tramitación legal, pero na actualidade as prazas municipais do aparcadoiro seguen sen sacarse a oferta pública, e polo tanto, continúan sen uso.

Por ese motivo, o BNG considera que é oportuna esta iniciativa na medida en que tenta axilizar a adxudicación do uso das prazas de titularidade municipal, atendendo a criterios de proximidade e renda, e cren que hai instrumento válido no Concello, como é a empresa municipal TUSSA para poder desenvolver, esa función de asignación e xestión das prazas.

Polo tanto tanto o BNG vai votar a favor da iniciativa, aínda que fai o comentario de que o Partido Popular tivo catro anos para por en circulación estas trinta prazas que levan paradas dende o ano 2010.

Don Francisco Reyes Santiás, entrando no contido da proposición.

Di que inaugurado a finais de 2010, o aparcamento integrouse no patrimonio municipal a raíz dun convenio urbanístico cos propietarios da parcela.

A remodelación da praza Marcial Villamor Varela e a construción do aparcamento soterrado foi financiado senón lembra mal, cos fondos do Plan E, cun investimento dun millón de euros.

O Partido Popular, grupo político que presenta esta proposición, durante os catro anos de goberno con maioría absoluta, non foi quen de iniciar un procedemento que resolvera a xestión das trinta prazas de aparcamento propiedade do concello.

O grupo Socialista ten coñecemento de que a finais de mandato, o grupo Popular daquela no goberno da cidade, tiña a intención de facer unha encomenda de xestión á empresa municipal TUSSA.

O grupo municipal Socialista ten dúbidas acerca da viabilidade económica dese modelo de xestión, ou se ben, sería máis acertado apostar por un concepto de aparcadoiro socio-comunitario en réxime de concesión, de maneira que a veciñanza da contorna tivese acceso a asignación das prazas por un período de dez anos prorrogables, constituíndo estes unha comunidade de xestión, e asumindo os gastos de limpeza e mantemento.

Segue a dicir o señor Santiás, que o seu grupo está de acordo en que se proceda a iniciar o procedemento que resolva a posta a disposición destas prazas de aparcamento, sempre motivando o modelo de xestión que se decida, e que se aposte por aquel que sexa máis favorable para a veciñanza.

Don Jorge Duarte Vázquez, di que a sorpresa desta proposición é para todos, cando despois do ano 2010 este expediente pasou por catro anos de goberno do Partido Popular con tres alcaldes distintos e segue a estar no mesmo sitio onde estaba e na actualidade, di que esta prevista a declaración de obra nova do parking, que é o paso

previo a calquera decisión, esta declaración de obra nova ira á próxima Xunta de Goberno, e esa é a ferramenta que permitirá determinar cales son as cotas de cada unha desas vinte e sete prazas de vehículos e tres de motos, e poderase proceder a partir de aí, a facer encomenda de xestión a TUSSA.

Xa se deron os pasos por parte do actual goberno, para poder facer a encomenda a TUSSA, aprobando unha modificación dos estatutos, que entenden que teñen que ser para residentes.

Polo tanto, a vindeira semana irá a Xunta de Goberno a declaración de obra nova, para poder inscribir no Rexistro da Propiedade, e proximamente ira a proposta de encomenda de xestión por parte da empresa municipal TUSSA.

Con respecto aos usuarios, ten claro o Sr. Duarte, que haberá que compatibilizar dúas cousas, criterios de renda e de proximidade, e sempre tendo en conta que son prazas para residentes, non entenden, que sexa necesario convocar prazas de aparcamento para a xente que veña ao seu posto de traballar, consideran que o espazo público de aparcamento debe asignarse para dar un servizo aos residentes nesa zona.

Polo tanto os criterios serán que todos/as aqueles/as residentes da rúa Olvido, Praza de Marcial Villamor, rúa Castrón D'Ouro, rúa de Sar, rúa Colexiata de Sar, Pexego de Arriba, Pexego de Abaixo, etc., poderán solicitar as prazas e terán preferencia en función de renda aqueles que non alcancen 3,5 veces o salario mínimo profesional.

O criterio será de concesión por períodos de cinco anos con revisión anual das condicións económica.

Di que lle gustaría facer un recordo a concelleira, Dona Olga Pedreira, que nas súas políticas de rehabilitación e rexeneración urbana tiña criterios que cre que son os que axudan a mellorar a vida dos usuarios da cidade histórica, creando bolsas de aparcamento similares ás que se están a crear na actualidade en ámbitos como o da Trisca, no entorno da rúa de Concheiros.

Anuncia o voto favorable do seu grupo.

Dona Teresa Gutiérrez López, subliña que discrepa nalgúns cousas co que se dixo, e di que foi unha acción estupenda, positiva, pero enmarañada, porque cando as cousas se fan regular ou se cuestionan mal teñen moitas dificultades xurídicas despois.

Este é un aparcamento que ten unha única entrada, e a súa inscrición no catastro foi moi complicada e igualmente pasou coa inscrición no rexistro.

Di que o seu grupo conseguiu inscribilo no catastro e deixaron negociado co rexistro tamén a mesma, e deixaron redactado un prego.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acordainstar ao correspondente órgano do goberno municipal a regularizar á maior brevidade posible a situación do aparcamento subterráneo da praza Marcial Villamor Varela, nas inmediacións da rúa do Olvido, procedendo a rematar a redacción do prego para a concesión e a posterior adxudicación do uso das prazas de titularidade municipal, atendendo a criterios de proximidade e de renda.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA A CREACIÓN DUN PROGRAMA INTEGRAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E DE CONCILIACIÓN.

Preséntase con data 8 de novembro de 2016, núm. 321, proposición co seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á licitación dun concurso para a creación dun programa integral de actividades extraescolares e de conciliación laboral e familiar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos problemas que ten na actualidade unha unidade de convivencia é a conciliación familiar e laboral, agravándose estas situacións en horas non lectivas do día e cando chegan as vacacións escolares para as fillas e os fillos.

É necesario redactar o proxecto dun programa integral de actividades extraescolares e de conciliación promovido pola Concellaría de Educación e Cidadanía.

Os obxectivos teñen que centrarse, por unha parte, no caso das extraescolares, na creación dunha oferta socioeducativa que permita a conciliación da vida familiar e laboral.

Estas actividades extraescolares municipais deben dirixirse ao alumnado dos ciclos de Educación Infantil e Primaria dos centros de ensino, no que cada un deles ofertan para os seus propios alumnos/as, dous paquetes de actividades que se complementan entre si: o que parte da Concellaría de Educación e o que oferta a ANPA do centro.

As actividades desenvolvidas no horario non lectivo terán que ser nos espazos facilitados polos centros educativos ou Concello. Serán deseñadas para satisfacer a

formación non regrada e lúdico-cultural das nenas e nenos que se atopen en idade escolar. Aglutinarán desenvolvemento cultural e da lingua do noso país, fomento da expresión artística-creativa e realización de exercicio físico e saúde. O conxunto de actividades extraescolares realizaranse de maneira continuada durante todo o curso.

Outro dos obxectivos é o programa municipal de conciliación para cando remata o período lectivo; o Concello de Santiago debe ofrecer un programa de conciliación para promover o lecer e unha formación complementaria dos nenos e das nenas, co fin de ter un recurso para as unidades de convivencia. Actividades impartidas en galego relacionadas coa natureza, xeografía, vídeo, manualidades, ximnasia rítmica, patinaxe, baloncesto e xadrez, entre outras, poden ser algúns exemplos do que se pode ofrecer.

Con este programa foméntase a igualdade de oportunidades ao ter un prezo público, con bonificacións para as unidades de convivencia con menos recursos, ademais de impartir as mesmas actividades en todos os centros.

O programa municipal de conciliación debe propoñerse como un paquete (Semana Santa, verán e Nadal) e a solución debe pasar por sacar a licitación un concurso global, cun maior número de actividades, redución nos custes para as familias e unha maior descentralización.

Estas actividades desenvólvanse no CEIP Fontiñas e CEIP Raíña Fabiola e, como mínimo, deben estenderse a Roxos, Lavacolla ou Quiroga Palacios, para incrementar a vertebración territorial, segundo demande a comunidade educativa.

Tamén debería haber unha oferta única, con maior coordinación entre outros departamentos do Concello que programan polo seu lado ou mesmo outras administracións que tamén organizan actividades deste tipo. Cómpre estender a oferta a agosto, porque non todas as unidades de convivencia están de vacacións nese mes, e existe demanda.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela incluírá a partir dos Orzamentos de 2017 a licitación dun concurso para crear un programa integral de actividades municipais extraescolares e de conciliación de Semana Santa, verán e Nadal.”

Don Rubén Cela Díaz, fai defensa da proposición presentada polo seu grupo, di que quere facer tres consideracións previas:

Primeiro que esta proposición presentada polo seu grupo, nace a petición dunha Federación de ANPAS de Santiago de Compostela.

En segundo lugar, que aínda que é unha única proposición, abórdanse dous ámbitos complementarios pero diferentes, por unha parte as actividades extra escolares, e por outra banda, actividades de conciliación.

E, en terceiro lugar, e para el esta é a máis importante, e comenta que para o Bloque Nacionalista Galego como no caso dos comedores escolares, que as competencias son claramente da Xunta de Galiza e non do Concello.

E aínda, que estando de acordo que sendo competencia estas actuacións da Xunta de Galiza, antes de que sexan que ser desenvolvidas polas ANPAS, entenden que é preferible que se faga polo concello, porque sempre será unha actuación máis garantista e máis igualitaria.

A primeira das cuestións as que fan referencia, son as actividades de conciliación, o que se entende por actividades que organiza o concello en períodos de vacacións de nadal, semana santa e verán.

Nese sentido, basicamente, o que plantexan son catro cousas, unha maior antelación nas convocatorias, están a un mes desas vacacións escolares, e o tempo nos que pais e nais deberan de saber que actividades se van desenvolver para poder facer unha previsión.

Nese sentido o BNG, fai unha suxestión que non é preciso que sexa tida en conta, xa que como esas actividades están externalizadas, pois unha licitación conxunta de todas, pois permite que aínda que algunha chegues un pouco pillado de tempo, pero sen embargo as outras poden ser publicitadas con moito tempo de antelación.

A segunda das cuestións, que tampouco é de agora, é unha cuestión histórica, é unha maior descentralización desas actividades, que agora se atopan centralizadas no Raíña Fabiola e Fontiñas, están a ser as ANPAS quen nas vacacións de verán descentralizan algo máis con actividades en Roxos, Quiroga Palacios e Lavacolla.

Dise que non hai demanda para descentralizar, pero ao non ter oferta, tampouco hai demanda.

En terceiro lugar unha maior cobertura no verán, e isto non é novo, ven de sempre, o mes de agosto parece que non hai que conciliar, cre que hai que darlle cobertura ao conxunto da época estival.

Por último subliña unha cuestión que para o señor Cela tamén é moi importante, unha revisión nos prezos, a administración non ten que facer unha competencia desleal, pero di que non é razoable que os prezos públicos da administración en non poucas ocasións son superiores aos da oferta privada, e continua dicindo que hai pais e nais que querendo ir á pública acaban acudindo á oferta privada por resultar máis competitiva en prezo que a pública.

Con respecto ás actividades extraescolares o que propoñen, é que o concello poida deseñar un abano amplo das mesmas, e que a partir de aí, se poñan a disposición das ANPAS dos centros educativos e que cada centro poida escoller un máximo que se marque dende o concello, e a partir de aí toda actividade a maiores sería responsabilidade da ANPA.

Fan esta proposta, porque entenden que é un sistema que garante un maior igualdade. Hoxe en día que un neno/a poida ir a unha actividade extraescolar depende de que haxa un boa ANPA, entón terán unhas boas actividades e a prezos competitivos e se hai unha ANPA con menos implicación pois terán menos actividades.

Con esa intervención por parte do concello o que se garantiría unha oferta mínima de calidade para o conxunto dos escolares, e quen queira maior especialización ou maiores actividades, aí tería que entrar a ANPA.

En segundo lugar, cre que iso podería permitir certas economías de escala, non é o mesmo que unha ANPA contrate unha actividade, que isto sexa feito por parte do Concello para dez ou quince centros, e de iso estar negociado polo concello, estarían ao tanto os servizos sociais, e polo tanto, o tipo de bonificación que se farían non son as que fan hoxe en día as ANPAS, que aínda que se fan con moi boa vontade pero ao mellor con pouco rigor. A ANPA non ten por que saber cales son as situacións socioeconómicas de determinados pais e nais.

Entón coordinando iso dende o departamento de educación e servizos sociais se faría moito mellor.

E tamén cre, que este sistema tería máis garantías e sería máis transversal, por exemplo di que en cuestión de idioma sería importante a difusión do noso idioma nese tipo de actividades, e polo que entende que unha oferta do concello garantiría mellor ese tipo de cousas.

Por último di que lle gustaría facer mención, ás bolsas de actividades extraescolares, aquí foi aprobado a elaboración das bolsas para as actividades extraescolares postas polo seu grupo enriba da mesa, considera que o procedemento que se utiliza para a concesión é moi mellorable. A finais de outubro os servizos sociais aínda tiñan sen

publicar as listas de nenos/as aos que se lles concedía unha bolsa de axuda, polo que os pais e nais non sabían se poderían enviar aos seus fillos e fillas a esas actividades.

Débese axilizar a tramitación destas bolsas, e que o concello impulse un seguro escolar para estas actividades extraescolares, e que se axilice o procedemento de inscrición dos/as nenos e nenas.

Outra cuestión que entende que é importante que se regule nas bases son as exencións e bonificacións, en casos de familias monoparentais, ou os dous proxenitores se atopen en situación de desemprego, etc.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, di que o ámbito local pola proximidade á cidadanía é o ámbito ideal para a promoción e xestión de recursos e servizos para a conciliación, que debe ser facilitada dende o concello, contando coa participación e implicación das familias, implicar ás empresas e outras organizacións no desenvolvemento, promover un proceso cidadán de debate de cuestionamento de actitudes e de posicionamentos conducentes a un maior equilibrio para facilitar a conciliación.

Di que é certo que a conciliación laboral e familiar, supón un reto na nosa cidade, que se agrava sobre todo nas vacacións, e isto foilles transmitido na xuntanza que tiveron coa asociación de pais e nais, que lles transmitiron tamén a necesidade da creación dun programa integral de actividades extraescolares e de conciliación.

O seu grupo solicita que isto se converta nunha das prioridades desa macro área que segundo parece vai ser posta en marcha polo goberno de Compostela Aberta.

Comenta que a proposición do BNG solicita unicamente a inclusión nos orzamentos de 2017 a licitación dun concurso para crear un programa integral de actividades extraescolares e de conciliación das vacacións (semana santa, verán e nadal).

Quédalles a dúbida polo texto da proposición e quen ten que elaborar ese programa, o grupo socialista, entende que quen ten que elaborar o programa, debe ser o concello, e a partir de aí se estude o mellor modelo de xestión para poder levalo a cabo.

Dona María José Corral López, di que esta petición do BNG, encadrase nun marco de reunións que todos os grupos tiveron coa Federación de ANPAS, e dálle os parabéns ao BNG polo seu desenvolvemento.

Parécelles unha iniciativa moi positiva e o voto do seu grupo vai ser favorable á mesma.

No caso de que sexa executado, di que para eles é moi importante o que, que está moi ben desenvolto na proposición, o cómo. E isto último como di a proposición debe de

ser a través dun concurso público, que garanta a obxectividade na súa contratación, e dese xeito serva do control ao abuso das facultades discrecionais deste goberno cos contratos menores.

Don Manuel Díos Diz, comeza a súa intervención, dándolle as grazas ao señor Rubén Cela pola proposición, e di que a mesma dálles pe a falar e a reflexionar en pleno, dunhas actividades que co paso dos anos se están a converter nun complemento formativo e tamén dun mecanismo eficaz, de conciliación da vida familiar e laboral, moi demandado como é o das actividades que se organizan durante as xornadas non lectivas das vacacións.

Propón o BNG na súa proposición, en síntese a redacción dun programa integral de actividades extra escolares e de conciliación, promovido pola concellaría de educación e cidadanía.

Segue a súa intervención o señor Díos, pedindo que lle permitan distinguir o que son actividades extraescolares complementarias e de conciliación, porque non sempre é utilizada a terminoloxía correcta, e pode levar ás veces a confusión.

Di que as actividades extra escolares son aquelas que teñen lugar fora do horario escolar, fora das actividades docentes reguladas, e pola contra, as actividades complementarias son aquelas que teñen lugar con carácter gratuíto, dentro do horario de obrigada permanencia no centro e coa finalidade cumprimentar as actividades curriculares.

Na actualidade a concellaría do que lles está a falar, e di que xa dende fai bastantes anos, desenvolve un programa de conciliación durante os períodos de vacacións, semana santa, verán e nadal, e tradicionalmente vense facendo en dous colexios públicos en Fontiñas e Raiña Fabiola, en horarios de mañá e tarde, e incluídos os servizos de madrugadores e comedores escolares.

Estas actividades son realizadas maioritariamente en lingua galega, de coñecemento do medio natural, patrimonial, xogos cooperativos, hábitos saudables, resolución de conflitos, etc., que buscan reforzar aspectos curriculares e ao mesmo tempo desenvolver a educación en valores cívicos e democráticos, mellorar a convivencia, en definitiva, para contribuír a complementar a calidade da escola pública.

Trátase de actividades cunha relación calidade prezo moi aceptable, xunto coas bolsas de axuda que están a ofertar para as familias con máis dificultades, primando as familias numerosas, monoparentais e con escasos recursos. Este ano concederon 220 bolsas.

Di que é un programa do concello que se esta a mellorar cada ano, tanto en matrícula como en servizos e non foi ampliado a novos centros escolares, porque supón un incremento notable de recursos públicos, dos que lamentablemente non se dispón.

Comenta que é intención da súa concellaría asegurar a continuidade dos programas de conciliación nos períodos vacacionais de semana santa, verán e nadal, e mellorar na medida do posible a oferta de actividades e os servizos de madrugadores e comedores escolaers.

Comparten a reflexión xeral, feita polo BNG na súa proposición, tomarán nota do solicitado, farán o correspondente estudo para tratar dar resposta, tendo en conta as actuais posibilidades, na medida do posible.

Estas actividades publicamente están anunciadas dende fai varias semanas, os pais teñen coñecemento do que se vai realizar no próximo nadal, e irán á próxima Xunta de Goberno. Aclara que os pais e nais xa foron informados.

Manifesta que polas razóns que expuxo eles vanse abster na presente proposición.

O Sr. Rubén Cela, agradece os votos favorables e tamén polas abstencións.

Quere matizar un par de cousas, a primeira algo ao que facía referencia o señor D. Manuel Díos, que para el é moi importante, cre que cada vez na sociedade actual as actividades extraescolares, as complementarias e de conciliación cobran unha maior importancia, nunha triplo vertente: de formación complementaria á formación regulada, na da conciliación da vida familiar e laboral, e tamén, nunha cuestión que para el é moi importante, dotar ao ensino público de condicións competitivas en igualdade co ensino privado.

Hai pais e nais que acaban optando pola opción de meter aos seus fillos en determinado tipo de centros privados fundamentalmente pola oferta complementaria de actividades, e por iso cre, que é moi importante que o ensino público teña unha oferta complementaria de actividades á altura das demandas de hoxe en día.

Comenta que con respecto ás actividades de conciliación, eles non puxeron en cuestión nin o contido nin a forma, cónstalles que se fai con moita profesionalidade, que son moi boas, que a relación co que se oferta o prezo sexa moi razoable, pero o que piden é que ten que existir unha maior antelación na comunicación, cun catálogo onde se diga que actividades van ser, etc., cre que niso hai que seguir mellorando, e por iso a súa proposta de poder facelo todo nun único paquete, e se se chega un pouco axustado a campaña de nadal, xa está contratado semana santa, e vai poder ser publicitado cun mes ou dous de antelación.

Por último facía referencia o señor Díos Diz, ao tema orzamentario, e posiblemente iso sexa algo do que terán que falar no trámite de negociación e aprobación dos orzamentos de 2017, considera que estas son as cousas que pagan a pena, e que moitas veces dedícase moito tempo a falar de investimentos, que por certo unha parte importante acaban sen ser executados, e sen embargo, hai outro tipo de partidas que ao final condicionan a vida de moitas persoas, e que habería que revisar, e dotar economicamente para que en anos vindeiros poder dar unha oferta mellor e máis completa.

Sinalar con respecto ao que serían propiamente as actividades extraescolares, di que para el esta proposta é un tanto híbrida e contraditoria, contraditoria respecto ao que defenden como modelo.

Cre que debería ser a Xunta de Galiza quen tivera unha oferta conxunta para todo o país.

En calquera caso mentres iso non sexa así, prefire que isto sexa levado a cabo polo concello que as ANPAS.

Da as grazas polo apoio a esta proposta e agarda que se poida materializar este acordo.

Contéstalle a unha pregunta feita polo Sr. Muíños, e ademais considera que é moi oportuna, porque ao mellor o texto da resolución do acordo pode inducir a erro, e dille que non están a favor da externalización deste tipo de actividades, e cre que se o Concello de Santiago tivese mecanismos para ter unha xestión directa do programa sería o ideal, e se non pode ser da xestión directa das actividades, pero si do deseño do programa global, se os técnicos do departamento poden facer ese traballo, piden que non sexa externalizado.

Eles o que piden é que se poida viabilizar e entenden polo coñecemento das limitacións de persoal do propio departamento, que agora mesmo e como xa pasa coas actividades de conciliación, o único mecanismo sería por esa vía, pero se o deseño do que sería o proxecto global se pode facer dende o departamento, dende logo piden que non se externalice.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, di que tal e como estaba redactada a proposta de resolución podía dar a entender, que o que se estaba a buscar era convocar un concurso, e eles consideran que a poder ser mellor sexa levado a cabo por técnicos desta casa, xa lle quedou clara coa resposta dada polo Sr. Cela.

Don Manuel Díos Diz, soamente quere comentar que cando se fixo público o programa de conciliación de nadal xa se deu conta dos días, condicións, todos os datos, que iso é público, e que o que se quere é tranquilidade ás familias.

Con respecto a descentralización, dille ao señor Rubén, que foi intentado en varias ocasións, pero a demanda existente nalgún dos centros que se comentou non chegaba a seis alumnos, polo que di, que en canto teñan unha garantía de demanda vaise intentar.

Insiste en que el é partidario de planificar e que poida ser mellorado o servizo tanto de actividades como da conciliación, pero di que teñen que ser conscientes da propia realidade do departamento e do custo orzamentario que tería programar, organizar e xestionar un programa integral de actividades extraescolares, entón todo isto será estudado e terán que ver como se pode facer efectivo.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda incluír a partir dos orzamentos de 2017 a licitación dun concurso para crear un programa integral de actividades municipais extraescolares e de conciliación de Semana Santa, verán e Nadal.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA AO DESENVOLVEMENTO DO VIAL DE CONEXIÓN CO NOVO ENLACE DA AP-9 E A CIDADE DA CULTURA, ENTRE A AVENIDA DE MANUEL FRAGA IRIBARNE E A RÚA DO SANDINO.

O texto da proposición que tivo entrada o día 8 de novembro de 2016, núm. 322, ten o seguinte contido:

“O pasado 5 de outubro de 2016, formalizouse o convenio entre a Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Autopista do Atlántico mediante o cal o Ministerio de Fomento se compromete a executar e financiar as obras para a construción dun novo enlace da autopista AP-9 de acceso a Santiago de Compostela a ao complexo da Cidade da Cultura.

Este novo enlace entre a autopista AP-9 e o complexo da Cidade da Cultura, cumprirá dous obxectivos: dispor dunha conexión directa entre estas dúas infraestruturas estratéxicas para Compostela e que a través deste novo enlace se acceda a Santiago de Compostela.

Na actualidade, o complexo da Cidade da Cultura dispón dunha única conexión estruturante directa co casco urbán de Santiago. Dita conexión está conformada pola Avenida de Manuel Fraga Iribarne que, partindo da ubicación prevista para o novo enlace coa AP-9, desemboca na rúa das Fontes do Sar (na zona do Multiusos), conectando co barrio de Fontiñas no seu borde sur.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE considera que esta única conexión da cidade de Santiago de Compostela co novo enlace coa AP-9 non aproveita en toda a súa potencialidade as oportunidades que supón a construción do mesmo. O PXOM vixente, redactado e aprobado por gobernos participados polo PSdeG-PSOE, xa contemplaba unha segunda conexión entre a Cidade da Cultura e o barrio de Sar conectando co mesmo na rúa do Sandino e con aproximadamente 650 metros de lonxitude.

Este novo vial é de vital importancia para zonas da nosa cidade como Sar, Angrois, Aríns, o Eixo, Santas Mariñas, áreas próximas ao Ensanche e á Cidade Histórica, etc. Estes lugares non só contarían cun acceso máis directo á Cidade da Cultura, senón que tamén disporían dunha mellor e máis accesible conexión coa autopista AP-9, descargando de tráfico os percorridos actuais e cumprindo o segundo obxectivo previsto no convenio anteriormente mencionado.

Por todo isto, é polo que o grupo municipal do PSdeG-PSOE propón ao Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Que por parte do Concello de Santiago de Compostela se desenvolvan todas as xestións precisas, tanto por propia iniciativa como instando a outras administracións, para que se proxecte e execute o novo vial previsto no PXOM e que conecta a rúa do Sandino co complexo da Cidade da Cultura e co novo enlace da autopista AP-9.”

Don Francisco Reyes Santiás, fai defensa da proposición por eles presentada.

Di que o pasado 5 de outubro de 2016, formalizouse o convenio entre a Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Autopista para a construción dun novo enlace da autopista AP-9 de acceso a Santiago de Compostela e ao complexo da Cidade da Cultura.

En virtude deste convenio o Ministerio de Fomento, comprométese a executar e financiar con 4,2 millóns de euros as devanditas obras, que unha vez rematen van quedar integradas na concesión da autoestrada.

Do mesmo xeito a Xunta de Galicia vai poñer a disposición do Ministerio de Fomento os terreos dos particulares que resulten necesarios para a construción do devandito enlace, polo que van ter que levar a cabo expropiacións que se calcula que ascendan a 0,3 millóns de euros.

A Fundación Cidade da Cultura tamén vai por a disposición do Ministerio de Fomento os terreos da súa titularidade que sexan precisos para a execución das obras.

Este novo enlace entre a autopista AP-9 e o complexo da Cidade da Cultura, cumprirá dous obxectivos, ter dunha conexión directa entre estas dúas infraestruturas estratéxicas para Compostela e que a través dese novo enlace se acceda a Santiago de Compostela.

Na actualidade, o complexo da Cidade da Cultura dispón dunha única conexión directa co casco urbano de Santiago.

Dita conexión está conformada pola Avenida de Manuel Fraga Iribarne que, partindo da ubicación prevista para o novo enlace coa AP-9, desemboca na rúa das Fontes do Sar e conectar co barrio de Fontiñas no seu borde sur.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE considera que esta única conexión da cidade de Santiago de Compostela co novo enlace coa AP-9 non aproveita en toda a súa potencialidade as oportunidades que supón a construción do mesmo, xa o PXOM vixente, redactado e aprobado polo goberno do PSdeG e BNG, contemplaba unha segunda conexión entre a Cidade da Cultura e o barrio de Sar conectando co mesmo na rúa do Sandino, con aproximadamente 650 metros de lonxitude.

Este novo vial é de vital importancia para zonas da nosa cidade como Sar, Angrois, Aríns, o Eixo, Santas Mariñas, e os veciños destes lugares non só contarían cun acceso máis directo á cidade cultura, senón que tamén disporían dunha mellor e máis accesible conexión coa autopista AP-9, descargando de tráfico os percorridos actuais e cumprindo o segundo obxectivo previsto no convenio citado.

Por todo isto, presentan para a súa aprobación que por parte do Concello de Santiago de Compostela se desenvolvan todas as xestións precisas, tanto por propia iniciativa como instando a outras administracións, para que se proxecte e execute o novo vial previsto no PXOM e que conecta a rúa do Sandino co complexo da Cidade da Cultura e co novo enlace da autopista AP-9.

Don Rubén Cela Díaz, di que para o BNG o acceso á Cidade da Cultura dende autoestrada AP-9 nunca foi e non é agora prioritario, pero si que o é a execución do enlace orbital entre a conexión da autoestrada AP-9, autovía de Lavacolla e a N-550.

Esta actuación que propón o grupo municipal do PSOE o que si que fai, é completar o convenio asinado en outubro entre o Estado, a Xunta, a Fundación Cidade da Cultura e a Autoestrada do Atlántico, polo que Fomento se compromete a executar e financiar as obras para construción dese novo enlace da autoestrada AP-9 de acceso en Santiago á altura da cidade da cultura.

Para o BNG, non sendo unha prioridade, o que si que é certo que unha vez que se vai facer esa obra, o que non lles parece correcto é que se enfoque como unha entrada e saída da autoestrada á Cidade de Cultura, senón que cren que se debe enfocar como unha entrada e saída nova a Santiago de Compostela, polo que é importante que esa entrada e saída dea unha boa comunicación pois a barrios, como Angrois, Santas Mariñas, Aríns, ou a Sar.

E di que nese sentido a actuación que propón o grupo Socialista, que xa estaba recollida no planeamento do concello, pois parécelles acaída.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, quere facer en primeiro lugar unha reflexión, di que están aquí para facer oposición construtiva, e non para facer oposición a un grupo cada vez máis minoritario da oposición.

Dille ao señor Reyes que non sabe se o grupo Socialista é progresista ou o foi, di que lle da igual, pero o que pode constatar é que cada vez son menos.

Entrando no tema, di que dende o grupo Popular, valoran a proposta que presenta o grupo Socialista, porque son conscientes que de cara ao futuro é preciso completar o novo enlace da AP-9 coa Cidade da Cultura que xa está a impulsar a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento. Non é unha proposta nova, posto que xa está recollida na revisión do Plan xeral do ano 2008.

A proposta que trae o grupo Socialista refírese, por certo, a un tramo da estrada AC-261, que é de competencia municipal, dende a Ponte de Marzán ata Ponte do Sar, e que segue a espera de melloras no seu firme e beirarrúas acordadas por unanimidade fai un ano neste pleno, a instancias dunha moción do BNG, que aproveita para lembrar e pedir o seu cumprimento.

Neste momento considera o grupo municipal do Partido Popular, que a prioridade de executar o enlace da AP-9 e congratúlanse dende o seu grupo co aprobación hoxe mesmo do Decreto por parte da Xunta de Galicia de expropiación dos terreos adicionais necesarios para completar a actuación recollida no convenio asinado entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Cultura e a Consellería de Infraestruturas.

É unha actuación de grande relevancia que supón un investimento de 4,2 millóns de euros, e que camiña firme para ser iniciada ao longo do vindeiro 2017.

Concordan co grupo Socialista na conveniencia de que o concello vai adiantando tamén noutras actuacións que axuden a complementar as actuacións xa en marcha, como pode ser este acceso dende o Gaiás ata o vial do Sar, xa que se trata dunha nova vía recollida no Plan xeral, que se complementa por parte do concello, aínda que sexa coa colaboración da Xunta de Galicia, e que debería ser completada con outra vía, tamén recollida no Plan Xeral que lle dea continuidade dende o Cruceiro de Sar ata Lamas de Abade, e que permita conectar coa AP-9, e facer unha conexión máis efectiva coa SC-11.

Di que esta proposta debería plantexarse nunha estratexia global en orde a priorizar de maneira axeitada, todas as infraestruturas viarias pendentes neste concello.

Esa estratexia global foi defendida polo grupo Popular fai máis dun ano, en setembro de 2015 neste pleno baixo o nome de “pacto institucional polas infraestruturas” e que foi aprobado só cos votos do Partido Popular e coa abstención dos demais grupos.

Proposta que o goberno faría ben en cumprir, sinalaba que o pleno, instaba ao goberno municipal a dar os pasos necesarios para articular unha proposta realista, posible e axustada ás necesidades da cidade, coa finalidade de establecer un pacto municipal polas infraestruturas, que fixe as actuacións prioritarias na materia e que fose asumido polo conxunto das forzas políticas representadas na Corporación.

A proposta presentada hoxe polo grupo Socialista, ven a por de manifesto a conveniencia e oportunidade nun referente no que enmarcar as grandes actuacións en materia de infraestruturas, a súa priorización e o seu desenvolvemento.

Continúa a dicir, que o goberno segue sen cumprir os acordos do pleno e segue sen asumir o seu papel na planificación do futuro da cidade, e isto leva que xurdan este tipo de iniciativas. Evidenciase que non se está a traballar na posta en común dos grandes proxectos da cidade, fixando as prioridades e pasos a dar para a súa consecución.

Di que Santiago ten aínda moitas infraestruturas pendentes na súa planificación, que deben ser analizadas, priorizadas e xestionar en función dos avances acadados e das propias necesidades con criterios de racionalidade, mobilidade, de eficacia e de eficiencia na procura do interese xeral.

Manifesta que se debería articular unha proposta conxunta coa participación de todos os grupos para garantir un acordo estable, duradeiro e tamén financiable.

Afirma o señor Hernández, que iso foi o que eles propuxeron a través do pacto institucional polas infraestruturas, acordo que evitaría os continuos debates sobre a prelación na asunción de determinados proxectos.

Di que mesmo que valoran a proposta que presenta o grupo Socialista, que mesmo pensan que podería incluír, a continuidade do itinerario dende o Cruceiro de Sar ata Lamas de Abade, anuncia que se van abster, porque consideran que o desenvolvemento de novas vías debería de facerse no marco dunha plan institucional polas infraestruturas, que o goberno debería por en marcha, tal e como se acordou en pleno a proposta do seu grupo fai máis dun ano.

Don Jorge Duarte Vázquez, di que teñen moi claro que a autoestrada AP-9 supón para esta cidade unha grande axuda para mellorar a mobilidade, debido ao seu carácter de vía de circunvalación e desafogo do tráfico no centro da cidade, entenden que a inversión ou actuación prioritaria que demanda esta cidade, como dicía o Sr. Rubén Cela, é o orbital e cren que aí deben de ir dirixidos os máximos esforzos por parte deste goberno municipal, porque entenden que melloraría as condicións das áreas industriais do norte da cidade.

Esta conexión no entorno da cidade de cultura, conexión que para eles, facilitaría o tráfico e a accesibilidade dos barrios de Fontiñas e do Sar, o enlace da AP-9 Sar-Fontiñas e algo que esta contemplado no plan xeral e entenden que vai axudar a mellorar a mobilidade e a desafogar a entrada de vehículos ao centro da cidade, ao ter unha vía alternativa.

Cre o señor Duarte, que se deben facer as xestións necesarias coa Xunta de Galicia para impulsar a colaboración no desenvolvemento desta vía, tendo claro que os esforzos deben de ir dirixidos a mellorar a comunicación no entorno do orbital, nas áreas industriais, e di que esta vía é unha demanda da cidadanía para mellorar a mobilidade.

Manifesta o seu apoio a esta iniciativa e o compromiso do goberno municipal de xestionar co resto das administracións que teñan competencias no desenvolvemento desta vía, porque supón un gran mellora na mobilidade para o barrio Sar e para o barrio de Fontiñas.

Don Francisco Reyes Santiás, di que vai empregar parte da súa quenda, para unha cuestión de orde.

Leccións do Partido Popular no que fai referencia ao número de concelleiros poucas opo ningunha.

Dicirlle que o voceiro neste momento do Partido Popular, que foi alcalde desta cidade, o terceiro en catro anos, por certo viña ocupando o número 25 da lista electoral, polo tanto, eles si que saben de correr a lista electoral.

Repíte, que é o terceiro alcalde en catro anos e estivo acompañado por nove concelleiros/as non electos, por certo o mesmo número de concelleiros/as que teñen nestes momentos.

Comenta que con respecto á paralización de infraestruturas, di que algunha responsabilidade tería quen foi conselleiro de infraestruturas e medio ambiente nos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia entre os anos 2009 e 2014.

Entrando xa no debate da proposición, agradece o apoio dos grupos que apoian a proposta, e compartir a importancia do remate do orbital, compartir os argumentos empregados polo BNG, CA e, por suposto, polo Partido Socialista.

E di que o máis importante desta obra, o descargar de tráfico os percorridos actuais, e servir de entrada e saída a cidade dos/as veciños/as.

Agradece o apoio ao resto dos grupos.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, en resposta ao señor Reyes, di que os/as compañeiros/as que están hoxe aquí deron no seu día un paso ao fronte para resolver un problema que tiña esta cidade, consecuencia de erros propios e de erros alleos, e foron quen de dar o paso máis rápido do que parece que esta a facer agora o Partido Socialista.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda que se desenvolvan todas as xestións precisas, tanto por propia iniciativa como instando a outras administracións, para que se proxecte e execute o novo vial previsto no PXOM e que conecta a rúa do Sandino co complexo da Cidade da Cultura e co novo enlace da autopista AP-9.

10. DAR CONTA DOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL AO PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO DE 2016.

Dáse conta dos informes de intervención de reparos ao primeiro semestre do exercicio de 2016.

11. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN XERAL DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO DE 2016.

Dáse conta do informe da interventora xeral do concello núm. 668/2016, de 31 de outubro, a efectos do disposto na lexislación vixente e na base 8 das de execución do orzamento do ano 2016 (3º trimestre).

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta de resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas no período que vai dende o 29 de setembro ao 25 de outubro de 2016 (núms. 6085 ao 6804).

Así mesmo, dáse conta das seguintes actas da Xunta de Goberno Local:

Acta sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2016 (Núm. 69).

Acta sesión ordinaria do día 14 de outubro de 2016 (Núm. 70).

Acta sesión ordinaria do día 21 de outubro de 2016 (Núm. 71).

Acta sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2016 (Núm. 72).

13. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN RELACIÓN A COMPROMISO DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS PROPOSTAS POR GREENPEACE PARA A REDUCIÓN DA EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO CAUSADAS POLA MOBILIDADE URBANA.

O Sr. Alcalde, di que por acordo da Xunta de Portavoces, retírase este punto da orde do día, para un mellor estudo e poder aproximar posicións.

14. COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO, ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 20 DE OUTUBRO DE 2016.

Comparece a concelleira de igualdade desenvolvemento económico e turismo, en base ao acordado na sesión plenaria ordinaria do día 20 de outubro de 2016.

O Sr. Alcalde, dálle a palabra ao concelleiro/a do Partido Popular que vaia a xustificar a petición de comparecencia.

Toma a palabra, **Dona María Antón Vilasánchez**, di que o seu grupo ten solicitada a comparecencia da concelleira de igualdade, desenvolvemento económico e turismo,

para que poida informar das actuacións levadas a cabo dende o concello dirixidas a promover e impulsar a actividade turística durante este ano máis de ano e medio de mandato.

Queren coñecer as previsións que o goberno manexa para o vindeiro ano e para os restantes anos ata o horizonte do ano santo 2021.

Baixo a súa consideración nestes doce meses de goberno de Compostela Aberta non hai ningún avance do departamento de turismo que nos permitan dicir que se están a traballar nas cuestións que ocupan o preocupan ao sector.

Segundo o programa de Compostela Aberta ía facer unha auditoría cidadá do Plan Estratéxico, a crear un Foro multisectorial do turismo e un observatorio do turismo, tres ideas que dende o punto de vista do seu grupo eran positivas e levan a pensar que para marcar directrices de política turística un ten que coñecer o balance do que se fixo, rodearse doutros para percibir experiencias, preocupacións, problemas e ideas en xeral.

A finalidade é ter un instrumento que permita a evolución do que está pasando, para implementar melloras e solucións a cuestións que vaian xurdindo.

Di que nada de todo isto se fixo neste tempo, non hai auditoría, nin balance do ano 2015. O foro limitouse a reeditar a versión do Consello Municipal de Turismo. O observatorio segue a estar tamén ausente.

A Santiago preocúpalle a política aeroportuaria. Recoñece que tiña escrita unha breve intervención neste senso, pero non vai dicir nada ata que escoite a comparecencia da concelleira, na que espera que explique a política aeroportuaria de CA para esta cidade.

Ao sector tamén lle preocupa a moratoria de hoteis, que tamén é un punto destacado no programa de Compostela Aberta, de momento a moratoria segue, non se deixa de ver como establecementos de hostalería e restauración, algún con amplos aforos, seguen a abrirse na cidade histórica.

Compostela Aberta dicía no seu programa que vai penalizar a especulación nos prezos do casco histórico, e fomentar o aluguer dos baixos comerciais para ofertar un novo modelo turístico, modelo de restaurantes e tendas de souvenirs, qué accións se fixeron encamiñadas a este fin?

O Concello organizou en setembro unha xornada, que segundo a presentación do Alcalde, pretende ser o comezo para empezar a falar dun novo plan estratéxico.

E dille a señora Lois que senten vergoña allea ao comprobar que nesta xornada a vinte e catro horas do seu inicio non tiña un programa pechado, sen embargo sabíase de tres convidados que viñan a falar como expertos en diferentes campos do turismo, do Concello de Barcelona, da Generalitat de Cataluña e da FEMP.

E ela pregúntase se é Cataluña e Barcelona o espello no que mirarse?, Barcelona e Santiago teñen algo que ver?

Cre a concelleira que teñen realidades e problemáticas distintas, cre ela que debería mirarse cidades semellantes a Santiago, algunha das cidades patrimonio, San Sebastián, Burdeos, etc.

Ademais a señora concelleira estivo nunhas xornadas sobre turismo urbano en Barcelona, compartindo experiencias con outras urbes europeas de dimensións moi diferentes a Santiago, e realidades aínda máis diferentes.

Ter un documento que redefina retos e as accións para acadar o seu fundamental, se lle chame plan estratéxico, de acción, folia de ruta.

Comenta que INCOLSA ten técnicos cualificados que poderían avanzar moito nun documento destas características, porque son os que mellor coñecen a evolución da cidade.

Nestes dezasete meses qué experiencias achegaron vostedes, eles só atopan dúas, a Pokemon Santiago e Santiago territorio das mulleres, pregúntalle a concelleira se cre que era necesaria a aplicación Pokemon Santiago, calculou cantos turistas viñeron grazas ela, e cantas persoas máis coñeceron o extenso territorio por esta aplicación e cal foi o importe que se destinou a mesma?

Citas culturais que estaban implantadas na cidade, cidade da que se pretende que sexa un destino de turismo cultural, que xa contaban cun público e agrandaban a imaxe da cidade foron eliminadas de raíz, sen máis, e cre que isto é un exemplo de transversalidade.

De todos é coñecido que os números cuánticos de turistas en Santiago no ano 2016 foron record, de turistas, de peregrinos, de pernoctacións e de viaxeiros aeroportuarios, pero prosegue a dicir que se está a vivir da inercia e que non se pode permitir o luxo de perder a iniciativa, de adiantarse o que vai a vir.

Este ano houbo eventos importantes, como Womex e congresos de máis de tres mil persoas, todo isto grazas aos compromisos acadados no seu momento polo Partido Popular no seu mandato.

Qué terán nos vindeiros anos?, dille ao señor Alcalde que o Womex o asinou el, pero dille que sabe perfectamente quen o deixou preparado.

Di que todos estes datos son produto dun traballo de longo percorrido das distintas administracións, local, autonómica e estatal, e xunto co sector privado.

Comenta que se houbera unha tarefa que compete en exclusiva ao concello, sería a de reter a eses turistas e visitantes máis tempo nesta cidade, ser anfitrións, ofrecer argumentos para alargar a estadia e seguir creando a necesidade imprescindible, de que a xente coñeza Santiago e fidelizar aos turistas e visitantes, e isto non se percibe no traballo deste goberno.

Di que esperan da concelleira respostas concretas as preguntas formuladas na solicitude presentada fai máis dun mes, que espera que entre viaxe e viaxe, tivera tempo de preparar a súa intervención.

Dona Marta Lois González, di que o Partido Popular plantexa once preguntas na solicitude da súa comparecencia, e tratarei contestar en síntese porque dispón de só dez minutos.

Todas as preguntas xiran entorno ao turismo, e di que vai intentar contestalas, contextualizando dende unha dobre vertente.

Por unha banda atendendo as reflexións necesarias de fondo para pensar hoxe o turismo en Compostela, e por outro describindo a situación turística actual cos obxectivos que fixan e as estratexias que pretenden desenvolver e que están a desenvolver para acadalos.

En primeiro lugar, di, para o grupo de goberno é prioritario pensar a cidade e turismo dunha maneira unitaria, asumindo que non se pode concibir a actividade turística á marxe da cidade, o turismo, continúa a dicir, non é un sector económico, unha industria pechada independente, senón que forma parte dunha realidade múltiple e transversal e que incide no conxunto da cidade e que afecta á vida económica e á vida social, cultural e territorial.

Cando se fala dos/as turistas, visitantes, que son cidadáns e cidadás temporais da cidade, que fan un consumo segundo os seus intereses e a duración da súa estadia, polo que as políticas municipais de turismo na actualidade, deben incluír de forma evidente, a prioridade de xestionar os impactos dos fluxos turísticos, impactos que se poden valorar en termos ambientais, de mantemento, de inspeccións e de seguridade, e é polo que se deben orientar estas políticas municipais de turismo cara a innovación en formas de

coordinación, coproducción destas políticas cos distintos axentes e administracións públicas.

Prosegue a dicir, que os retos da xestión do turismo son retos de cidade, debese superar ir máis ala da discusión de falara do modelo turístico para centrarse na construción da cidade desexada.

Compostela é unha cidade, que se distingue pola capacidade de sorprender no marco da cultura, da música, do camiño, coñecemento, das persoas, e todos estes ámbitos son motores da cidade e do seu territorio.

A actividade turística segue contribuíndo ao éxito económico de Santiago, pero debe facelo aportando na mellora da calidade de vida da veciñanza, co mantemento dos espazos e barrios da cidade.

Este é o marco de reflexión que Compostela Aberta, o grupo de goberno, desexa imprimir sobre a base do impulso do turismo.

Continúa a dicir que atendendo aos datos dos que dispoñen e que amosan que 2016 está sendo un gran ano, e que hai posibilidades de conseguir os obxectivos marcados dende turismo de Santiago, e sinala algúns deles:

Ata setembro levan 1.096.743 pernотas, un 6,3% máis que o ano pasado, é o mellor dato na serie histórica, mesmo por riba dos datos do ano santo de 2010, vaise no camiño de superar claramente o obxectivo de 1.300.000 pernотacións.

O aeroporto de Santiago, dille a señora Antón, suma ata outubro 2.160.834 pasaxeiros/as, un 9% máis que o ano anterior, o máis relevante é que supón un aumento de 36.102 persoas a respecto o ano 2011, ano no que se batera o record do aeroporto ata o momento, faltando apenas dous meses para que remate o ano vaise no camiño de lograr o obxectivo de turismo de Santiago de rondar os 2.500.000.

Este ano 2016, é ano con maior número de persoas que fixeron o camiño da historia, superando o record que tiña o ano santo de 2010, estase na liña de acadar o obxectivo das duascenas oitenta mil compostelás entregadas no ano.

As cifras, dille a señora Antón, dan conta que se esta a vivir un gran ano dende o punto de vista turístico con máximos históricos, e estes datos son en boa medida, consecuencia do traballo que se fai dende turismo de Santiago na promoción da cidade como un destino internacional de calidade.

Prosegue a dicir a concelleira, que nas viaxes que fai, son viaxes de traballo e non de turismo, viaxes de promoción e reflicten o compromiso do goberno municipal co sector turístico de Santiago, e que un dos piares da economía de Santiago.

Estes datos non lles fan caer na autocomplacencia e por iso están a traballar na elaboración dun plan estratéxico de turismo, que concrete as principais liñas estratéxicas para os vindeiros anos co horizonte do ano santo 2020.

Di que ese documento será resultado dun traballo participado, e non só aberto a participación dos diferentes grupos políticos municipais, senón que estará aberto a participación de todo o sector turístico e da cidadanía en xeral a través do Consello Municipal de Turismo da cidade.

Quere lembrar, que en setembro constituíuse o Consello Municipal de Turismo, que levaba sen reunirse dende xullo de 2010, case 6 anos, e previamente foi mudado, o regulamento, e intentouse no mesmo que a participación fose máis inclusiva.

Segue a dicir máis alá de que os obxectivos específicos e estratexias que se concreten nese plan, a intención que teñen nos vindeiros anos, é desenvolver unha estratexia en turismo máis ordenada e sostible, que permita construír ese modelo de cidade desexada, que reduza a estacionalidade actual e que aumente a estadia media, pondo en valor os múltiples atractivos que ten Compostela, e que quedan ocultos pola sombra da catedral.

Segue a dicir, que froito dese interese, celebráronse as xornadas do forum Santiago turismo ordenado, xornadas para abrir e impulsar un debate, diálogo e espazo de reflexión sobre a promoción dun turismo ordenado e sostible.

Continúa a dicirlle a señora María Antón, que asistiron a Barcelona convidados a un encontro internacional de cidades sobre xestión do turismo urbano, e participaron nunha mesa con cidades da escala de Santiago e cidades maiores, mesa na que di, tamén estaba representada a cidade de San Sebastián, Barcelona e Amsterdam, onde aprenderon boas prácticas, compartiron problemas e desafíos, e onde trasladaron os problemas, retos, desafíos da xestión do turismo en Compostela.

Di que lle vai tratar de contestarlle de maneira máis pormenorizada ás preguntas, qué obxectivos concretos formulan como goberno para a acción turística, os obxectivos concretos van vir definidos polo plan estratéxico no que se está traballar.

O obxectivo final que se persegue, é transformar a estratexia turística da cidade.

Di que no ano 2017 contarán cun novo plan estratéxico de turismo para a cidade. O goberno municipal, comprométese a debater, consensuar o documento no marco do Consello Municipal de Turismo.

Con respecto ás accións que se teñen acometido no concello no actual mandato na procura de recuperar o peso do turismo nacional e incrementar a internacionalización.

Sínálalle unha longa e importante lista de actividades que se desenvolveron este ano múltiples accións, feiras internacionais, presentacións, participación coa cidade patrimonio noutras feiras internacionais, presentacións domésticas internacionais, vaise ser presentado un documental de Santiago de Compostela polas cidades patrimonio da humanidade.

Continúa a dicir que os datos do INE ata setembro apuntan dúas cousas relevantes en relación ás preguntas, di que suman 569.659 pernotacións domésticas que representan un crecemento do 5,2% a respecto do ano pasado, a mellor cifra dende 2012, e 527.084 pernotacións internacionais que representan un crecemento do 7,6%, vai camiño de marcar un record histórico.

Respecto aos estudos e xestións a respecto da política aeroportuaria e de relacións coas compañías aéreas, dille a concelleira do Partido Popular, que ela sabe moi ben a importancia que ten a discreción nesta materia e que se debe manter a mesma para poder crear un clima de confianza coas diferentes compañías.

En calquera caso, dille, que en turismo de Santiago hai unha estratexia definida de traballo con respecto ao aeroporto, e que está a amosar bos resultados.

Dille que no ano 2016, acádanse por primeira vez os 2.500.000 de pasaxeiros/as superando o máximo do ano 2011, e confían que de cara ao 2017 se poidan consolidar estas cifras.

Tamén quere destacar, a boa nova que se presentou publicamente onte, a importancia da chegada dunha compañía aérea, que supón un grande paso para o aeroporto de Lavacolla.

Cántas conexións e con qué resultados se teñen levado a cabo para celebracións de eventos e congresos?

Dille que é imposible resumir en menos dun minuto, as múltiples accións que se desenvolven, menciona o womex, o impulso que lle deu este goberno, e como foi vontade do grupo de goberno de sacalo adiante coa grande colaboración da Deputación da Coruña, e en menor medida da Xunta de Galicia, quere deixalo claro aquí.

Comenta que outro evento importante e de grande interese turístico, no marco de turismo de congresos, foi a celebración de SEMERGEN no pasado mes de outubro.

Qué liñas de acción se teñen desenvolvido e se van desenvolver para tratar de ampliar as pernoctas?

Continúa a responder a concelleira, que en turismo de Santiago están a traballar no deseño de novos produtos turísticos, encamiñados a aumentar a estadía media na cidade, e ese é un dos seus obxectivos, e irán presentando estes produtos no seu momento.

Respecto ás solicitudes que se teñen presentado para autorización de licenzas de novos establecementos hostaleiros dende a moratoria?

A suspensión dos usos hoteleiros e residencial comunitaria, foi aprobada en Xunta de Goberno de 27 de novembro de 2015, publicado no DOG, o 3 de decembro, continúa a dicir que dende aquela presentáronse sete licenzas, tres de hoteis, 2 de hostel-pensión e 2 de apartamentos turísticos.

Qué medidas se adoptaron dende o concello para potenciar a oferta conxunta dos concellos da área Santiago?

Contesta, dicindo que dende o concello continúan a traballar na área Santiago, en colaboración cos concellos que se adheriron, e a posible incorporación doutros concellos é unha decisión e competencia deses concellos.

Remata dicindo, que con respecto ás gravacións que se teñen pechado en Santiago dende a Film Comisión e as previsións que se manexan para o futuro, a Santiago de Compostela a Film Comisión non ten a función, nin capacidade para autorizar ningunha gravación na cidade, a súa función, é promocionar a cidade como destino audiovisual e tramitar os permisos precisos ante a administración ou entidade a quen lle compete autorizar as gravacións.

Continúa a dicir, que as ocupacións do espazo público para a realización de gravacións audiovisuais ou rodaxes deben de ser autorizadas pola concellaría de medio ambiente e convivencia. Di que unha vez feita esa aclaración, quere dicir que no 2015 a Film Comisión xestionou a rodaxe de 30 producións audiovisuais na cidade, e no que vai de ano 2016, a Film Comisión colaborou e está a colaborar con 35 producións audiovisuais de 6 países distintos, destacan 2 programas de televisión estadounidenses, 2 documentais británicos, 1 video de realidade virtual dunha produtora china, 1 programa dunha televisión danesa e 1 programa dunha televisión alemana.

Comenta que onte tiveron unha recepción aquí con motivo da celebración da xornada do Pichen, ideas para innovar, onde se atende a todo o sector vinculado co audiovisual.

Cre a concelleira que contestou de maneira sintética ás preguntas realizadas pola representante do Partido Popular.

Toma a palabra o concelleiro do BNG, **D. Rubén Cela Díaz**, di que el, non se vai adicar a facer unha relación de datos, ocupacións, ratios, prezos, de pasaxeiros.

Quere na súa intervención, fixar un par de ideas.

Cre que hai dous elementos que son obxectivos e que non son moi discutibles, o primeiro, que a hostalería e o turismo xogan un papel clave na estrutura económica desta cidade. O turismo, é un sector absolutamente extratécnico para Compostela, como pode ser estratéxico o naval para Ferrol, a automoción para Vigo, ou o sector agrogandeiro para Lugo.

É extratécnico en termos económicos do que representa para o PIB local, e tamén en termos laborais, con respecto aos postos de traballo directos como indirectos, lamentablemente non sempre nas mellores condicións.

O segundo elemento, que para el é indiscutible, son os datos deste ano cre que non son bos, son moi bos, e ese é obxectivo.

Cre que neses moi bos resultados a achega deste goberno é relativa, como sería relativa se foran moi malos resultados, os datos turísticos son acumulativos, e analizando eses datos con obxectividade sabe que non responden a unha acción no curto prazo.

Di que o que lle gustaría dicir, que uns bos resultados que teñen unha importancia conxuntural non tapen algúns dos problemas estruturais que existían e seguen a existir neste sector.

Cre que en Santiago, colectivamente hai pendente un debate en serio, profundo, apartidario e a medio prazo entre administracións, sector, tecido asociativo da cidade, para abordar, cómo debe ser o instrumento de futuro para a promoción turística de Santiago, cal é o modelo de turismo que se quere, e o que hai que facer é deixar facer para chegar a ese modelo.

Opina que todo iso, e na liña do que comentaba a concelleira comparecente, debería estar recollido nun plan estratéxico, que debería partir da revisión do anterior plan, porque considera que é un bo plan, que xa se ten revisado parcialmente, e que considera que segue a ter moitas cousas aproveitables.

Pensa, que o primeiro apartado a revisión a fondo do instrumento, implica unha revisión a fondo de INCOLSA, de como mellorar o mecanismo de participación do sector, como mellorar a interrelación con outras administracións, Deputación, Xunta, Estado, cáles son as novas vías de ingreso, di que a interventora lles di sempre, iso de que tal e como esta configurada máis que unha empresa privada, debería ser un organismo autónomo, cómo se pode corrixir iso, e incluso que novas competencias podería ter, por exemplo, porque non pode xestionar Incolsa directamente unha instalación como o Palacio de Congresos.

Segue a sinalar, que con respecto ás prioridades dese novo plan para eles, hai catro ou cinco que son cruciais.

A primeira, cómo atraer un turismo de calidade, cre que o obxectivo non é tanto cuantitativo senón cualitativo, un turismo de maior valor engadido e menor impacto negativo, e tendo en conta, tamén o perigo ao que conleva unha posible masificación.

Para el, o segundo elemento clave, é a desestacionalización, considera que este mes de outubro foi un bo exemplo tanto co Womex, como Congreso médico, pero cre que hai moitas outras cousas, quere sinalar con respecto ao Congreso dos Médicos, unha cuestión para tomar nota, cre que é importante dar o debate, sobre a necesidade da ampliación tamén do Palacio de Congresos, para acoller determinados tipos de eventos, que un Congreso Médico teña que montar unha megacarpa cos gastos asociados que pode ter iso, considera que é porque tiñan moito interese en facelo en Santiago, pero iso non é competitivo con respecto a outras cidades.

E considera, que deben de ter como cidade, unha política máis agresiva na atracción e captación, aclara agresiva no sentido positivo e proactiva, e por suposto tamén a diversificación.

Di, que cre que hai ámbitos como o gastronómico que máis alá de determinadas iniciativas como Santiago é tapas, ou o Forum gastronómico, el cre que teñen moito percorrido, falaba a concelleira do cine, e el opina que se podería falar tamén do deporte.

No deporte, el cre que esta todo por facer nese nivel en Santiago, pon como exemplo a cidade de Pontevedra, tendo unhas características moi distintas a Santiago, ten multitude de probas internacionais, incluso mundiais de Triatlón e outras cuestións que lles ten aportado unha alta rendabilidade.

Refírese de seguido, a terceira cuestión, a internacionalización, os datos de Lavacolla son moi bos, pero recorda, que hai que ter en conta que se segue por debaixo do 50% da capacidade.

Sinala que a noticia de Lufthansa, cre que é das mellores noticias non só o aeroporto de Lavacolla senón o sistema aeroportuario do conxunto do país, pero considera que aínda queda moito por andar e tamén no ámbito do ferrocarril.

A cuarta cuestión, aumento da estadia media e da rendabilidade, porque séguese a ter unha das plantas hoteleiras en relación custe beneficio das mellores do Estado.

O turismo interior, el cre que é outra das cuestións pendentes, di que hai moitos galegos e galegas que non coñecen Santiago de Compostela, e hai toda unha serie de atractivos complementarios, como o Castelo da Rocha, Petroglifos, e toda unha serie de cuestións complementarias.

E para rematar fala dunha maior profesionalización con respecto a un sector precarizado, e iso ten que ver coa desestacionalización, di que non se pode ter un chef profesional nun restaurante que pecha cinco meses ao ano.

Por último, quere tamén deixar claro, unha loita contra os establecementos ilegais ou alegais, hai moita competencia ilegal, comezando pola propia Igrexa Católica, que xa teñen denunciado aquí moitas veces, con respecto ao non cobro do IBI de establecementos que teñen funcións comerciais.

Don Francisco Reyes Santiás, di que quere comezar a intervención manifestando a satisfacción do grupo municipal Socialista polo record de visitantes que tivo esta cidade neste ano, contabilizando de xaneiro a setembro, superando os datos do ano santo 2010, con todo, quere manifestar que isto non supuxo un incremento igual nas pernoctas, que significaron un incremento con respecto ao ano santo de 2010, do 0,3%.

Segue a dicir, que o crecemento está a converter a esta cidade nunha cidade de visitas por unhas horas e non en destino turístico para quedar e disfrutar da cidade por espazo de días.

Estes resultados débéronse a causas predicables do comportamento turístico de toda España, como foron o repunte da demanda estranxeira que situou este tipo de turismo en todo o país moi por riba dos valores máximos dos últimos quince anos, iso veu propiciado, entre outras cousas, pola inestabilidade dos competidores turísticos do Mediterráneo, aínda que quere reseñar que o ingreso por turista estranxeiro caeu neste ano un 7,4%. Outro factor que motivou o incremento de visitas nesta cidade foi o ano

santo extraordinario da misericordia, acontecemento relixioso, que non tivo que ver co goberno de Compostela Aberta.

Pregúntalle ao grupo de goberno que programa cultural, museístico, artístico, ou de competicións deportivas foi programado por parte do goberno para potenciar o interese da cidade máis alá do camiño e os atractivos habituais desta cidade. Como mostra o dato do nivel de execución da partida de fomento de turismo do orzamento do concello a 30 de setembro deste ano, o 7,6%.

E todo isto, prosegue, eu que lles leva ao motivo desta comparecencia e a ter que explicar neste pleno, cal é a política de promoción turística que Compostela Aberta está a desenvolver en Santiago?

Cal é o seu plan estratéxico de turismo para esta cidade?, acaban de responder que non o teñen.

Teñen que dar algunha explicación, a que xunto os datos positivos do número de visitantes, existen toda unha serie de sombras na situación do turismo da cidade. Neste ano, a porcentaxe de ocupación por habitación foi menor que en todos e cada un dos anos do goberno progresistas con alcalde socialista dende o ano 2005, e comparado en particular co ano 2010. A estadía media é a máis baixa de toda a serie histórica dende 2005, o número de viaxeiros españois foi inferior este ano ao de 2010, o número de pernoctas de nacionais foi o máis baixo dos anos de goberno progresista coa excepción do ano 2007, e o número de persoal empregado é o menor comparado con todos os anos de goberno progresista dende o ano 2005.

Segue a dicir, que no primeiro cuatrimestre deste ano, o ingreso medio por habitación dispoñible foi de 18 euros, mentres a media do Estado foi de 51 euros, e para Santiago a variación de emprego no primeiro cuatrimestre deste ano foi de 2,5% a menor de todas as cidades históricas monumentais, e no conxunto do Estado e para os destinos urbanos a variación de emprego foi do 6,5%, máis do dobre que en Santiago.

O gasto medio dos turistas en 2015 con respecto ao 2010 foi dun 17% menor, e o dos excursionistas case un 30% menor.

Continúa a dicir, que a vista destes datos non entenden a lectura tan autocomplacente que fai o goberno de Compostela Aberta do sector turístico, poucos datos melloran con respecto aos datos dos anos de goberno de progreso, PSdeG-PSOE e BNG.

Respecto dos datos do aeroporto, felicítanse do incremento de pasaxeiros nestes dez meses de ano, e espera, poder celebrar que a 31 de decembro, se supere a cifra máxima de 2.500.000 de pasaxeiros/as.

Sen embargo, di, que os datos acumulados en outubro do número de pasaxeiros e operacións son inferiores a media do Estado.

Dille a concelleira de Compostela Aberta, que vai ter que explicar a perda de 2000 prazas pola supresión dos voos a Fonterventura e Lanzarote este nadal, ou a perda do destino de Alicante en inverno, a retirada de Turkish Airlines do aeroporto de Santiago para operar en Oporto, etc., ou informar de cando van comezar a operar os destinos que asinou o Comité de Coordinación Aeroportuaria, Bos Aires, Caracas, Estocolmo, Marsella, Manchester, Montevideo, Nantes, Nueva York e Oslo.

Pregunta, así mesmo, cómo pensan solucionar a falta de conexións regulares entre o aeroporto de Lavacolla e as principais cidades galegas.

Recorda que se aprobou neste pleno unha moción do seu grupo nese sentido, pero non saben que fixo o goberno para darlle cumprimento.

Pregunta, tamén, se pensan presentar e cando ese plan estratéxico de turismo para esta cidade? Cómo van reducir a estacionalidade do turismo nesta cidade?, teñen algún proxecto para promover festivais de música, teatro, cine, etc.,?, para desenvolver competicións deportivas de ámbito nacional ou internacional?, un plan cultural e de museos para a cidade, para cando? Se teñen unha estratexia para dar a coñecer o patrimonio arquitectónico, para facilitar o incremento e duración da visita da estancia media en Santiago?, etc.

Pregúntalle, así mesmo, se como Compostela Aberta, van apoiar que se remate o Palacio da Ópera. E con respecto a Incolsa como instrumento de promoción turística da cidade teñen algún deseño de empresa máis aló de cambiar a xerente?, vai continuar sendo o concello o financiador ao 85% das actividades de Incolsa?, vai funcionar Incolsa como unha entidade mercantil obtendo recursos económicos do mercado e da prestación de servizos?, teñen previsto a incorporación do sector empresarial do turismo e hostalería o accionariado de Incolsa?, e mentres tanto pensan nalgún momento convocar o Consello Consultivo da empresa para canalizar a participación do devandito sector privado nas decisións estratéxicas, así como en accións comerciais específicas concertadas.

Segue a facer toda unha serie de preguntas, en relación ao ano santo de 2020.

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez, toma a palabra novamente e dille a concelleira, dona Marta, que moito ruído e poucas noces, e insiste en que o seu goberno non aportou nestes dezasete meses nada que non se estivera a facer xa en Incolsa, asistencia a feiras, etc.

Dille que vai intentar facer unha radiografía turística do que foi o goberno de Compostela Aberta en dezasete meses: tardaron máis de dous meses en constituír o Consello de Administración de Incolsa, dende o 13 de xullo ata o 22 de setembro, despediron a xerente aducindo falta de confianza despois de que o seu argumento de democratización caerá polo seu propio peso, xa que a persoa despedida foi contratada por ese goberno de progreso que hai aquí co señor Reyes de bandeira e baixo a batuta do BNG, a confianza señora Lois, é un elemento subxectivo, nomearon unha xerente en funcións dun xeito arbitrario, non convocaron a praza de xerente ata o 23 de febreiro, o que supuxo que ata o 8 de xullo, un ano despois de que entraran, Incolsa estivera o pairo.

Aprobouse un novo Regulamento en xuño de 2016, e a súa primeira convocatoria e única o 27 de setembro, foi para a súa constitución e nomeamento dos expertos, non houbo máis consellos.

Dille á concelleira dona Marta Lois, que se viron na obriga de pedir esta comparecencia, porque o instrumento e canle da visibilidade de acción do goberno de Incolsa está instalado na inercia, por moito que lles intente dicir.

Os dez consellos de administración de INCOLSA que se teñen celebrado só serviron para tres cousas: para cuestións relativas á xerencia, dar cumprimento a sentenza do tren turístico, ese que agora funciona sen ningún tipo de respaldo xurídico legal dende 1 de outubro, e aprobar os orzamentos.

Todos os consellos de Incolsa estiveron relacionados, principalmente co primeiro tema, xerencia.

Di que tiveron que enterarse no pleno de febreiro que vostedes tiñan asinado dende decembro o convenio con “Área Santiago” e do resto das actuacións non teñen coñecemento máis que pola prensa, e mal coñecemento, porque todas as actuacións que acaba de describir a concelleira da Film Comisión, son descoñecidas para todos/as, por riba comunican mal.

Prosegue dicindo, que quere facer unha paréntese, para facer un comentario sobre a súa política aeroportuaria, esa que din que fan con tanta discreción, porque non entendeu que o alcalde saíra onte na prensa pedindo a coordinación dos aeroportos, reprochando a Vigo as súas axudas a Aerolineas e reclamando un papel de liderazgo da Xunta de Galicia, ao mesmo tempo que vostede saía en rolda de prensa anunciando as boas novas das conexións de Santiago con Frankfurt, Munich, coas que vai operar Lufthansa dende marzo de 2017.

Dilles, que ou o Alcalde minte ou non se coordinan, e logo como queren que se coordinen as cidades, ou acaso tiña vostede moita presa en facer este anuncio, para que saíra hoxe nos xornais, o mesmo día que ten vostede a comparecencia neste pleno.

Dille que todo isto amosa que mentres estaban reclamando unha cousa facían outra, todo isto non lles colle de sorpresa que fagan todo o contrario do predicado, xa está constatado que a transparencia non é o seu forte.

Chegaron dicindo que ían derrubar os muros de Raxoi, para convertelo nun pazo de cristal, e resulta que non hai ningunha entrada en toda a páxina web de Incolsa dende que chegaron vostedes relativa a contratos, licitacións, agás a do xerente, etc.

Carecen de proxecto para a cidade e por suposto dun proxecto turístico, pican de aquí e alí para facer ver que fan.

Prosegue a dicirlles que non se pode ir a FITUR a presentar da unlla como un elemento singular de Santiago, cando a festa da unlla son só quince minutos de poxa, non se pode ir a dicir que se aposta polo entroido do Ulla o mesmo día que se presenta todo o entroido de Galicia, e vostedes no Obradoiro presentan tres pistas de baloncesto, e por riba dinlles aos xerais do Ulla que deben vir sen cabalo, sendo este un dos elementos singulares dos xerais do Ulla.

Non se pode dicir que se aposta polo turismo cultural e suprimir citas de máis de dez anos, como o festival de músicas contemplativas ou o Via Stellae.

Non se pode ter infrautilizado o segundo elemento máis visitado da cidade, a Praza de Abastos, como consecuencia da súa inoperancia, pero non sinta que toda a responsabilidade é súa, os seus compañeiros de goberno non axudan nada, pois é certo que o turismo é o máis transversal dos sectores económicos, é sensible ante eventualidade económica ou social, porque lle di que non axudan, porque están en “fochancas citi”, unha cidade onde os expedientes de disciplina que afectan ao sector hostaleiro e de restauración desaparecen dos caixóns, e usan varas de medir diferentes para as mesmas infraccións.

Unha cidade onde hai un desorde de utilización do espazo público, venda ambulante, persoas sen teito, recollida de lixo, tomen en serio a responsabilidade de ser e de ter o turismo desta cidade. Santiago sorprende si, pero o seu goberno sorprende aínda máis.

Fai uso da quenda do grupo municipal de Compostela Aberta o **Sr. Alcalde**.

Di o señor Alcalde que intentará axustarse aos cinco minutos, e en primeiro lugar dille a señora María Antón “que é pura poesía”, non só por alusións e adxectivos cualificativos, senón pola capacidade que ten de elaborar discursos apocalípticos.

Prosegue a dicir que el comezaría contextualizando unha cuestión, porque si que comparte unha análise que fai o señor Rubén Cela. Cre que os datos dunha cidade a nivel de modelo turístico non son atribuíbles unicamente a un elemento, a unha liña política, sexa local, sexa galega, sexa do sector privado, tanto os bos como os malos, todos son prorrateados nese sentido.

E el cre que despois dese discurso tan apocalíptico a respecto da cidade, se se vai a realidade compróbase, que as cifras da política aeroportuaria son de ano record, e di menos mal, que a pesar da apocalipse da final do mundo en Santiago de Compostela, se estea nun ano record en política aeroportuaria e peregrinos, e cunha traxectoria que el cre que se vai manter nos vindeiros exercicios, en especial no ano que ven.

El cre que a achega que fai o concello e o departamento de turismo, en especial Incolsa e a súa concelleira, ten un peso específico, ao igual que ten un peso específico outro tipo de achegas.

E dille a señora María Antón, que ten moita capacidade de misturar unhas cousas con outras, di que el quere aproveitar para felicitar a INCOLSA e á concelleira polo anuncio feito, que cre que ten unha grande importancia e que supón que enche de ledicia a todos/as concelleiros/as desta Corporación que foi o que se fixo onte de Lufthansa, porque entende que non é menor dentro da conectividade internacional, e cónstalle que é un acordo a custe cero para o concello, e despois dun traballo moi serio feito por Incolsa, cre que iso debería alegrar a todos/as, facer interpretacións dun anuncio deste tipo despois de meses de traballo para facelo coincidir con este pleno, entende que non sabe se é conspiranoico ou delirante, porque entre outras cousas hai unha serie de acordos que a propia empresa, incluso di se leva agardando polo anuncio días, polo compromiso adquirido coa propia empresa de facelo no propio día que a empresa acordou, que foi este mércores.

Entón dille que pensar que lles preocupan tanto as súas solicitudes de comparecencia, como para coordinar este tipo de anuncios, resúltalle moi curioso.

Segue a dicir, que teñen unha grande facilidade para darlles a paternidade/maternidade de todo o que acontece malo na cidade, e en cambio reivindicar esa paternidade/maternidade en determinados momentos puntuais nos que lle ven algún rédito político.

E di que el reconece traballos previos e acertos positivos do pasado e que xeran inercias na cidade, pero tamén negativos.

Con respecto ao Congreso Médico, que digan que é unha cuestión que lles veu dada cando foi traballada e el mesmo estivo en contacto meses antes para a organización do evento.

E dille ao Sr. Hernández que cando se fixo o traspaso de poderes o Womex que fora anunciado para esta cidade estaba sen asinar, a señora María Antón sabe quen asinou o contrato de womex e quen o xestionou, e tamén sabe que estivo en grande risco de perderse, dicir e anunciar que o financiamento do womex estaba apalabrado, é faltar a verdade, cando o 40% da achega do womex foi municipal, o outro 40% grazas á Deputación e o 20% da Xunta, e tiveron que traballar moito no último ano.

E dilles que que digan algo que non é verdade, e que ademais el pode demostrar documentalmente.

E el pídelles que sexan leais á verdade.

Para rematar, di que el non ten culpa que anterior responsable política da área de turismo do seu partido non deixara pechado womex, e tampouco ten culpa de que a anterior responsable de turismo do seu partido, vaia declarar xudicialmente, para dicir que a xerente de Incolsa non facía labores de xerente, ao igual que no proceso dos eventuais do Partido Popular foron outras concellarías.

Prosegue a dicir que non ten ningunha culpa coa irresponsabilidade que hai co interese público desta cidade, e dilles, que por riba deste tipo de miserias a cidade vive un ano record, vai mellorar a conectividade internacional e unha labor de todos/as, sector privado e público, autonómico tamén, de Turismo de Galicia, de Incolsa.

E deberan alegrarse todos/as pola cidade.

Fan un receso de dez minutos, e seguen cos asuntos da orde do día.

15. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

1.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2016, núm. 319.

2.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2016, núm. 320.

3.- Rexistro de entrada do día 9 de novembro de 2016, núm. 326.

PREGUNTAS (Resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2016, núm. 317.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2016, núm. 318.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 9 de novembro de 2016, núm. 327.**
- 4.- Rexistro de entrada do día 9 de novembro de 2016, núm. 328.**

PREGUNTAS (Resposta por escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 25 de novembro de 2016, núm. 310.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 26 de outubro de 2016, núm. 311.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 28 de outubro de 2016, núm. 312.**

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2016, núm. 323.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 9 de novembro de 2016, núm. 329.**

PREGUNTAS (Resposta por escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2016, núm. 324.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2016, núm. 325.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 11 de novembro de 2016, núm. 333.**

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

PREGUNTA (Resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2016, núm. 315.**

PREGUNTAS (Resposta por escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 4 de novembro de 2016, núm. 313.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 4 de novembro de 2016, núm. 314.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 9 de novembro de 2016, núm. 332.**
- 4.- Rexistro de entrada do día 14 de novembro de 2016, núm. 336.**

O Sr. Alcalde, di que pasan a tratar en primeiro lugar un rogo do Partido Popular para areposición dunha sinal na Travesa Fonseca.

Don Claudio Montiel Carracedo, fai defensa do rogo e di que o mantemento da sinalización no núcleo histórico debe de ser unha labor prioritaria, polo seu carácter informativo e tamén polo que reflexa do coidado dun ámbito monumental catalogado como patrimonio da Humanidade.

Na confluencia da rúa do Franco coa Travesa Fonseca, zona de maior tránsito da zona histórica atópase un sinal informativo indicando varios elementos e instalacións, que actualmente esta estragado.

Di que aproveitando as obras que se van facer nesta zona, sería bo que o goberno local acometa a reposición desta sinal.

Respóndelle a concelleira, **Dona Marta Lois González**, dándolle as grazas e dille que toman nota do rogo e que lle darán traslado do mesmo a Incolsa, para a reposición do sinal.

O Sr. Alcalde, di que pasan agora ao seguinte rogo, que tamén é do Partido Popular, para a instalación da sinalización que facilite o acceso e localización do colexio de educación especial da Barcia, que pasa a defender dona **Mª José Castro Carballal**.

Di a concelleira que o devandito colexio que esta na parroquia de Laraño, é un centro de referencia na atención das necesidades educativas e asistenciais deste concello, e que actualmente da servizo a un centenar de estudantes, con diferentes graos de discapacidade.

Accedese ao mesmo pola rotonda que esta estrada AC-543 no lugar de Lamas, e nese lugar hai un sinal informativo que indica a situación dese colexio, pero a partir dese lugar non existe ningunha indicación que sinale o camiño a seguir, e resulta moi complicado atopalo.

Recollendo a petición que lles fai o Consello Escolar do dito centro, e polo que lle pregan ao goberno local que faga as xestións precisas para instalación dos sinais que considere necesarios para a localización do mesmo.

Don Xan Duro Fernández, dille que darán as ordes precisas para o seu cumprimento.

O Sr. Alcalde, di que pásase ao terceiro rogo presentado, que é do Partido Socialista, relativo á cesión dun local para a FANPA.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, e comenta que o seu grupo mantivo unha xuntanza coa Federación de Asociacións de Pais e Nais de Santiago de Compostela, na que se trataron temas vencellados co ensino público, escola municipal de música, comedores e actividades extraescolares e conciliación, pois tamén lles puxeron de manifesto a necesidade de contar cun espazo propio no que traballar e desenvolver as súas iniciativas.

E tendo en conta que fai meses o seu grupo presentou unha moción neste pleno co fin de que se recuperara a actividade na antiga sede da Mancomunidade, iniciativa que foi aprobada pero a día de hoxe non atendida polo goberno de Compostela Aberta, e polo que presentan a este pleno o rogo, de que se estude a posibilidade de ceder á Federación de Asociacións de nais e pais de Santiago un espazo para levar a cabo as súas xuntanzas e actividades, e que se valore como posible ubicación a antiga sede da Mancomunidade.

Da resposta ao anterior rogo, o concelleiro do grupo de goberno, **Don Manuel Díos Diz**, que empeza dándolle as grazas a Gonzalo polo rogo, e dille, así mesmo, que son coñecedores desta petición da FANPA dende fai tempo, e que estudaron de feito varias posibilidades vinculadas todas dalgunha maneira o espazo educativo e escolar, e a inicialmente prevista que eu ia ser factible, que era a casa do conserxe no CEIP de Ramón Cabanillas, non foi posible, porque a reclamou a ANPA do centro e o mesmo centro para actividades do mesmo.

Dicirlle que están a estudar e facendo xestións para darlle alternativa, esperan podela ter en breve dependendo de como se resolva unha negociación en curso, pero en principio non se contempla a ubicación que propón o seu grupo, porque lles parece que pola propia actividade da federación este espazo non lles parece o máis axeitado.

En calquera caso, dille, que esperan poder darlle unha solución en breve.

O **Sr. Alcalde**, presenta o cuarto rogo, di que é un rogo do Partido Popular sobre a rehabilitación da praza e do contorno entre o IES de Sar e a rúa Curros Enríquez.

Dona M^a Teresa Cancelo Márzquez, di que na confluencia das rúas Curros Enríquez, Bernardo Barreiro de Vázquez Varela existe unha praza pública que a pesar das súas reducidas dimensións, mantén un uso intensivo, como consecuencia da proximidade do Instituto de Sar.

Veciños/as próximos a ese parque dirixíronse ao grupo municipal do Partido Popular, e ao parecer tamén dirixiron escritos a outras estancias municipais, solicitando unha actuación de rehabilitación desa contorna.

Queixas que se centran na reparación de pavimentos, limpeza de mobiliario e instalacións, melloras en zonas verdes, asentamento de reixas de sumidoiros e a procura dunha solución ás filtracións as humidades que padece o garaxe situado no subsolo da propia praza.

Por todo o que expoñen formulan o seguinte rogo, que o goberno local avalíe e acometa as melloras precisas na devandita praza e na contorna das rúas Curros Enríquez, Bernardo Barreiro de Vázquez e o Instituto de Sar, tendo en conta as peticións efectúadas pola veciñanza.

Respóndelle a este rogo, **o Sr. Jorge Duarte**, que di que son conscientes do estado de deterioro dese espazo público, coa posta en funcionamento do contrato de mantemento, e unha das accións prioritarias.

O Sr. Alcalde, presenta o último dos rogos, que é do Partido Socialista, sobre a posta en funcionamento do servizo da renda de bicicletas.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, procede a defender o rogo do seu grupo.

Manifesta que no ano 2008 o Concello de Santiago, decidiu por en funcionamento un servizo de préstamo de bicicletas, para potenciar este medio de transporte alternativo aos vehículos de motor.

Servizo que se desenvolveu amparado por un convenio de colaboración entre o INEGA e o concello, con sete estacións de préstamo: Estación de Autobuses, Multiusos Fontes do Sar, Sta. Isabel, Praza Roxa, Área Central, Campus Sur e Norte.

No ano 2012 baixo a desculpa da crise económica o goberno do Partido Popular decide abandonar este servizo, pero deixan instaladas as estacións en desuso, que co paso do tempo atópanse nun estado moi lamentable, prexudicando a imaxe desta cidade.

E por todo isto, di é polo que o seu grupo presenta o rogo de que o goberno de Compostela Aberta decida entra a posta en funcionamento deste servizo de renda de bicicletas ou ben retirar as estacións base que se atopan nun estado lamentable.

Don Jorge Duarte Vázquez, contéstalle ao concelleiro Don Gonzalo Muíños, que está moi claro a aposta que fan polo transporte en bicicleta, estando previsto o desenvolvemento dun plan de mobilidade ciclista e facilitar a convivencia dentro da cidade entre o transporte de bicicleta e o de vehículos.

Dentro dese plan de fomentar o transporte en bicicleta, entenden que hai catro puntos prioritarios que son aqueles que servirían ao viaxeiros que chegan do exterior, dous

aparcamentos disuasorios, máis a estación de autobuses e de ferrocarril, nas que entenden que é necesario ter transporte.

É un servizo polo que apostan, pero entenden que a ubicación das que hai non son hoxe as máis axeitadas, entenden que non se deben manter.

E entende que todo este servizo quedará posto en marcha no ano 2017, un transporte de mobilidade que dea a continuidade ao autobús, ferrocarril e vehículo privado, e ademais que facilite o aluguer para os propios visitantes da cidade.

Continúa a dicir, que está pendente de desenvolver o modelo, pero si que vai ser baseándose na intermodalidade que cren que é un factor a desenvolver e priorizar.

O Sr. Alcalde, di que se pasa agora as preguntas de resposta oral no pleno, a primeira é do BNG sobre o comezo das obras de urbanización do ámbito da rúa Valiño.

Don Rubén Cela Díaz, di que na rúa Valiño hai un tramo sen urbanizar, que se atopa nun estado de abandono, sen beirarrúa, unha escaleira a medio construír e un espazo perigoso para os/as nenos/as que pasan por alí para ir a escola de Monte dos Postes.

Os propietarios dos edificios lindeiros fixeron fronte ás súas obrigas e pagaron as súas respectivas cotas de urbanización no ano 1999. Neste concello acordouse aprobar a redacción dun proxecto de urbanización para o ámbito de UA-11 do Peri Concheiros-Cotaredo-San Lázaro.

A veciñanza solicita que se remate a devandita urbanización e acondicionamento do entorno.

E, é por iso que preguntan ao grupo de goberno, cando teñen previsto comezar esas obras e cando vai satisfacer as demandas dos/as veciños/as?

Don Jorge Duarte Vázquez, dille ao Sr. Rubén Cela que ben sabe pola conversa que xa tiveron que é unha preocupación do goberno, ademais hai algún veciño/a asistindo ao pleno, porque é unha reivindicación moi clara, que coas achegas que fixeron no seu momento para desenvolver o proxecto de urbanización para o ámbito da UA-11, para urbanizar ese ámbito e dese entorno levan máis de dez anos sen acometerse esas obras.

Dende este goberno contratouse este ano, e esta en redacción na actualidade o devandito proxecto que estaría a finais de ano redactado.

A idea é, e de feito hai unha partida orzamentaria prevista para poder acometer estas obras, para o que se conta cun importe de 78.000 euros, entón a idea é unha vez estea

rematado ese proxecto que se poida executar a obra, contan que poida ser a principios do vindeiro ano.

O Sr. Alcalde, presenta a seguinte pregunta de resposta oral, que é do Partido Popular, relativa á posta en marcha do rexistro de edificios, así como as inspeccións e os informes tramitados conforme a ordenanza reguladora 2015.

Dona Teresa Gutiérrez López, di que no texto da pregunta fan un recordatorio da entrada en vigor da ordenanza reguladora do informe de avaliación de edificios que se aprobou a finais do mandato anterior, e entrou en vigor neste mandato.

Prosegue a dicir que esta ordenanza non responde a un capricho do Partido Popular, senón que se redacta para dar cumprimento a LOUGA e á Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana.

Ambas as dúas leis impoñen aos concellos a obriga de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para ver o seu estado de conservación e o cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade universal e o grao de eficiencia enerxética, pero tamén se redacta para regular o cumprimento do deber legal de conservación dos edificios, etc.

Na disposición transitoria da ordenanza fíxase un calendario para a realización das inspeccións obrigatorias de edificios.

Segundo ese calendario no ano 2015 tiñan que facerse inspeccións a aqueles que tiveran máis de setenta anos, no ano 2016 os que teñan entre 60-70, e no ano 2017 os que teñan máis de 50, como todo aqueles que queiran solicitar unha axuda para rehabilitación ou mellora das súas vivenda.

A disposición adicional primeira desta ordenanza, di que o concello deberá crear no prazo de dous anos, o rexistro de edificios e regular a súa organización e funcionamento.

Este rexistro é de carácter interno e a finalidade é cumprir e ver o seguimento e que a xente poida inscribir as súas inspeccións.

Di que no pleno de outubro do ano pasado preguntou por isto mesmo, cunha resposta vaga, pero o concelleiro falou de facer campañas informativas a través de prensa e asociacións veciñais, pero nada da creación do rexistro.

A día de hoxe, di que non teñen constancia destas campañas.

A realidade é que os propietarios destes edificios descoñecen a obriga de facer estas inspeccións, non saben se o concello o está esixindo naqueles edificios que piden licenza de obras de rehabilitación, esperan que si.

Por estas razóns, preguntan, qué pasos se deron para por en marcha o rexistro de edificios? Cantos informes de avaliación de edificacións de máis de 70 anos se tramitaron? Cantas inspeccións se teñen realizado?, Cántos particulares presentaron informes para o rexistro de edificios, para concorrer a subvencións?

Di que o que si que saben, é que hai particulares que intentaron rexistrar informes de avaliación e o concello díxolles que non se podían rexistrar, queren que se lles responda a estas preguntas.

Don Jorge Duarte Vázquez, di que vai contestar dunha maneira clara, porque é un tema complexo, a validez xurídica da ordenanza de informes de avaliación dos edificios que está aprobada dende xuño de 2015 en Santiago de Compostela.

A raíz da Sentenza do 21 de xaneiro de 2016 do Tribunal Constitucional que anula as competencias para legislar sobre este tema das ITES e dos informes de avaliación de edificios, exercida polo goberno estatal tras un recurso da Generalitat, queda un baleiro competencial no cal se fai moi difícil para este goberno ao igual que para outros gobernos municipais en todo o Estado, facer medidas impositivas que obriguen ás comunidades de propietarios a tomar estas medidas.

As ITES e informes de avaliación de edificios están recollidas na Lei do Solo de Galicia de 2010, a necesidade de facer os informes técnicos de edificación, e posteriormente, na revisión da LOUG no 2016 non fai ningunha referencia á necesidade por parte dos edificios a facer este control chamado ITE anteriormente a partir da Lei de renovación, rexeneración e rehabilitación urbana, informes de avaliación de edificios.

Hai un baleiro na lexislación autonómica que non obriga aos propietarios/as a ese deber de pasar o control.

Coa sentenza do Tribunal Constitucional de 21 de xaneiro no cal di que a capacidade para legislar sobre estes controles non é estatal, e polo tanto o que se contemplaba na Lei 8/2013, de renovación, rexeneración e rehabilitación urbana, queda anulado, e igualmente no Texto Refundido do ano 2015, Real Decreto 7/2015.

Na actualidade, segue a dicir, para un concello non hai ningunha normativa que posibilite o desenvolvemento dunha ordenanza específica no concello que obrigue aos concellos a pasar dito informe.

Ao desaparecer na Lei do solo de Galicia aprobada en marzo de 2016, calquera referencia e ao estar anulados por parte do Tribunal Constitucional os artigos que facían referencia ao informe de avaliación de edificios, hai un baleiro xurídico que imposibilita ter unha decisión clara, non só a este goberno, senón a gobernos municipais de todo o Estado a cerca da competencia para exercer ese control e esa obriga dos cidadáns e ante ese baleiro legal por parte deste goberno municipal cren que non se debe tomar unha medida impositiva de obriga do cumprimento dunha ordenanza da cal a seguridade xurídica da súa aplicación na actualidade é bastante dubidosa.

O Sr. Alcalde, di que hai outra pregunta de resposta oral do Partido Popular, sobre a retirada das barreiras exteriores no túnel do Hórreo.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, presenta a pregunta do seu grupo.

Di que corresponde agora falar dun túnel, e que non se vai referir ao goberno de Compostela Aberta que tamén é metaforicamente un túnel, túnel lúgubre, sen saída.

Vai falar do túnel do Hórreo, di que como é visible hai unhas semanas que foron retiradas as barreiras deste túnel, manténdose unicamente as bases, en principio e agás informe técnico en sentido contrario, a retirada das barreiras implica unha redución da seguridade, no caso de que se produza algún accidente, e pode supor un incumprimento da normativa estatal, concretamente do Real decreto 635/2006.

E evidente que o túnel é unha infraestrutura moi sensible, que require moita atención en materia de seguridade, por iso chama a atención a retirada e a non reposición fai unha semana das barreiras.

Imaxinan que foron retiradas por algunha razón lóxica, supoñen que non están ante unha nova instalación artística do concelleiro de convivencia, e di que di isto, porque é sabido que o concelleiro transformou un semáforo nunha obra de arte conceptual sen maior utilidade, e supoñen que non farían o mesmo co túnel do Hórreo que por un motivo artístico deixase isto sen barreiras, aínda que con este goberno non é imposible descartar nada.

De todas maneiras supoñen que a causa será máis racional e quixeran coñecerla, e sobre de todo, quixeran coñecer os tempos, en qué momentos se retiraron, e cando serán repostas.

Xa que non tiveron moita fortuna fai uns meses cando presentaron unha pregunta escritas con ocasión das retencións derivadas das obras de Conxo, fan agora esta

pregunta, e esperan que se lles poida explicar cales foron as razóns, e sobre todo, os tempos de reposición, se é que se van repoñer as barreiras.

Don Xan Duro Fernández, dille que efectivamente falan de túneles, de luces, despois dos catro anos máis vergoñentos da historia municipal desta cidade.

En informe emitido con data 21 de xullo, pola empresa mantedora desta instalación, indica que se produciu unha repentina baixada da barreira do carril esquerdo da boca do túnel sentido Coruña, procedéndose a retirar a mesma que foi retirada e por seguridade o resto dos mastros das barreiras.

A propia empresa fixo unhas probas de laboratorio na parte electrónica das barreiras, e sen atopar ningunha avaría, por seguridade, enviábase toda a parte electrónica a sede do fabricante, e onde se fan máis probas, e faise constar que non se volveu a dar ese problema detectado o 17 de xuño, pero que como é unha unidade antiga, fixéronlle algúns axustes menores de software, e indican que esta lista para instalación.

De calquera xeito a empresa mantedora do túnel indica que sería idóneo instalar nestas barreiras un sistema de corte de alimentación eléctrica que manteña as barreiras bloqueadas mentres non exista unha acción dende o centro de control para baixalas.

Dado que na situación actual, e por estes problemas, non se pode garantir que a barreira non se baixe de forma incontrolada, xa que non dispón dese sistema de seguridade, non instalaron, agora neste momento, está en tramitación a compra dese sistema control que no momento que chegue será instalado e serán postas en funcionamento novamente as barreiras.

O Sr. Alcalde, presenta a penúltima pregunta de resposta oral para este pleno, relativa ao incumprimento do envío do informe de execución do programa Urbana Norte aos grupos municipais.

Dona Teresa Gutiérrez López, di que ocorreu pon de manifesto non só a pouca consideración que o goberno ten co Pleno municipal, que ía ser o centro da vida municipal, senón cos grupos da oposición.

No pleno de febreiro, di que presentou unha proposta do seu grupo, aprobada por unanimidade, para que no prazo de dous meses se elaborara e entregara a cada un dos grupos un informe balance final sobre o programa urbana norte, co grao de execución do programa, con desagregación por partidas, a situación das actuacións contempladas e que non estaban rematadas a decembro de 2015, unha primeira avaliación da efectividade das actividades, e a información financeira do proxecto.

Esta proposta, pola súa parte era intencionada, porque coñecendo a premura coa que piden na Unión Europea os informes finais, pensaban que se facían esta pregunta o goberno o tería preparado con anticipación, do mesmo xeito que xa fixeron coa EDUSI en decembro co único interese de que esta cidade non perdese e non tivese problemas cos fondos.

Todo isto, di, pensando non no grupo de goberno, senón no ben da cidade.

Transcorreron dous meses, e vostedes a pesar de votar favorablemente non lles entregaron o informe, preocupados polo retraso, porque os dous meses se converteron en nove, e por iso fan esta pregunta, e atópanse con que onte, a concelleira de economía e facenda remítenos por correo un informe final, xunto cun escrito que indica o importe certificado, e indicándolles que o informe foi enviado antes do 30 de setembro en prazo.

En relación co informe que analizaron, non moi detidamente, porque foilles enviado onte, comprobamos que non se desglosa o certificado en cada área temática, etc, o mesmo pasa cos indicadores aparece un parágrafo final, no referente á execución económica deixáronse de executar 1.524.792 euros, se ben, é certo, que nun paso de cofinanciación do 70 ao 80% en termos FEDER perdéronse 76.474 euros.

Advirten que nesta concesión de fondos terán auditorías de verificación de funcionamento, e que a día de hoxe non están nin en Vista Alegre fase I, nin no centro sociocultural do Romaño e cren que non funciona o wifi dos parques.

Di que o máis grave, é a xustificación dos posibles problemas que lles leva a páxina seis do informe, que indica que o principal problema na execución foi a inestabilidade política a partir das eleccións locais de 2011, e que isto afectou as obras sen rematar.

Na páxina 7, dise que o retraso en moitos exercicios de aprobación dos orzamentos, conlevou a que as actuacións se fosen postergando.

O informe contradíse, xa que segundo se van explicando as actuacións, resulta que a maior parte delas están executadas entre 2012-2015.

Non se aporta ningún cadro co executado por anualidades, unicamente se poden remitir ao texto, di que eles teñen cadros de execución, e que a finais do ano 2013, estaba executado o 42%, e a finais de 2014 todo estaba en execución.

En canto ás obras sen rematar, todas tiñan prazo de remate en 2015, e quedaron paradas coa chegada do seu goberno.

Prosegue que independentemente do contido deste informe, en definitiva di que a súa pregunta convertese nun rexeitamento a que lles envíen un informe despois de nove meses que chegou onte, e encima pretendan eliminar a pregunta da orde do día, co cal dilles que non contesten senón queren, porque pouco hai que contestar.

O Sr. Alcalde, dille que non pretenderon eliminar nada, soamente lles dixeron que co informe enviado se querían retirar a pregunta, e mantense, e dille que eles non teñen competencia para retirala.

Dona María Rozas Pérez, di que vai facer unha resposta breve, di que a pregunta era pedir o informe final de Urbana, para este informe tiñan de prazo no Concello ata o 30 de setembro para enviálo ao Ministerio, o informe enviado foi o que se lle facilitou a toda a oposición.

Se hai algunha pregunta, algunha necesidade de coñecer detalle dalgunha acción específica, di a concelleira, que poden buscar esa información, memorias, informes técnicos e demais documentación da que teñan interese e que lles será facilitada.

O Sr. Alcalde, di que esta é a última pregunta, tamén do Partido Popular, en relación coa edición do dítptico sobre o “Samaín en Compostela”.

Dona María Antón Vilasánchez, di que efectivamente chegaron os iluminados ao goberno de Santiago de Compostela.

Señora Lois e señor Díos, xa que este proxecto está asinado por ambos os dous, vou entender que concordan na súa razón de ser e aproban en responsabilidade solidaria o seu contido.

Dilles, que non sabe se tiveron oportunidade de ler a acta do pasado mes de febreiro, que hoxe foi aprobada, pero por se acaso lémbrale as verbas da concelleira, a propósito dunha proposta que fixo o seu grupo sobre a creación dun bono-museo.

Dicía a este respecto a concelleira que Compostela Aberta aposta por unha rede municipal de museos, que era obxectivo da área de acción cultural, sinala que é unha lástima que non estea a señora Novo, pero que non ían poñer o carro diante dos bois, xa que unha rede de museos non é só un folleto, nin unha web, nin un bono compartido, etc., que desbotaban unha visión exclusivamente instrumental, dilles que poden ver todo, na páxina 38 da devandita acta.

Di, que supón que este folleto seguiu paso a paso as súas verbas, e que hai unha estratexia, avaliación, datos, para deducir que o “Samaín” debe ser imprescindible para este concello e sacar este folleto que non di nada, poderían ter aproveitado a ocasión

para cando menos, incluír as actividades que se fixeron polo samaín nos centros socioculturais, nas asociacións de veciños, no Toural, propiciadas polo Concello e pola súa concellaría.

Señora Lois, señor Díos, teñen que ter coidado coas súas verbas, ao igual que as liñas vermellas que encorsetan e atan, e despois ou a señora Lois e Lara Crowf ou lles vai dar moitos momentos de gloria como o de hoxe.

E por iso, preguntan, o motivo deste folleto, o custo, autoría intelectual, tirada e distribución deste díptico titulado “Samaín en Compostela” para segundo se declara no interior do folleto por en marcha “un samaín orixinal, fermosísimo e exemplar”, e “incógnito” engade a concelleira, dilles que quizás sexa a primeira mostra de que están vostedes a traballar para o futuro.

Respóndelle o concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta, **Don Manuel DíosDiz**, e dille a concelleira do grupo popular, que celebra que entre as múltiples ocupacións, estea a práctica de comentario de texto.

Dille que se tivera que cualificalo tería que dicirlle que necesita mellorar, como docente.

Que interprete dende a súa perspectiva un díptico titulado “Samaín en Compostela”, da autoría practicamente total do mestre Cedeirés don Rafael López Loureiro, a quen se lle debe a recuperación dunha tradición propia en moitos casos perdida, noutros conservada celosamente, como é a do tallado de calacús e caliveiras de cabazas en tempos de outono.

Prosegue a dicir, que o díptico é unha contribución certamente humilde a difusión e promoción dunha tradición propia, pero pretende vostede aínda que non o cita, clarificar a confusión que nos últimos anos, se ten producido co halloween.

O díptico estaba acompañado dunha carta explicativa, en calquera caso, dille, que si que figura no texto, posiblemente non o vira, unha proposta de acción educativa de ámbito escolar relacionada coa celebración dos magostos e do outono, e outra relacionada co comercio e co turismo, como un concurso de escaparatismo, que se fallou a semana pasada, e que foi comunicado publicamente na web municipal. Houbo moitas actividades nos centros escolares, entre elas, obradoiros impartidos polo propio Rafael López Loureiro, que tamén fixo nos soportais da rúa do Vilar, onde sobre trinta familias cos seus nenos/as aprenderon a talar calacús para ledicia da cidadanía que os observaba, hai imaxes na web municipal, invítalle a velas.

Di que houbo unha conferencia pública do citado Rafael López Loureiro, no CERSIA, e xa para rematar dille que o custe foi tamén moi humilde, 410,76 euros, para unha tirada

de 1.500 exemplares, distribuídos a todos os centros escolares de Santiago e ás escolas infantís, comercios e entidades culturais.

Dille que para o vindeiro ano intentarán facer mellor, con máis tempo e máis iniciativas, involucrando a máis concellaría, e para o que lle piden a súa colaboración e o seu apoio, tal e como fixo o grupo provincial do Partido Popular na Deputación Provincial, apoiando unha iniciativa similar proposta por el mesmo.

16. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 9 de novembro de 2016, núm. 330, a prol de ampliación da acreditación por violencia machista da creación do Estatuto do Feminicidio e da toma de medidas contra as consecuencias sobre as mulleres da desigualdade económica.

O grupo municipal do BNG, a iniciativa da súa concelleira Goretti Sanmartín, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á ampliación da acreditación por violencia machista, da creación do estatuto do feminicidio e da toma de medidas contra as consecuencias sobre as mulleres da desigualdade económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Visibilizar e erradicar a violencia machista en todas as súas formas e en todos os ámbitos é un dos retos máis importantes que temos como sociedade de cara ao futuro. Por iso, o feminismo e as políticas feministas son ferramentas fundamentais coas que debemos traballar sen dar nada por conseguido en canto siga exercitándose a violencia contra as mulleres polo mero feito de ser mulleres.

Nos últimos tempos, fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo mobilizador e concienciador dos diferentes movementos de mulleres. Porén, non é suficiente, temos que seguir avanzando na rúa e nas institucións e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visíbel do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademais, é clave visibilizar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física até outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstétrica e tratos inadecuados no marco da sanidade até a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, ocupando as peores taxas de desemprego e precarización, padecendo a desigualdade salarial e ocupando a maioría dos traballos non

asalariados consecuencia das situacións de dependencia familiar e da falta de recursos públicos. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

Queda moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade para todos os espazos da actividade política e social. Por iso, tendo sido importantes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, despois de anos de aplicación, son insuficientes en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, cómpre avanzar e mellorar os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que sirva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por estes motivos, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a consideración do Pleno a seguinte proposta de

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio.

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2. Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.

3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.

2.- Rexistro de entrada do día 9 de novembro de 2016, núm. 331, sobre a transferencia da AP-9.

O grupo municipal do BNG, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á transferencia da titularidade e das competencias da AP-9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos

orxamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos sairía case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orxamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación de ... tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza.

Ademais, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por estes motivos, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a consideración do Pleno a seguinte proposta de

ACORDO

1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e

competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.

2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.

3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.

4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.

EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 16 de novembro de 2016, núm. 341, á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta a respecto dos centros de internamento de persoas estranxeiras.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate en Pleno, a seguinte emenda de supresión das referencias á veciñanza da Coruña na moción de Compostela Aberta sobre os centros de internamento de persoas estranxeiras, casualmente coincidentes co texto dunha moción rexistrada o 4 de novembro por Marea Atlántica no Concello da Coruña.

Estas referencias á veciñanza da Coruña que se propoñen suprimir son as seguintes:

Liña 7: “... defensa dos Dereitos Humanos daquelas veciñas e veciños, tamén da Coruña, que se atopan internados nos CIE.

Liña 8: “... que aínda que non están no noso territorio, hai veciños e veciñas da Coruña que son enviados aos CIE igualmente...”

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 11 de novembro de 2016, núm. 334, para acordar unha declaración institucional en apoio á declaración de París para por fin á epidemia do sida.

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Día Mundial do Sida de 2014, alcaldes e alcaldesas de todo o mundo asinaron en París unha declaración para pór fin á epidemia de sida nas súas cidades. En dita declaración (en diante Declaración de París) comprometéronse a adoptar unha serie de compromisos para acelerar a resposta ao sida nas cidades co obxectivo de pór fin á epidemia.

Entre tales compromisos atópase o de acadar os obxectivos 90-90-90 de ONUDISA, que consisten en que o 90% das persoas que viven co VIH coñezan o seu estado serolóxico, que o 90% daqueles que coñecen o seu estado serolóxico positivo sigan un tratamento e suprimir a carga viral do 90% das persoas en tratamento, para que se manteñan sanas e se reduza o risco de transmisión do VIH.

Na xuntanza organizada pola alcaldesa de París, Anne Hidalgo, estiveron tamén presentes o Programa Conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/Sida(ONUDISA), o Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos(ONU-Hábitat) e a Asociación Internacional de Proveedores de Atención ao Sida (IAPAC), organismos que, xunto cos alcaldes e alcaldesas participantes, asinaron a Declaración de París.

O encontro celebrouse vinte anos despois da Cume de París sobre o Sida, na que líderes e comunidades de todo o mundo acordaron un conxunto de principios para fomentar unha maior participación das persoas que viven co VIH, os chamados principios MPPVS, que seguen orientando a resposta mundial ao sida ata a actualidade.

Durante a xuntanza, ONUDISA presentou un informe sobre o VIH nas cidades, o cal describe o importante papel que terán as áreas urbanas para pór fin á epidemia do sida para o ano 2030. O informe, titulado *OUTLOOK: Cities Report*, recolle que as cidades e zonas urbanas vense especialmente afectadas polo VIH, xa que se calcula que as 200 cidades máis afectadas pola epidemia albergan a máis da cuarta parte dos 35 millóns de persoas que viven co VIH en todo o mundo. En moitos países, máis da metade das persoas con VIH residen en cidades. Na África subsahariana, esa cifra é de 45%. Segundo o informe máis da metade da poboación mundial vive en cidades, unha porcentaxe que subirá ata o 60% en 2050.

A Declaración de París de 2014 inclúe o compromiso de centrarse nas comunidades máis afectadas polo VIH, mobilizar recursos para lograr unha mellor integración de saúde pública e desenvolvemento, construír e acelerar as estratexias urbanas en materia

de VIH e usar a resposta á sida como catalizador para unha transformación social positiva.

Por todo isto, sométese ao debate e aprobación do Pleno do Concello de Santiago:

Que con motivo da Conmemoración o 1 de decembro do Día Internacional da SIDA, se acorde unha Declaración Institucional, en concordancia coa Declaración de París, co seguinte texto:

“1.-Gracias aos avances científicos, o activismo comunitario e o compromiso político con uns obxectivos comúns, temos a oportunidade real de pór fin á epidemia do sida a escala mundial para o ano 2030. As cidades levan moito tempo na primeira fila da resposta ao SIDA e agora atópanse nunha posición única para liderar accións aceleradas con miras a acadar os obxectivos 90-90-90 en 2020, é dicir, que o 90% das persoas que viven co VIH coñezan o seu estado serolóxico; que o 90% dos que coñecen o seu estado serolóxico positivo reciban tratamento; e que o 90% das persoas en tratamento supriman a carga viral. Somos conscentes, de que nos atopamos nun momento histórico para dar resposta ao sida.

2.-Actualmente poderíamos deter todas as novas infeccións polo VIH e evitar as mortes relacionadas co sida, incluídas as mortes por tuberculose. Podemos acabar co estigma e a discriminación. A nosa cidadanía debe ter acceso a servizos de prevención, tratamento, atención e apoio relacionados co VIH e a tuberculose que permitan salvar vidas.

3.-Coa colaboración entre concellos, podemos adoptar medidas locais que teñan repercusión mundial e aproveitar o noso alcance, infraestrutura e capacidade humana para crear un futuro máis equitativo, incluínte, próspero e sostible para toda a cidadanía, sen importar o seu sexo, situación económica ou social ou orientación sexual.

4.-Por todo o anterior o Concello de Santiago comprométese a:

a) Traballar cara a os obxectivos 90-90-90 relativos ao tratamento do VIH para o 2020, que reducirán rapidamente o número de infeccións por VIH e as mortes relacionadas co sida-incluídas as causadas por tuberculose-e acelerarán o proceso para acabar co sida para o ano 2030. Comprometémonos a ofrecer un acceso sostido aos servizos de detección, tratamento e prevención. Terminaremos co estigma e a discriminación.

b) Situar as persoas no centro de todo o que facemos. Centrarémonos, sobre todo, nas persoas vulnerables e/ou en situacións de exclusión. Respectaremos os dereitos humanos e non deixaremos a ninguén de lado. Actuaremos no plano local e en

colaboración coas nosas comunidades para impulsar o apoio mundial en pos de sociedades resistentes e saudables e de desenvolvemento sostible.

c) Abordar as causas de risco, vulnerabilidade e transmisión. Empregaremos todos os medios necesarios, como ordenanzas municipais, campañas e programas e outras ferramentas, para abordar os factores que fan que as persoas sexan vulnerables ao VIH e a outras enfermidades. Traballaremos estreitamente coas comunidades, os provedores de servizos, os encargados do cumprimento da lei e outros organismos, así como coas poboacións vulnerables ou en situacións de risco social, co fin de remover estereotipos e estigmas e promover a prevención e protección da saúde.

d) Empregar a resposta ao sida para unha transformación social positiva. O liderazgo arredor deste tema impulsará unha transformación social innovadora para crear sociedades equitativas, incluíntes, receptivas, resistentes e sostibles. Integraremos programas de saúde e sociais con obxecto de mellorar a prestación de servizos, incluídos os relacionados co VIH, a tuberculose e outras enfermidades. Empregaremos os avances da ciencia, a tecnoloxía e a comunicación para impulsar este obxectivo.

e) Impulsar plans, accións e iniciativas para dar unha resposta axeitada ás necesidades locais. Desenvolveremos e promoveremos servizos innovadores, seguros, accesibles, equitativos e libres de estigma e discriminación. Fomentaremos e impulsaremos a participación e o liderazgo da comunidade para incrementar a demanda e para prestar servizos que respondan ás necesidades locais.

f) Mobilizar recursos para a saúde pública e o desenvolvemento integrados. Invertir xuntos na resposta ao sida, mostrando un compromiso firme coa saúde pública, é unha inversión sólida no futuro das nosas cidades que fomenta a produtividade, a prosperidade compartida e o benestar. Adaptaremos os recursos e os plans das nosas cidades para ofrecer unha resposta axil e axeitada e mobilizaremos recursos e estratexias necesarias para pór fin á epidemia de sida para 2030.

2.- Rexistro de entrada do día 14 de novembro de 2016, núm. 337, sobre os centros de internamentos de persoas estranxeiras.

A Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, Concepción Fernández Fernández, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente existen no Estado Español, sete *Centros de Internamento de Estranxeiros* (Madrid, Barcelona, Valencia, Algeciras, Murcia, Las Palmas e Tenerife). Este tipo de centros son espazos non penais cuxa función instrumental é a de facilitar a expulsión

das persoas estranxeiras en situación administrativa irregular, privándoas de liberdade durante un período máximo de sesenta días. A opacidade que envolve a súa xestión, sumada ás reiteradas denuncias relativas á violación de dereitos das persoas internas nos CIE, provoca que este Concello mostre a súa preocupación pola defensa dos Dereitos Humanos daquelas veciñas e veciños, tamén da Coruña, que se atopan internados nos CIE. Porque non esquezamos que, aínda que non están no noso territorio, hai veciñas e veciños da Coruña que son enviados aos CIE igualmente se non as soben directamente aos voos de deportación, mais coñecidos como *Voos da Vergoña*.

A noite do 19 de outubro un grupo de 39 internos do CIE de Aluche, en Madrid (onde derivan a maioría dos casos desde Galicia) iniciou unha protesta dentro do centro, subíndose a un dos tellados do mesmo. Desde o comezo do suceso, tanto á corporación e á alcaldesa do Concello de Madrid, como aos servizos de emerxencias, negóuselles a información e a entrada no recinto; e ao longo de toda a protesta, os reiterados esforzos para facilitar a mediación no conflito e para organizar preventivamente a potencial intervención dos servizos municipais de emerxencias, foron rexeitados polas autoridades do Ministerio do Interior. Concluídas a protesta e a folga de fame protagonizada posteriormente por 117 persoas internas, producíronse denuncias de maos tratos e algunhas entidades manifestaron o seu temor de que o mencionado Ministerio puidese estar a forzar a expulsión dos internos que comezaron a protesta como, ao parecer, ocorreu noutras ocasións.

As diferentes denuncias formuladas por distintos colectivos da sociedade civil obrígnanos a preguntarnos cal é o verdadeiro obxectivo destes Centros, que segundo a lexislación teñen como finalidade reter a cidadanía de orixe estranxeira á espera da súa expulsión. Na práctica, esa finalidade revélase como un mecanismo meramente retributivo, mediante o cal se priva de liberdade a unha persoa que non cometeu ningún delito.

O internamento administrativo de persoas migrantes é cuestionado por un número importante de organizacións internacionais. Incluso algún relator de Nacións Unidas expresou o alto custo humano que supón esa medida para as persoas que saen dos seus países buscando unha vida digna e que polo simple feito de cruzar unha fronteira son detidas e internadas.

O Concello de Santiago de Compostela quere expresar de forma clara a súa posición a favor do peche dos CIE, tal e como se aprobou xa nunha moción no pleno de novembro de 2015.

Os concellos e entes locais, en tanto que primeiros espazos políticos de proximidade coa cidadanía, deben fomentar o desenvolvemento da democracia e a igualdade no exercicio dos dereitos, polo que, tomando en conta os principios de proximidade e

subsidiariedade, deben reclamar a garantía dos principios e dereitos constitucionais e internacionais.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

a) En primeiro lugar, e dada a relevancia dos feitos acontecidos a madrugada do 19 de outubro, solicitar ás autoridades que corresponda o esclarecemento dos mesmos, así como das consecuencias que se derivaron e das actuacións que se produciron durante as 72 horas seguintes.

b) En segundo lugar, instar o Goberno do Estado a que inicie un proceso que conduza ao peche dos Centro de Internamento de persoas Estranxeiras, que demostraron durante anos non conseguir os seus obxectivos institucionais e non respectar de maneira significativa os dereitos humanos das veciñas e veciños que o habitan.

E mentres non se pechen:

c) Esixir ao Goberno do Estado que non se expulse durante o tempo que proceda a investigación, os 39 internos que protagonizaron a protesta do 19 de outubro, no seu libre exercicio do dereito constitucionalmente recoñecido de reunión pacífica (art. 21).

d) Esixir ao Goberno do Estado que adopte todas aquelas medidas que sexan necesarias para garantir o respecto absoluto dos Dereitos Humanos neste Centro e naqueles CIE do resto do territorio español.

e) Esixir transparencia na xestión cotiá destes Centros e facilitar o acceso das entidades cidadás dedicadas ao apoio á poboación inmigrante.

f) Esixir unha atención social, sanitaria e xurídica realmente efectivas e adecuadas ás necesidades das persoas internas.

g) Esixir ao Congreso dos Deputados a inmediata posta en marcha dunha mesa ou comisión parlamentaria que comece o proceso de traballo de cara a reformular toda a normativa referente a estranxeiría, incluíndo o peche dos CIE.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

1.- Rexistro de entrada do día 14 de novembro de 2016, núm. 335, para a execución de melloras no ámbito do SUNP-7 en Pontepedriña, nas rúas Souto Paz, Restollal e Travesa da Estrada.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ámbito do solo urbanizable programado número 7 (SUP-7) do barrio de Pontepedriña onde nos últimos anos se construíron preto de 650 vivendas existen na actualidade unha serie de deficiencias cuxa resolución está a demandar a veciñanza. En concreto, estas demandas concéntranse no espazo urbano delimitado polas rúas Xosé Antonio Souto Paz, Restollal e travesa da Estrada conviven edificios de nova planta, edificadas dentro do Plan Parcial do SUP-7, con parcelas aínda por edificar e antigas vivendas que se atopan en solo urbano consolidado.

As peticións veciñais fan referencia a pequenas actuacións que poden mellorar significativamente a calidade de vida das persoas, como son:

-A canalización de pluviais: A constante evolución do barrio fixo que se abriaran viais con posterioridade á execución das canalizacións, quedando algúns dos sumidoiros enreixados fóra da súa posición funcional, de forma que as augas flúen libremente, impedindo en épocas de chuvia atravesar as rúas sen mollarse. Concretamente na rúa do Restollal, á altura dos cruces das rúas Josefa García Serget e travesía do Restollal, os sumidoiros quedaron no medio das rúas, cando o lóxico era que quedaran ao carón da beirarrúa na zona alta da rúa, para cortar o fluxo de auga e impedir así a súa condución pola travesía.

-Roza: Na parcela sen edificar da rúa Alejandro Pérez Lugín, entre as rúas Manuel Vázquez Cacharrón e Josefa García Segret, o mato invade xa boa parte da zona destinada a tránsito peonil. Sería preciso requirir ao propietario para que manteña o seu terreo nas axeitadas condicións de ornato público.

-Mellora de iluminación: A iluminación dos viais en que conviven o solo urbano consolidado e o solo urbano programado realizouse no seu día conforme ao proxecto de urbanización, o que está ocasionar algunha distorsión nalgúns zonas de convivencia, concretamente na rúa Alejandro Pérez Lugín, no tramo comprendido entre as rúas Josefa García Segret e a travesía do Restollal. Na beirarrúa leste hai unha aliñación singular que responde ás vivendas existentes por ser solo urbano consolidado. Alí créase unha zona libre: a parcela ZL-54. Na actualidade, o espazo que configurará esta parcela non está obtido na súa totalidade e o acceso vial ás vivendas resolveuse cunha entrada en fondo de saco e unha escaleira. A iluminación conta con iluminaras alternas a ambos lados (*“al tresbolillo”*), pegadas á calzada e orientadas cara a ela. Iso xera un déficit de iluminación na zona da escaleira, co agravante de que o propio muro de contención xera unha zona de sombra. Temos constancia de que, durante as obras realizadas nesa zona,

o báculo situado na propia parcela tiña dúas luminarias, cuestión que sería preciso recuperar para mellorar a seguridade no contorno da escaleira. Por outro lado, sería conveniente revisar tamén outros báculo que, como acontece noutras zonas da cidade, teñen árbores moi próximos que, ao medrar, xeran sombras.

-Seguridade peonil e vial e mellora de accesibilidade: Na zona existen multitude de escaleiras, algunhas mesmo formando ángulos que, por carecer de varandas de protección, se perciben pouco desde a rasante superior e resultan perigosas. Por iso, consideramos necesario introducir algún sistema de balizamento para mellora da seguridade, incorporando máis pasamáns. Tamén se debería revisar a accesibilidade no contorno: na parcela ZL-54 a solución adoptada impide recorrer a beirarrúa completa sen salvar un tramo de escaleiras. O tramo é moi transitado ao existir unha gardería, polo que sería oportuno incorporar unha rampla no lado máis afastado do muro, partindo dun espazo libre existente na rúa Josefa García Segret. Por outra parte, na entrada para vehículos desta parcela xa se ten producido a caída dun vehículo debido á deficiente iluminación e sinalización, polo que sería necesario instalar algún elemento de balizamento e unha protección na coroación do muro.

-Instalación de marquesiña: Por último, das paradas de autobús en dirección centro da cidade, que é onde máis espera a xente, hai unha que aínda non dispón de marquesiña. É a situada no número 31 na esquina coa Travesía do Restollal. O feito de non dispoñer da marquesiña fai que en ocasións as persoas que conducen os vehículos de transporte público non aprecien que hai xente esperando e mesmo salten a parada, motivo polo se solicita a instalación da citada marquesiña.

Tendo en conta todas estas consideracións, o Grupo Popular presenta para o seu debate e consideración no Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a levar a cabo unha serie de melloras (canalización de pluviais, requirimento de roza en parcela sen edificar, mellora de iluminación, seguridade peonil e vial, mellora de accesibilidade e instalación de marquesiña) no ámbito do SUNP-7, en concreto no espazo urbano delimitado polas rúas Xosé Antonio Souto Paz, Restollal e travesa da Estrada”.

EMENDA DO GRUPO POPULAR:

1.- Rexistro de entrada do día 15 de novembro de 2016, núm. 339, á moción presentada polo grupo municipal do BNG, a prol da ampliación da acreditación por violencia machista, da creación do Estatuto do Feminicidio e da toma de medidas contra as consecuencias sobre as mulleres da desigualdade económica.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA, DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO E DA TOMA DE MEDIDAS CONTRA AS CONSECUCENCIAS SOBRE AS MULLERES DA DESIGUALDADE ECONÓMICA, de data 9 de novembro de 2016.

Propónse a modificación do texto resolutivo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda:

1. Instar ao Parlamento de Galicia a constituír no actual período de sesións a Comisión non permanente de Estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres.

2. Instar ao Parlamento de Galicia a incluír no plan de traballo da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e os dereitos das mulleres, por proposta dos grupos parlamentarios que a integran, a persoas expertas no ámbito xurídico, co obxecto de poder avaliar a inclusión do termo feminicidio na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como outras posibles modificacións lexislativas.

3. Instar á Xunta de Galicia, en diálogo coas organización sociais, sindicais e empresarias e, dentro da Mesa de Diálogo Social, a que se promovan medidas encamiñadas a que as empresas cumpran co dereito á igualdade salarial e a non discriminación retributiva entre mulleres e homes.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

1.- Rexistro de entrada do día 14 de novembro de 2016, núm. 338, relativa á adquisición da parcela por parte do Concello que ocupa o Xardín de Infancia, Sta. Marta, e posteriormente se asine un convenio coa asociación de pais da devandita escola para que se manteña o mesmo proxecto educativo.

A Escola Infantil Municipal “Xardín da Infancia Santa Marta” ten o seu domicilio en rúa Escultor Ferreiro s/n, e non está integrada na rede de Garderías Municipais, non é, por tanto, unha escola municipal infantil.

En resolución de 28 de xaneiro de 1998, o concelleiro delegado de Urbanismo outorgou á Asociación de Pais do Xardín de Infancia Santa Marta, licenza para a apertura dunha

escola infantil. Esta actividade vén desenvolvéndose satisfactoriamente dando atención educativa a rapaces de cero a tres anos e, á súa vez, favorecendo a incorporación ou permanencia das súas nais e pais ao mundo laboral. Neste curso hai 19 matriculados no Xardín de Infancia Santa Marta.

O Concello de Santiago de Compostela, en 1977 asumiu o compromiso de desmontar, trasladar e instalar dous albergues do Barrio de Guadalupe á beira do campo de baloncesto da Choupana, con rede de sumidoiros, luz e auga para o Xardín de Infancia Santa Marta. Durante tres décadas, o Concello de Santiago veu prestando servizos de xardinería e mantemento, non estruturais, a través das súas brigadas e das empresas concesionarias responsables dos mencionados servizos.

A xestión desta gardería é un exemplo de autoxestión dunha ANPA (Asociación de Pais e Nais do Xardín de Infancia Santa Marta), isto supón un proxecto educativo baseado nunha educación infantil de calidade, proporcionada por persoal cualificado e que naceu como un proxecto social aberto a toda a veciñanza do Barrio de Santa Marta e A Choupana.

Neste momento, é necesario regular a colaboración entre a Asociación de Nais e Pais do Xardín de Infancia Santa Marta e o Concello de Santiago, situación que podería solventarse a través da sinatura dun Convenio pero que esixe previamente iniciar un procedemento que resolva definitivamente o problema respecto da titularidade da parcela onde está situada a gardería.

Segundo o Catastro, a parcela é propiedade da Asociación de Veciños “José Antonio”, polo que existe unha presunción a favor da citada Asociación, aínda que a día de hoxe non está rexistrada esta asociación, nin se está a abonar o IBI correspondente, cabería estudar a aplicación do artigo 1959 do Código Civil, é dicir, a prescripción adquisitiva do dominio extraordinaria e regulada.

Con posterioridade, sería convinte asinar un Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Nais e Pais do Xardín de Infancia Santa Marta, co obxecto de fixar as obrigas do Concello de Santiago respecto do mantemento da estrutura da escola infantil, así como dos investimentos que necesita a infraestrutura para o cumprimento da normativa e do proxecto docente, mantendo o modelo de xestión por parte da ANPA que leva xa 18 anos funcionando coa satisfacción dos usuarios.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal Socialista propón para o seu debate e aprobación se procede do seguinte

ACORDO:

1.- Que o Concello de Santiago inicie o procedemento de Prescrición Adquisitiva de Dominio, a fin de que se declare ao concello Propietario da parcela catastral 5967623 NH 3456 H 0001WQ e dos bens inmobles e instalacións situados na mesma.

2.- Que con posterioridade á adquisición da propiedade, se asine un convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Nais e Pais do Xardín de Infancia Santa Marta, para permitir e asegurar que se manteña o mesmo proxecto educativo que se ven realizando na escola infantil Xardín de Infancia Santa Marta.

EMENDA DO GRUPO SOCIALISTA:

1.- Rexistro de entrada do día 15 de novembro de 2016, núm. 340, á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta a respecto dos centros de internamento de persoas estranxeiras.

O Grupo Municipal Socialista presenta a emenda seguinte aos acordandos da moción presentada polo Grupo Municipal de Compostela Aberta respecto dos centros de internamento de persoas estranxeiras, quedando como se indica a continuación:

- a) En primeiro lugar, e dada a relevancia dos feitos acontecidos a madrugada do 19 de outubro, solicitar ás autoridades que corresponda o esclarecemento dos mesmos, así como das consecuencias que derivaron e das actuacións que se produciron durante as 72 horas seguintes.
- b) Esixir ao Goberno do Estado que non se expulse durante o tempo que proceda a investigación ós 39 internos que protagonizaron a protesta do 19 de outubro, no seu libre exercicio do dereito constitucionalmente recoñecido de reunión pacífica (art.21).
- c) Esixir ao Goberno do Estado que adopte todas aquelas medidas que sexan necesarias para garantir o respecto absoluto dos dereitos humanos neste centro e naqueles CIE do resto do territorio español.
- d) Esixir transparencia na xestión cotiá destes centros e facilitar o acceso das entidades cidadás dedicadas ao apoio á poboación inmigrante.
- e) Esixir unha atención social, sanitaria e xurídica realmente efectivas e adecuadas ás necesidades das persoas internas.
- f) Esixir ao Congreso dos Deputados a inmediata posta en marcha dunha mesa ou comisión parlamentaria que comece o proceso de traballo de cara a reformular toda a normativa referente a estranxeiría, incluíndo o peche dos CIE.

O Sr. Alcalde, di que van tratar agora as mocións presentadas polos grupos municipais, que como cada pleno enténdese aprobada a súa urxencia, incluída unha que non figuraba dentro da relación e que foi debatida en Xunta de Portavoces presentada polo grupo Popular, sobre o servizo de incineración no tanatorio municipal de Boisaca.

Por acordo de Xunta de Portavoces antes de debater as mocións, pasase a ler as declaracións institucionais que xurdiron na devandita xunta, en relación a unha proposta que fixo o BNG, que se baseaba na inclusión do termo “Feminicidio” para a creación dun estatuto de vítima do Feminicidio.

Di que hai unha declaración institucional pactada, a raíz dunha moción do BNG sobre a transferencia da AP-9. E outra, tamén pactada, sobre unha proposta de Compostela Aberta para acordar unha declaración en apoio da “Declaración de París para por fin á epidemia do SIDA”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aprobou a seguinte Declaración Institucional, que ven asinada polos/as portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG), en substitución de moción presentada polo grupo municipal do BNG, e que ten o seguinte contido:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25 DE NOVIEMBRE DÍA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

A violencia machista é un dos máis graves problemas a que nos enfrontamos hoxe en día na nosa sociedade. Nos últimos tempos, fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo de mobilización e concienciación dos diferentes movementos de mulleres. Porén, temos que seguir avanzando, tamén nas institucións, e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visible do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademais, é chave repararmos e enfrontar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física ata outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstetricia e tratos inadecuados no marco da sanidade ata a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, por teren as peores taxas de desemprego e precariedade, padecerem a desigualdade salarial e ocuparen a maioría dos traballos non asalariados. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

Fica moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política. Por iso, é importante a lexislación, como a Lei orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de

xénero. Con todo, despois de anos de aplicación, este marco é insuficiente, en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, cómpre avanzar e mellorar o marco legal e realizar un labor preventivo e educativo moito maior.

Ante a gravidade do problema, xulgamos fundamental a inclusión do termo "Feminicidio" como concepto estrutural que dá conta da violencia específica que sofren as mulleres só por seren mulleres. O recoñecemento desta teorización debe servir de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tamén é insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención.

Por estes motivos, o Concello de Santiago de Compostela,

1. Insta ao Parlamento galego a incluír no plan de traballo da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e os dereitos das mulleres, por proposta dos grupos parlamentares que a integran, a persoas expertas no ámbito xurídico, co obxecto de poder avaliar a inclusión do termo feminicidio na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como outras posibles modificacións lexislativas.

3. Insta á Xunta de Galicia a continuar mellorando os servizos de atención psicolóxica, información, Inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención ás mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano, as 24 horas do día.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba a seguinte Declaración Institucional, que ven asinada polos/as portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG), en substitución de moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, e que ten o seguinte contido:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO EN APOIO Á DECLARACIÓN DE PARÍS PARA PÓR FIN Á EPIDEMIA DO SIDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Día Mundial do Sida de 2014, alcaldes e alcaldesas de todo o mundo asinaron en París unha declaración para pór fin á epidemia de sida nas súas cidades. En dita declaración (en diante Declaración de París) comprometéronse a adoptar unha serie de compromisos para acelerar a resposta ao sida nas cidades co obxectivo de pór fin á epidemia.

Entre tales compromisos atópase o de acadar os obxectivos 90-90-90 de ONUDISA, que consisten en que o 90% das persoas que viven co VIH coñezan o seu estado serolóxico, que o 90% daqueles que coñecen o seu estado serolóxico positivo sigan un tratamento e suprimir a carga viral do 90% das persoas en tratamento, para que se manteñan sanas e se reduza o risco de transmisión do VIH.

Na xuntanza organizada pola alcaldesa de París, Anne Hidalgo, estiveron tamén presentes o Programa Conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/Sida(ONUDISA), o Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos(ONU-Hábitat) e a Asociación Internacional de Proveedores de Atención ao Sida (IAPAC),organismos que, xunto cos alcaldes e alcaldesas participantes, asinaron a Declaración de París.

O encontro celebrouse vinte anos despois da Cume de París sobre o Sida, na que líderes e comunidades de todo o mundo acordaron un conxunto de principios para fomentar unha maior participación das persoas que viven co VIH, os chamados principios MPPVS, que seguen orientando a resposta mundial ao sida ata a actualidade.

Durante a xuntanza, ONUDISA presentou un informe sobre o VIH nas cidades, o cal describe o importante papel que terán as áreas urbanas para pór fin á epidemia do sida para o ano 2030. O informe, titulado OUTLOOK: Cities Report, recolle que as cidades e zonas urbanas vense especialmente afectadas polo VIH, xa que se calcula que as 200 cidades máis afectadas pola epidemia albergan a máis da cuarta parte dos 35 millóns de persoas que viven co VIH en todo o mundo. En moitos países, máis da metade das persoas con VIH residen en cidades. Na África subsahariana, esa cifra é de 45%. Segundo o informe máis da metade da poboación mundial vive en cidades, unha porcentaxe que subirá ata o 60% en 2050.

A Declaración de París de 2014 inclúe o compromiso de centrarse nas comunidades máis afectadas polo VIH, mobilizar recursos para lograr unha mellor integración de saúde pública e desenvolvemento, construír e acelerar as estratexias urbanas en materia de VIH e usar a resposta á sida como catalizador para unha transformación social positiva.

Por todo isto o Concello de Santiago, con motivo da Conmemoración o 1 de decembro do Día Internacional da SIDA, acorda esta Declaración Institucional, en concordancia coa Declaración de París, co seguinte texto:

“1.-Gracias aos avances científicos, o activismo comunitario e o compromiso político con uns obxectivos comúns, temos a oportunidade real de pór fin á epidemia do sida a escala mundial para o ano 2030. As cidades levan moito tempo na primeira fila da resposta ao SIDA e agora atópanse nunha posición única para liderar accións aceleradas

con miras a acadar os obxectivos 90-90-90 en 2020, é dicir, que o 90% das persoas que viven co VIH coñezan o seu estado serolóxico; que o 90% dos que coñecen o seu estado serolóxico positivo reciban tratamento; e que o 90% das persoas en tratamento supriman a carga viral. Somos conscentes, de que nos atopamos nun momento histórico para dar resposta ao sida.

2.-Actualmente poderíamos deter todas as novas infeccións polo VIH e evitar as mortes relacionadas co sida, incluídas as mortes por tuberculose. Podemos acabar co estigma e a discriminación. A nosa cidadanía debe ter acceso a servizos de prevención, tratamento, atención e apoio relacionados co VIH e a tuberculose que permitan salvar vidas.

3.- Coa colaboración entre concellos, podemos adoptar medidas locais que teñan repercusión mundial e aproveitar o noso alcance, infraestrutura e capacidade humana para crear un futuro máis equitativo, incluínte, próspero e sostible para toda a cidadanía, sen importar o seu sexo, situación económica ou social ou orientación sexual.

4.-Por todo o anterior o Concello de Santiago comprométese a:

a)Traballar cara a os obxectivos 90-90-90 relativos ao tratamento do VIH para o 2020, que reducirán rapidamente o número de infeccións por VIH e as mortes relacionadas co sida-incluídas as causadas por tuberculose-e acelerarán o proceso para acabar co sida para o ano 2030. Comprometémonos a ofrecer, dentro do noso ámbito competencial, un acceso sostido aos servizos de detección, tratamento e prevención. Terminaremos co estigma e a discriminación.

b)Situar as persoas no centro de todo o que facemos. Centrarémonos, sobre todo,nas persoas vulnerables e/ou en situacións de exclusión. Respectaremos os dereitos humanos e non deixaremos a ninguén de lado. Actuaremos no plano local e en colaboración coas nosas comunidades para impulsar o apoio mundial en pos de sociedades resistentes e saudables e de desenvolvemento sostible.

c)Abordar as causas de risco, vulnerabilidade e transmisión. Empregaremos todos os medios necesarios, como ordenanzas municipais, campañas e programas e outras ferramentas, para abordar os factores que fan que as persoas sexan vulnerables ao VIH e a outras enfermidades. Traballaremos estreitamente coas comunidades, os provedores de servizos, os encargados do cumprimento da lei e outros organismos, así como coas poboacións vulnerables ou en situacións de risco social, co fin de remover estereotipos e estigmas e promover a prevención e protección da saúde.

d)Empregar a resposta ao sida para unha transformación social positiva. O liderazgo arredor deste tema impulsará unha transformación social innovadora para crear

sociedades equitativas, incluíntes, receptivas, resistentes e sostíbles. Integraremos programas de saúde e sociais con obxecto de mellorar a prestación de servizos, incluídos os relacionados co VIH, a tuberculose e outras enfermidades. Empregaremos os avances da ciencia, a tecnoloxía e a comunicación para impulsar este obxectivo.

e) Impulsar plans, accións e iniciativas para dar unha resposta axeitada ás necesidades locais. Desenvolveremos e promoveremos servizos innovadores, seguros, accesíbles, equitativos e libres de estigma e discriminación. Fomentaremos e impulsaremos a participación e o liderazgo da comunidade para incrementar a demanda e para prestar servizos que respondan ás necesidades locais.

f) Mobilizar recursos para a saúde pública e o desenvolvemento integrados. Promover que se invista xuntos na resposta ao sida, mostrando un compromiso firme coa saúde pública, é unha inversión sólida no futuro das nosas cidades que fomenta a produtividade, a prosperidade compartida e o benestar. Adaptaremos os recursos e os plans das nosas cidades para ofrecer unha resposta axil e axeitada e movilizaremos recursos e estratexias necesarias para pór fin á epidemia de sida para 2030.

g) Unirnos como líderes/líderesas. Nos comprometemos a elaborar un plan de acción e a unirnos nunha rede de cidades co obxecto de facer realidade a presente Declaración. Traballaremos nunha ampla consulta con todas as partes interesadas e analizaremos periódicamente os resultados a fin de xustificar as nosas respostas para que sexan máis rápidas, intelixentes e eficaces. Apoiaremos a outras cidades e compartiremos as nosas experiencias, coñecementos e información sobre os aspectos que funcionan e os que se poden mellorar. Informaremos anualmente sobre os nosos progresos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba a seguinte Declaración Institucional, que ven asinada polos/as portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG), en substitución de moción presentada polo grupo municipal do BNG, e que ten o seguinte contido:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE E COMPETENCIAS DA AP-9 A GALICIA

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes,

senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galicia, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galicia e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos da corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galicia que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galicia nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galicia se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

O Concello de Santiago súmase ao consenso político acadado no Parlamento de Galicia e apoia expresamente a defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos aprobados polo Parlamento de Galicia.

O Concello de Santiago expresa o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galicia, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais.

O Concello de Santiago reclama que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galicia sexa

debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por todo iso, o Pleno do Concello de Santiago acorda:

1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia", aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia.

2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galicia.

3. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.

O Sr. Alcalde di que pasarían agora a debater as últimas catro mocións que quedan, a primeira do Partido Popular para a execución de melloras no ámbito do SUNP-7 en Pontepedriña, rúas Souto Paz, Restollal e Travesa da Estrada.

Pasa a defender a moción do grupo municipal do Partido Popular, **Dona Teresa Gutiérrez López**.

Manifesta que se trata dunha moción que recolle demandas trasladadas polos/as veciños/as do barrio de Pontepedriña nun ámbito de solo urbanizable programado onde os últimos anos construíron bastantes vivendas, actuacións de moi pouca entidade, que consideran que dada a baixa execución do orzamento, e tendo en conta que non requiren proxecto, senón soamente unha memoria valorada e algunhas incluso se podían facer polos servizos municipais e poderían ser acometidas con facilidade.

As demandas concrétnanse no espazo urbano delimitado polas rúas Xosé Antonio Souto Paz, Restollal e Travesa da Estrada, e aí nese encontro entre os edificios edificadas ao amparo do SUP-7, con casas antigas construídas previamente.

Estas actuacións podían mellorar a calidade de vida das persoas do barrio.

Hai algunhas que son de pluviais, ao facer as novas rúas algunhas rexillas de pluviais quedaron fora da súa posición funcional, é dicir, quedaron en medio da rúa, e non recollen a auga, e o existir desniveis a auga vai a través das rúas e as veces resulta bastante difícil cruzar, simplemente trataríase de instalar unhas novas rexillas na parte alta ao lado da beirarrúa.

Dilles que lles facilita se queren de todo isto unhas fotos, que lles podería facilitar.

Hai unha parcela sen edificar na rúa Alejandro Pérez Lugín, entre as rúas Manuel Vázquez Cacharrón e Josefa García Segret, os matorrais desta rúa invaden a beirarrúa, e considera a concelleira que neste caso, habería que requirir ao propietario que a limpe.

Con relación á iluminación, comenta que a iluminación dos viais que convive no solo urbano consolidado e no solo programado realizouse de acordo co proxecto de urbanización, pero isto, xenerou algunha distorsión nalgunhas zonas, concretamente, na rúa Alejandro Pérez Lugín, no tramo comprendido entre as rúas Josefa García Segret e a travesía do Restollal, na beirarrúa hai unha aliñación singular que responde ás vivendas existentes por ser solo urbano consolidado, e créase alí unha zona libre, a zona libre 54, que queda afundida con respecto rúa, e resolveuse cun fondo de saco e unha escaleira.

A iluminación conta con farolas “al tresbolillo” orientadas á calzada, e di que iso xera un déficit de iluminación na zona da escaleira co agravante de que como esta máis baixo, crea unha zona de sombra.

Durante a execución da obra o báculo situado ao lado tiña dúas luminarias, e cren que a instalación dunha luminaria a maiores melloraría a seguridade na zona da escaleira, e tamén podería facerse directamente pola empresa que ten o mantemento disto.

En canto á seguridade peonil e ao vial, o ámbito xeral resolveuse con multitude de escaleiras, algunhas, incluso, formando ángulos, cando se vai pola parte de arriba case non se ven as escaleiras, e resultan perigosas, e parécelles que algún elemento de balizamento ou algunha barandilla poderían mellorar a seguridade.

Ademais hai en xeral poucos itinerarios accesibles, concretamente na zona que indicaron antes que se tiña resolto cunha escaleira ao lado hai unha gardería. Di que algún día que pasou por alí a concelleira, veu que a maioría da xente cos carritos dos/as nenos/as pasa pola estrada, se se puidera facer unha pequena rampa xa que só son tres ou catro escalóns e ademais hai bastante espazo, parécelles que sería moi mellorable.

Por último nesa zona, fai uns meses houbo a caída dun coche, cre que pola falta de balizamento, entón colocar algún elemento de balizamento que indique a separación entre ese fondo de saco e a rúa principal melloraría a zona.

Para rematar, di, que está o tema da marquesiña, xusto a esa altura hai unha parada de autobús, no número 31, esa parada de autobús esta situada entre outras dúas paradas con marquesiña, pero esa non a ten, e moitas veces os condutores de autobús nin

sequera perciben que hai persoas nesa parada e seguen de largo sen parar, o que provoca bastantes enfados nos usuarios/as.

Por iso, cre, que aí debería colocarse unha marquesiña.

Esas son as demandas que recollen nesta moción, despois de ter falado cos veciños.

Toma a palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, **D. Rubén Cela Díaz**, que di que vai ser breve para non alongar a sesión, soamente vai explicar a posición de voto do seu grupo.

Están de acordo coa análise de necesidades que traslada a concelleira do Partido Popular, en base a interrelación cos/as veciños/as da zona, entenden que son todas actuacións menores, que non requiren dun excesivo esforzo nin técnico, nin económico, e polo tanto van votar favorablemente a esta moción.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, di que vai facer unhas pequenas observacións a esta moción do Partido Popular.

Con respecto a marquesiña, todos saben como se atopa esta parada, e que é necesaria a súa instalación, e como membro do Consello Municipal de TUSSA é seguir reclamando a súa instalación como xa teñen feito en varios consellos de administración.

Recorda que eles xa levaron aquí a algún pleno a solicitude de instalación de marquesiñas na zona da praza da Mercedes, di que van seguir solicitando ao igual que esta que realmente cren que é necesaria.

Con respecto a roza é necesaria efectivamente nesa parcela que indicou a concelleira, que realmente se atopa nun estado lamentable.

A carón desa zona hai parcelas municipais, fai alusión concretamente a que esta ao lado do pavillón do Restollal que é unha parcela municipal, e é o concello o que ten que dar exemplo, e tamén necesita ser desbrozada.

Respecto a seguridade peonil e vial, tal como dicía a señora Gutiérrez, é unha zona con multitude de escaleiras, unha zona con pouca visibilidade, e esta esa zona escolar, e como pedía a concelleira poñer unha rampa sería necesario e tería un custo pequeno.

Eles, o seu grupo, este tipo de actuacións xa as reclamaron. Recorda no pleno pasado que presentaron un rogo para que tamén eses problemas de accesibilidade, entón solicitan que esas pequenas actuacións se poden levar adiante, e por parte do grupo de goberno, se faga caso das peticións.

Ao igual pasa coa iluminación non só na contorna da gardería, o cal ten fácil solución como ben indicou a concelleira, Dona Teresa, pero noutras zonas da cidade, os veciños tamén teñen transmitido reclamacións, ou ben por non desbrozar convenientemente en zonas como Vite, Guadalupe, Almaciga, e tamén, o aparcamento próximo á zona da que estaban a falar, que é o aparcamento Luís Iglesias, son zonas que estaban a sufrir o mesmo problema.

Respecto á canalización de pluviais, el cre, que sería conveniente facer unha reurbanización da beirarrúa do Restollal, realmente é necesaria, hai moitos desniveis, e ademais houbo unha proposta nos orzamentos participativos a través dunha demanda veciñal, e cren que debería ser atendida.

Anuncia o voto favorable do seu grupo á moción do grupo municipal do Partido Popular. De todas maneiras quere dicir, que estas obras foron recepcionadas no ano 2010, e dende aquela houbo tempo suficiente para facer esta obra.

Don Jorge Duarte Vázquez, pasa a defender a postura do grupo de goberno en relación a moción do Partido Popular, e indica que teñen varias solicitudes de asociacións que poñen en evidencia pequenos problemas que moitas veces son cuestións de mantemento, rozas, e que se van abordando en función da capacidade que teñen cos contratos de mantemento, desbroces.

En concreto, nesta moción, fálase de obras de canalización de pluviais, que poderían abordar obras que ás veces teñen unha intervención máis importante, priorizan na actualidade na cidade obras no saneamento para evitar inundacións, están intentando priorizar en todas as actuacións aquelas que son máis necesarias e teñen maior demanda.

Cando se fala dos desbroces de parcelas que non son municipais, dende o concello se inician os expedientes pedíndolle aos interesados para que as limpen.

Fala tamén a moción de melloras de iluminación e de certos servizos, e que se están intentando responder con toda normalidade en toda a cidade.

O que si teñen claro que moitas veces todas estas demandas, que sinala son demandas históricas, como acaba de indicar o señor Gonzalo a reurbanización deste ámbito é do ano 2010, e a demanda segue, e seguen a recibir os escritos que presentan as asociacións de veciños de moitos barrios da cidade, dándolles os mesmos escritos que xa presentaron nos anos 2010, 2011, e seguen no mesmo.

Van abordando esas actuacións, pero priorizando en función da capacidade que teñen en canto a contratación, esas prioridades porque teñen que ter moi claro que se poden traer

hoxe a pleno e aprobar todas as demandas dos veciños de Pontepedriña, Conxo, etc., pero o di que o que teñen que facer dende o goberno é priorizar os fondos dos que dispoñen para ir facendo as obras que son máis necesarias e que lles poden facilitar a vida aos cidadáns.

Dentro das melloras que hai nesta moción, entenden que hai un problema de accesibilidade nunha urbanización que ten tan só seis-sete anos, e que cren que hai que ir acometendo esas obras en función da dispoñibilidade de fondos.

Con respecto a reurbanización do Restollal, cre que é unha das demandas históricas da cidade, entenden que é unha estrutura sobredimensionada con sete carrís, que non é o que demanda a cidade para unha vía urbana, e que cre que hai que abordala con máis profundidade.

Polo tanto, anuncia que se van abster porque entenden que escritos como este poderían vir a todos os plenos, e entende que como goberno municipal correspóndelles priorizar con seriedade as demandas que hai en todos os barrios, de maneira que se poida responder e xestionar mellor os fondos deste concello para solucionarlle os problemas, as demandas de todos/as os/as cidadáns desta cidade.

A xestión dos fondos públicos require actuar con cautela e priorizando os investimentos.

Dona Teresa Gutiérrez López, volve a tomar a palabra e di no pleno municipal hai que falar da vida municipal, a ela pedíronlle os veciños que trouxera este tema e por iso o fai.

Di, que ademais, analizando as cousas, algunhas das cousas que pediron nos as incluíu na súa proposta porque custaban moitos cartos, pero as cousas que foron incluídas teñen un custe moi baixo, son temas de servizos, que simplemente é molestarse en que o fagan.

E ela considera que esta proposta sería bo que fora apoiada.

Rematado o debate, da moción do Partido Popular sobre melloras no ámbito do SUNP-7, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a levar a cabo unha serie de melloras (canalización de pluviais, requirimento de roza en parcela sen edificar, mellora de iluminación, seguridade peonial e vial, mellora de accesibilidade e instalación de marquesiña) no ámbito do SUNP-7, en

concreto no espazo urbano delimitado polas rúas Xosé Antonio Souto Paz, Restollal e travesa da Estrada.

O Sr. Alcalde, di que a seguinte moción a tratar é do grupo municipal de Compostela Aberta relativa aos centros de internamento de persoas estranxeiras, con dúas emendas presentadas á mesma polos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE.

Toma a palabra para defender esta moción, **Dona Concepción Fernández Fernández**, que di en primeiro lugar con respecto ás emendas que obviamente está aceptada a do BNG, porque tiveron un erro, e a emenda do PSdeG-PSOE non a aceptan, pero si propón que se voten os puntos, os acordos de un en un, pero di que non aceptan a emenda de supresión.

Actualmente existen no estado español, sete centros de internamento de estranxeiros (Madrid, Barcelona, Valencia, Algeciras, Murcia, Las Palmas e Tenerife).

Os CIES non son centros penitenciarios e as súas funcións é reter persoas inmigrantes en situación administrativa irregular, privándoas de liberdade un máximo de setenta días, á espera na maioría dos casos da súa expulsión, na práctica son centros de detención de persoas que non cometeron ningún delito.

A opacidade que envolve a súa xestións sumada ás reiteradas denuncias relativas á violación de dereitos fundamentais das persoas internadas nos CIES, como o de asistencia sanitaria, defensa xurídica ou de asilo e refuxio, provoca que o seu grupo municipal, Compostela Aberta, manifeste a súa preocupación pola violación dos dereitos humanos nestes centros.

Prosegue coa exposición, e di que na noite do 19 de outubro un grupo de trinta e nove internos no CIE de Aluche, a onde se derivan as persoas procedentes de Galicia, iniciaron unha protesta no CIE que derivou en importantes incidentes.

Dende o comezo nin a Corporación do Concello de Madrid, nin os servizos de emerxencia tiveron acceso a información sobre o que acontecía, e tampouco se lles permitiu facilitar a mediación no conflito e a organizar en caso de ser necesario a intervención dos servizos municipais de emerxencias.

Tampouco as entidades cívicas, sociais e que traballan cos dereitos humanos puideron acceder nin recoller información do que estaba a suceder.

Concluída a protesta producíronse diferentes denuncias de malos tratos por parte das persoas internas e das entidades cívicas que traballan con estas persoas inmigrantes

dentro e fora dos CIE e expresaban o seu temor de que o Ministerio do Interior utilizase esta protesta para forzar a expulsión dos internos, que iniciaron ou participaron nela.

Esta semana no CIE de Murcia produciuse a fuga de algo máis dunha ducia de persoas, e as mesmas forzas de seguridade denunciaron que a situación nestes centros era insoportable, sen ningunha garantía de seguridade para os/as traballadores/as e menos aínda para as persoas internas, dadas as condicións da ocupación e sociosanitarias en que alí vivían.

O internamento administrativo de persoas inmigrantes é cuestionado polas organizacións internacionais de dereitos humanos, e polas organizacións sociais que traballan con persoas denunciando que non se pode reter a unha persoa por o único feito de cruzar unha fronteira ou non ter documentación administrativa.

Ningunha persoa pode ser retida por estar nunha situación administrativa irregular ou ilegal.

Di, que os concellos son as administracións máis próximas á cidadanía, todas as persoas son veciñas/os con papeis e sen papeis, regulares ou irregulares, e debe promover o desenvolvemento democrático e a igualdade de acceso e disfrute de dereitos, e reclamar a garantía dos principios e dereitos constitucionais e internacionais, recollidos na declaración universal de dereitos humanos ou na declaración de dereitos de asilo e refuxio.

Por iso o Concello de Santiago de Compostela quere expresar a súa posición a favor do peche dos CIE, como se aprobou nunha moción en novembro do ano pasado, e traen a debate e a aprobación deste pleno, os seguintes acordos:

En primeiro lugar, e dada a relevancia dos feitos acontecidos a madrugada do día 19 de outubro, solicitar ás autoridades que corresponda o esclarecemento dos mesmos, así como as consecuencias que se derivaron e actuacións producidas durante as setenta e dúas horas seguintes.

En segundo lugar, instar ao goberno do estado, a que inicie un proceso que conduza ao peche dos CIE que demostraron durante estes anos non conseguir os seus obxectivos institucionais e non respectar os dereitos humanos de veciños e veciñas, de persoas que os habitan.

E mentres non se pechan:

Esixir ao goberno do estado que non se expulse durante o tempo que proceda a investigación, aos 39 internos que protagonizaron a protesta do 19 de outubro.

Esixir ao goberno do estado que se adopten as medidas que sexan necesarias para o garantir o respecto absoluto dos dereitos humanos nos CIE.

Esixir transparencia na xestión cotiá destes centros e facilitar o acceso das entidades cidadás dedicadas ao apoio da poboación inmigrante.

Esixir unha atención social, sanitaria e xurídica efectiva e adecuada ás necesidades das persoas alí internadas.

E finalmente, esixir ao Congreso dos Deputados a inmediata posta en marcha, dunha mesa ou comisión parlamentaria que comece o proceso de traballo de cara a reformular a normativa referente a estranxeiría, incluíndo o peche dos CIE.

Don Rubén Cela Díaz, di que vai ser moi breve, só para explicar a posición de voto do seu grupo que será afirmativo.

Comenta que fai un ano o Foro Galego da inmigración contou coa apoio do Bloque Nacionalista Galego para presentación e aprobación, precisamente, no Concello da Coruña, dunha moción para que dita cidade, e o resto das cidades galegas, fosen declaradas libres de deportacións e de centros de internamento para estranxeiros/as.

A moción pretendía o compromiso dos concellos e da veciñanza coas persoas estranxeiras que pola mera situación de irregularidade administrativa, sufrían en ocasións, persecucións policiais, traslados e ingresos nos devanditos centros, e logo, as intolerables deportacións forzas e as veces violentas aos seus países de orixe.

O BNG mostraba daquela a solidariedade cos/as veciños/as da Coruña, e fano agora, cos/as veciños/as de Santiago, teñen ou non papeis, estean ou non censadas/as, e tamén co resto do país que sofre este tipo de abusos, e polo tanto, anuncia van votar favorablemente.

Intervén a continuación, o portavoz do grupo municipal Socialista, **Don Francisco Reyes Santiás**, recorda que xa en novembro do ano pasado se debateu neste pleno, unha moción nun sentido similar.

O Partido Socialista en relación aos centros de internamento de estranxeiros plantexa, que o que hai que facer por parte do novo Parlamento é derrogar a disposición adicional da Lei Orgánica de 2015, de protección da seguridade cidadá, que pretende legalizar as chamadas devolucións “en quente”, no espazo fronterizo entre Ceuta e Melilla e o territorio de Marrocos.

Entenden que hai que modificar o actual modelo de centros de internamento de estranxeiros, de acordo co principio de proporcionalidade, e en cada proposta de internamento deben ser tidas en conta as circunstancias individuais, e en especial o risco de incomparecencia por carecer de domicilio ou de documentación identificativa.

As atencións aos estranxeiros tendentes a evitar ou dificultara a expulsión, así como a existencia de condena ou sancións administrativas previas e doutros procesos penais, ou procedementos administrativos sancionadores pendentes.

Para salvagardar o carácter non penal destes centros, así os dereitos das persoas internas, é imprescindible revisar o regulamento de funcionamento e réxime interior e reforzar os medios que permitan o axeitado control xudicial dos mesmos.

Tense que revisar a composición exclusiva policial do persoal destes centros, e garantirse as condicións necesarias de hixiene e saúde, así, como a atención ás persoas internas mediante servizos de interprete, asistencia psico-social e sanitaria, e acceso dos servizos de defensa xurídica, hai que eliminar as trabas ao acceso a estes centros por parte das organizacións non gubernamentais de apoio a inmigrantes.

Tamén, continúa a dicir, é imprescindible mellorar procedementos administrativos, que permitan axilizar as concesións e renovacións de autorizacións, e especialmente, as de arraigamento e reagrupación familiar.

Entenden que é preciso elaborar unha estratexia de acollida e integración de persoas refuxiadas en coordinación e colaboración coas comunidades autónomas e as corporacións locais.

Entenden que se ten que aprobar o regulamento de desenvolvemento da Lei reguladora do dereito de asilo, e a protección subsidiaria, permitindo que se poidan aplicar todas as figuras xurídicas que están pendentes de desenvolvemento e incorporar as novidades introducidas pola modificación das directivas que conforman o sistema común de asilo Europeo.

Agradecen a Compostela Aberta que é quen presenta a moción que permita a votación dos puntos da mesma por separado.

Dona María Antón Vilasánchez, pasa a defender a posición do grupo municipal do Partido Popular en relación a esta moción.

Di que vai empezar polo final para chegar ao principio.

O voto do seu grupo vai ser de abstención, as razóns son as mesmas que as que esgrimiron no pleno de novembro do ano pasado, pódense ver na acta.

Quere dicir algo, di que está abraiada polo tratamento que Compostela Aberta, Bloque Nacionalista Galego e PSdeG-PSOE lle dan a este tema, pois segundo ela, as súas formas réstalles toda credibilidade, dilles que o seu, é postureo puro e duro.

Compostela Aberta copia a iniciativa da Coruña, pero non a lee co rigor que debera, e así resulta que Santiago de Compostela acaba avogando pola veciñanza da Coruña que está supostamente nun CIE.

O Bloque Nacionalista Galego emenda a moción, porque di, agora si tivo tempo de lela, e así emenda o erro de Compostela Aberta, para que non lle pase como a eles en novembro do ano pasado, cando presentaron unha moción moi similar a esta, contendo parágrafos que aludían “ao persoal contratado co desenvolvemento”.

Finalmente, pero non por iso menos importante, ao Partido Socialista, e desculpe señor Reyes, dille que non entende a súa emenda, solicita que se retire o acordo b), aquel que insta ao goberno a iniciar un proceso que conduza ao peche dos CIE, e mantén todo o demais.

Entende, polo que dixo o portavoz do grupo Socialista eles manterían os CIE, por outra banda algo lóxico, pois foi o Sr. González o que incluíu no ordenamento xurídico no ano 85, e que foi o señor Zapatero quen abriu precisamente este CIE de Aluche no ano 2005, dille que se debate entre o “ser e estar”.

Agora, dilles, que os teñen aquí aos tres grupos facendo demagogia cun tema serio, sensible, buscando titulares.

Pregúntalle a concelleira, e agradece que lle responda, para saber se ela fixo algo en cumprimento da moción que se aprobou no pasado mes de novembro neste pleno, moción que fora presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

E se realmente se instou a alguén para dar cumprimento do mandato deste pleno, debería enviar aos grupos escrito ou escritos ou comentar as tarefas que se fixeron para ese fin?

Dona Concepción Fernández Fernández, di que efectivamente, prepáranse mocións compartidas con outros concellos e grupos, xeran rede con aqueles que comparten ideas e principios fundamentais como o dos dereitos humanos, si sen problema, aquí e en Coruña.

Comenta que na Coruña hai unha asociación que recibe persoas refuxiadas e inmigrantes, acreditada polo goberno do estado, e que non hai ningunha en Santiago de Compostela.

En relación á moción do pleno de novembro, desafortunadamente, non teñen os concellos competencias en materia de inmigración, en materia de asilo e refuxio, nin de interior, por iso, dille que non poden levar a cabo máis accións que a que aquí se fai de instar a quen ten competencias para que vaia cumprindo, e dar o apoio do concello a visibilización e sensibilización e toma de conciencia sobre a situación que se vive dentro deses centros de internamento e viven as persoas que están neste país como inmigrantes ou estranxeiros.

Don Francisco Reyes Santiás, di que non pensaba intervir, pero diante da concelleira do Partido Popular vese obrigado a clarificar algunhas cuestións.

Primeiro, o goberno de Felipe González o que fixo coa lei de 85, foi quitarlle o carácter penal precisamente a estes centros.

E, Zapatero na Lei de 2009, que antes que o Xulgado emitira autorización para proceder o internamento, primeiro había que escoitar ao interesado e ao Ministerio Fiscal, cousa que non fixo o goberno Aznar.

Segundo, que en caso de enfermidade grave do estranxeiro se podía denegar por considerar contraproducente o internamento da persoa, cousa que non se fixo o goberno de Aznar.

Terceiro, que mentres o Parlamento Europeo fala de que se poden ter internadas estas persoas por un período de seis meses, e incluso no de doce meses, a lei de Zapatero establece un límite máximo de sesenta días, cousa que non fixo o goberno Aznar.

Por outra parte a lei Zapatero estableceu que se crearan nos CIE os servizos de asistencia social e sanitaria con dotación suficiente, cousa que non se fixo no goberno de Aznar.

E tamén dixo que a autoridade xudicial velaría polo respecto dos dereitos fundamentais dos estranxeiros ingresados, cousa que non se fixo no goberno de Aznar.

Con todo isto, eles anuncian que exceptuando o punto dous da moción, nos imos votar a favor de todos os demais, porque coinciden na modificación de xestión dos centros de internamento para estranxeiros e vanse abster no segundo punto, relativo á eliminación dos CIE.

Dona María Antón Vilasánchez, como conclusión di que o grupo Socialista esta a favor dos CIE, e a señora Fernández, non fixo ningunha actuación en relación á moción aprobada no mes de novembro do pasado ano.

Rematado o debate da moción do grupo municipal de Compostela Aberta relativa aos centros de internamento, o Pleno da Corporación:

1.- Por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

a) En primeiro lugar, e dada a relevancia dos feitos acontecidos a madrugada do 19 de outubro, solicitar ás autoridades que corresponda o esclarecemento dos mesmos, así como das consecuencias que se derivaron e das actuacións que se produciron durante as 72 horas seguintes.

b) Esixir ao Goberno do Estado que non se expulse durante o tempo que proceda a investigación, os 39 internos que protagonizaron a protesta do 19 de outubro, no seu libre exercicio do dereito constitucionalmente recoñecido de reunión pacífica (art. 21).

c) Esixir ao Goberno do Estado que adopte todas aquelas medidas que sexan necesarias para garantir o respecto absoluto dos Dereitos Humanos neste Centro e naqueles CIE do resto do territorio español.

d) Esixir transparencia na xestión cotiá destes Centros e facilitar o acceso das entidades cidadás dedicadas ao apoio á poboación inmigrante.

e) Esixir unha atención social, sanitaria e xurídica realmente efectivas e adecuadas ás necesidades das persoas internas.

f) Esixir ao Congreso dos Deputados a inmediata posta en marcha dunha mesa ou comisión parlamentaria que comece o proceso de traballo de cara a reformular toda a normativa referente a estranxeiría, incluíndo o peche dos CIE.

2.- Por 11 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (9 CA e 2 BNG) e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda instar o Goberno do Estado a que inicie un proceso que conduza ao peche dos Centro de Internamento de persoas Estranxeiras, que demostraron durante anos non conseguir os seus obxectivos institucionais e non

respectar de maneira significativa os dereitos humanos das veciñas e veciños que o habitan.

O **Sr. Alcalde**, di que pasan á penúltima das mocións que ten que ver cunha moción do Partido Socialista sobre a escola infantil municipal “Xardín da Infancia de Sta. Marta”.

Don Francisco Reyes Santiás, pasa a defender a moción do seu grupo.

En primeiro lugar di que lle gustaría darlle a benvida a este salón de plenos, a Chus e Ana como representantes da Asociación de nais e pais do Xardín de Infancia Sta. Marta, e quérelles pedir desculpas polo tempo que tiveron que esperar ata chegar a esta moción, e así mesmo, tamén agradecerlles dende o seu grupo, que nos ensinara no seu momento a escola e lles explicaran toda a labor que están a facer cos/as nenos/as.

Quere lembrar, como todo o mundo sabe, que a devandita escola está ubicada na rúa Escultor Ferreiro s/n, e non está integrada na rede de garderías municipais.

Por resolución do ano 1998, do concelleiro delegado de urbanismo, outorgou á asociación de pais e nais do Xardín de Infancia Santa Marta, licenza para apertura dunha escola infantil.

Ven desenvolvendo unha actividade satisfactoria dando atención educativa a rapaces e rapazas de 0 a 3 anos, favorecendo a conciliación da vida laboral e familiar dos pais e nais.

Neste curso, hai 19 nenos e nenas matriculados neste xardín de infancia.

O Concello de Santiago de Compostela no ano 1977 asumiu e levou adiante o compromiso de desmontar, trasladar e instalar dous albergues do barrio de Guadalupe á beira do campo de baloncesto da Choupana, con rede de sumidoiros, luz e auga para o xardín de infancia Sta. Marta.

Durante tres décadas o Concello de Santiago veu prestando os servizos de xardinería e mantemento non estruturais a través das súas brigadas e das empresas concesionarias.

A xestión desta gardería é un exemplo de autoxestión dunha ANPA, que supón un proxecto educativo baseado nunha educación infantil de calidade, proporcionada por persoal cualificado e que naceu como un proxecto social aberto a toda a veciñanza do barrio de Santa Marta-A Choupa.

Nestes momentos entenden que é necesario regular a colaboración entre a Asociación de nais e pais do xardín de infancia de Sta. Marta e o Concello de Santiago de Compostela.

Situación que entende que podería solventarse a través da sinatura dun convenio, pero que este esixe previamente iniciar un procedemento que resolva definitivamente o problema respecto da titularidade da parcela onde está situada a gardería.

Segundo o Catastro, a parcela é propiedade da Asociación de Veciños “José Antonio”, polo que hai unha presunción a favor da citada asociación, aínda que a día de hoxe, e polas investigacións que eles fixeron, non está rexistrada esta asociación, nin se está a abonar o IBI correspondente, polo menos dende o ano 2000.

Eles entenden, que cabe estudar a aplicación do artigo 1959 do Código Civil, é dicir, a prescripción adquisitiva do dominio extraordinaria e regulada.

Con posterioridade a esta adquisición do dominio, sería conveniente asinar un convenio entre o Concello de Santiago e Asociación de nais e pais do Xardín de Infancia de Sta. Marta, co obxecto de fixar as obrigas do Concello de Santiago respecto do mantemento da estrutura da escola infantil, así como dos investimentos que necesita a infraestrutura para o cumprimento da normativa e do proxecto docente, mantendo o modelo de xestión por parte da ANPA que leva 18 anos funcionando coa satisfacción dos/as usuarios/as.

Eles solicitan que se adopte un acordo para que o Concello de Santiago inicie un procedemento de prescripción adquisitiva de dominio, a fin de que se declare ao concello propietario da parcela catastral onde está situada a escola e dos bens inmoables situados na mesma.

E, con posterioridade á adquisición da propiedade, se asine un convenio entre o Concello de Santiago e Asociación de nais e pais do Xardín de Infancia de Sta. Marta, para permitir e asegurar que se manteña o mesmo proxecto educativo que se está a levar a cabo nesta escola.

Don Rubén Cela Díaz, di que vai explicar de xeito telegráfico a posición de voto do seu grupo, e antes, tamén quérelle darlles a benvida ás representantes da ANPA.

Eles están de acordo coa literalidade da proposta do grupo Socialista, e polo tanto van votar a favor da mesma.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, toma a palabra en representación do grupo municipal popular.

Antes de comezar a súa intervención, tamén saúda ás representantes da ANPA, e explica que o seu grupo tamén vai votar favorablemente esta moción do grupo Socialista nos termos nos que esta exposta.

Toma a palabra en representación do grupo municipal de Compostela Aberta, grupo de goberno, **Don Jorge Duarte Vázquez**, quen sinala que dende o concello son conscientes da problemática desta escola infantil.

Fixeron unha visita el mesmo máis o concelleiro de educación á mesma no mes de abril para ver o estado da gardería, e en canto ao tema da titularidade, comenta que poden anunciar que dende o día 8 de novembro está rexistrada a nome do Concello de Santiago, e no catastro xa aparece recoñecida a titularidade.

As xestións que se están a facer dende o concello, é segregar esta parcela para diferenciar o uso asistencial do que son as pistas deportivas e tamén para facer unha modificación puntual do planeamento e axustalo á realidade.

Di que non é obstáculo para dicir que a titularidade a día de hoxe é do concello, e poder facer un documento, de recoñecemento da cesión á asociación de pais e nais, representada aquí por Chus e Ana, para poder facer ese documento de recoñecemento de cesión en precario e a través dese documento poder acceder a axudas públicas, privadas, etc.

Ademais este recoñecemento permitiría que a escola infantil entrase dentro do listado de edificios de titularidade pública municipal que poderían ser obxecto de reparacións a través do contrato de mantemento.

Así mesmo, di, que con respecto ao mantemento das zonas axardinadas non debería de ter problemas, e se se lles pasa esa queixa ao departamento de parques e xardíns sería solucionado o tema, porque é un espazo público.

O futuro da escola, entenden e o obxectivo do goberno municipal, é non renunciar a dotarse dunha escola infantil do tamaño que require a cidade e o barrio de Santa Marta, que poida ser un edificio de nova construción e poder integrar dentro desa xestión á asociación de pais e nais que leva traxectoria moi solvente ao longo dos últimos anos en canto a súa independencia e educación dos/as nenos/as.

Anuncia o voto favorable do seu grupo.

Don Francisco Reyes Santiás, quere agradecer o voto favorable dos grupos municipais e quere pedir que coa maior brevidade posible se lle poida achegar a asociación de pais

e nais da escola o título de dominio a favor do concello, e asinar o antes posible ese convenio.

Rematado o debate da moción do grupo municipal Socialista en relación coa escola infantil de “Xardín da Infancia de Santa Marta”, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

1.- Que o Concello de Santiago inicie o procedemento de Prescripción Adquisitiva de Dominio, a fin de que se declare ao concello Propietario da parcela catastral 5967623 NH 3456 H 0001WQ e dos bens inmobles e instalacións situados na mesma.

2.- Que con posterioridade á adquisición da propiedade, se asine un convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Nais e Pais do Xardín de Infancia Santa Marta, para permitir e asegurar que se manteña o mesmo proxecto educativo que se ven realizando na escola infantil Xardín de Infancia Santa Marta.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde**, para dicir que están ante a última das mocións presentada polo Partido Popular sobre o servizo de incineración no Tanatorio Municipal de Boisaca.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, toma a palabra en representación do grupo municipal do Partido Popular.

Comenta que como xa sabe o goberno de Compostela Aberta, dende fai varias semanas no tanatorio municipal xa non se presta o servizo de incineración, parece ser que o forno crematorio esta estropeado, e ao parecer di que é necesaria a adquisición dun novo, e incluso, comenta, que hai que facer unha obra nas instalacións.

Di, que isto, corresponderíalle á Sociedade Mercantil que xestiona esta instalación acometer estas actuacións, pero que lle corresponde ao goberno municipal esixirllelo.

Debido a este problema, moitas familias vense obrigadas a desprazarse a outras localidades galegas, Coruña, Ferrol, Pontevedra para incinerar os corpos dos seus achegados, nunha situación emocional delicada este desprazamento imprevisto supónlles unha prolongación do proceso funerario e unha perda de acompañamentos en momentos difíciles, e a este dano moral súmase o feito de que os familiares da persoa falecida teñen que soportar uns custes engadidos do traslado a outras localidades.

Á vista desta situación o grupo Popular con carácter urxente insta ao goberno:

Primeiro: a actuar coa máxima dilixencia en orde a esixir á empresa as responsabilidades que correspondan.

A primeira delas, dende logo é a reactivación do servizo de incineración sen dilacións.

Di, que resulta curioso comprobar, que os revolucionarios de esquerdas, que ían controlar con rigor e a disciplinar sen contemplacións ás grandes empresas que xestionan servizos municipais, acaben por entregarlles o pleno dominio lucrativo dos servizos públicos.

Segue a dicirlles que non poden controlar nada, nin tanatorio, nin cemiterio, nin nada, por qué, porque en termos ideolóxicos e en termos competencias dilles que son un goberno zombie, etc.

Prosegue a dicir que o forno crematorio estropeouse o 13 de outubro, e non se coñece ningunha resposta minimamente efectiva do goberno municipal.

Solicítanlle tamén ao goberno municipal que tramiten coa máxima dilixencia as autorizacións ou actos administrativos que resulten necesarios para activar o servizo, e como comentaba antes, sería preciso facer algunha obra, o que conleva a licenza, autorización ambiental, etc.

Os usos funerarios están cambiando e cada vez, comenta, que hai máis persoas que optan pola incineración, e non debe o concello coa súa inactividade condenar a unhas persoas a asumir custes emocionais ou económicos derivados dun mal funcionamento dun servizo público.

E no segundo punto da moción, instan, ao goberno a coñecer o alcance da situación xerada en canto ao número de afectados e o prexuízo ocasionado aos mesmos.

O concello de acordo co artigo 9 do prego de condicións, pode requirir ao concesionario a documentación que considere conveniente para coñecer o alcance das persoas afectadas.

Así mesmo, tamén instan ao concello a estudar as posibilidades que as persoas afectadas obteñan, eles entenden que a cargo da empresa concesionaria, un resarcimento económico, un resarcimento polo incremento dos custes que lles supuxo o traslado das persoas falecidas a outras localidades, e se é o caso, un resarcimento polos danos morais que se puidera ter producido.

Para rematar, di que non descartan ter que volver a este pleno, para tratar cuestións relativas aos servizos funerarios e aos servizos mortuorios, son servizos que afectan a todos, e todos son un público cautivo, e son uns servizos que se ofrecen cando as condicións anímicas das persoas que o solicitan non son as máis adecuadas para

contratar ou esixir os seus dereitos, polo que a prestación destes servizos require dunha especial vixilancia no caso de que os mesmos sexan ofrecidos en réxime de monopolio ou ben, a prestación destes servizos poida requirir dun impulso liberalizador que estimule unha mellor oferta.

A urxencia, é a de recuperar o funcionamento do servizo de incineración dunha instalación pública, e polo que esperan, que se atenda esta moción.

Don Rubén Cela Díaz, toma a palabra en representación do BNG, di que van votar favorablemente a esta moción do Partido Popular, e ademais comparten o carácter de urxencia sobrevido e xustificado hoxe en xunta de portavoces.

Certamente como comentaba o señor Brunete, cre que hai poucas situacións na vida dunha persoa tan duras como a morte dun familiar ou un ser querido, e cre que nese sentido, o concello ten que ser especialmente sensible a respecto dos prexuízos xa non só dos económicos, que tamén, pero fundamentalmente emocionais de ter un ser querido que tiña entre as súas vontades ser incinerado, e que teñan que desprazarse a outra localidade galega a realizar ese servizo, porque na capital de Galiza, non se oferta nun establecemento que é público de carácter municipal.

Polo tanto, subscriben a moción do Partido Popular no que ten que ver coa urxencia de solucionar o problema.

Don Francisco Reyes Santias, di que eles sempre insisten dende o seu grupo, que cando se decide tomar a decisión de xestionar por vía da concesión un servizo público, o que se fai iso, mudar a forma de xestión, e a responsabilidade segue a ser do concello, e polo tanto, a responsabilidade de controlar o que fai a empresa concesionaria.

Con respecto a esta moción, gustaríalles saber tres cousas:

Cando se tivo coñecemento por parte do concello da avaría do forno crematorio?

Cando se solicitou a información ao servizo técnico para que fixera a avaliación correspondente da cuestión?

E terceiro, se é certo que se ten asinado o requirimento á empresa hoxe pola mañá?

Con respecto á cuestión do resarcimento, descoñecen se ten algún dano ou custes para os usuarios, pero si entenden que o concello ten que poñerse a disposición dos/as veciños/as para asesorarlles naquelas accións a emprender diante da empresa concesionaria.

Anuncia o voto favorable do seu grupo.

Don Xan Duro Fernández, toma a palabra en representación do grupo de goberno, e anuncia tamén o voto favorable do seu grupo a esta moción.

E dille, ao señor Brunete, que obviando o mal gusto que ten e que agás os seus compañeiros de grupo o resto da casa as gargalladas foron escoitadas por todos lados.

Efectivamente, este concello tivo constancia desa avaría o día 28 de outubro de 2016, e efectivamente se lle requiriu a empresa a inmediata solución, e agora mesmo, tamén que nun prazo máximo de cinco días, de que informen de prazos e situación actual e se lles apercibe de que están a incorrer nunha infracción moi grave do contrato, e procederán nese sentido a abrir o expediente correspondente.

Lamentan as molestias que supuxo para todo o mundo.

Tamén lle ao señor Brunete, que coa súa actitude, primeiro fáltalles ao respecto aos funcionarios deste concello na execución do seu traballo.

E volve a repetirlle ao Sr. Brunete, que ten moi mal gusto nas súas intervencións.

Toma a palabra novamente o **Sr. Sánchez-Brunete Varela**, e dille que grazas a mesma que cando os identificaron cunhas “ratas” nunha publicación.

Rematado o debate da moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre o servizo de incineración no Tanatorio de Boisaca, o Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

Primeiro.- Actuar coa máxima dilixencia en orde á esixir a empresa mercantil as responsabilidades que correspondan, e primeiramente a prestación do servizo de incineración sen dilacións innecesarias, e en orde a tramitar administrativamente a posta en funcionamento do novo forno

Segundo.- A coñecer o alcance deste mal funcionamento dun servizo público básico en canto ao número de afectados e a o prexuízo causado aos mesmos, e a estudar as posibilidades de que as persoas afectadas obteñan un resarcimento económico polo aumento de custes que lles supuxo o traslado a outras localidades e, se é o caso, polo propio dano moral.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 21 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certificado.

O alcalde-presidente,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral do Pleno,

Asdo: Fco. Javier Castiñeira Izquierdo